

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 16

SESION ORDINARIA DO 26 DE XULLO DE 2004

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa
Alonso Vázquez, Xulio
Arias Moreira, José Carlos
Barros Puente, Miguel
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Couto Pérez, José Manuel
Domínguez Olveira, Santiago Xosé
Fernández Davila, María Olaia
Fernández Fernández, Amador
Figueroa Vila, José Manuel
Graña Barcia, María Luisa

Iglesias Carrera, José Manuel
López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Méndez Piñeiro, María José
Molares Pérez, Lucía Emilia
Pérez Castrillo, Lois
Pérez Mariño, Ventura
Polo Lima, María Soledad
Porteiro García, María Josefa
Ruiz Cenicerros, Mauricio
Sío Lourido, Belén
Soto Ferreiro, Manoel
Toba Girón, Xabier

NON ASISTEN:

Calviño Rodríguez, Julio
Guerra Fernández, Javier Jorge
Martíns Vilanova, Margarida Rosa

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e quince minutos do día vinteseis do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro e Toba Girón, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. Calviño Rodríguez Guerra Fernández (xustifica a súa ausencia) e

Martíns Vilanova. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA SRA. ALCALDESA.- Antes de comezar o Pleno poñámonos en pé para gardar un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de xénero durante este mes.

Neste intre todos os presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (186).-ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS 19, 24, 31.05.04 E 14.06.04)

Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes ás sesións extraordinarias de 19 e 24 de maio, ordinaria de 31 de maio e extraordinaria e urxente do 14 de xuño de 2004.

2.- (187).-CAMBIO DE REPRESENTANTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE NO PLENO DO CONSORCIO DA ZONA FRANCA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data do 13 de xullo de 2004, o voceiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, propón o cambio da concelleira D^a M^a Xosefa Porteiro García, nomeada membro do Pleno do Consorcio da Zona Franca no Pleno desta Corporación na súa sesión do 19 de xaneiro de 2004, polo concelleiro do mesmo grupo don Xulio Calviño Rodríguez.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Nomear ó concelleiro do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE don Xulio Calviño Rodríguez membro do Pleno do Consorcio da Zona Franca de Vigo en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a M^a Xosefa Porteiro García.

3.- (188).-PROPOSTA DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, A AUTORIDADE PORTUARIA E O CONCELLO DE VIGO PARA CONSTRUCCIÓN DO PAZO DE CONGRESOS E EXPOSICIÓNS.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 19 de xullo de 2004 polo técnico de administración xeral, Sr. Díaz del Río Fery:

“Por Decreto da Alcaldía do 16 de xullo de 2004 ordénase ó departamento de Novos Proxectos a instrucción do correspondente expediente administrativo para a tramitación da proposta de convenio remitida por correo electrónico dende a Consellería de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galiza, e de ser o caso propoñer a resolución que proceda ó órgano que lle corresponda do Concello.

Trátase dun convenio de colaboración entre Administracións Públicas-Xunta de Galiza, Autoridade Portuaria e Concello- dos previstos nos artigos 9 e 6 da Lei 30/1992, do 26 de novembro e excluído do ámbito de aplicación do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xullo polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

Na elaboración da proposta de convenio remitida participou activamente o Concello en defensa dos seus intereses, a través do Secretario Xeral do Pleno e o que subscribe, adaptando unha primitiva proposta ó réxime xurídico local tendo en conta a nova Lei 13/2003, do 23 de maio reguladora do contrato de concesión de obra pública, ó estimar, en principio, que será o réxime xurídico que garante a viabilidade da construción e explotación do Auditorio mediante financiamento polo adxudicatario das denominadas na concesión actual e no Plan Especial do Porto de Vigo “Instalacións Complementarias”, sen descartar outras formas que poidan ser elixidas a resultas do estudo de viabilidade que se deberá tramitar por imperativo legal previamente á selección do contratista.

Nos termos da colaboración regulados no convenio, que consisten en establecer as bases da cooperación técnica e económica para a construción e explotación do auditorio e da zona complementaria, no aspecto económico destácase que a participación da Xunta de Galiza incrementase en tres millóns de euros da prevista no principio das conversas coa Consellería no ano 2001 e ascende ós 18.575.000 € reducíndose na mesma cantidade a aportación do Concello fixándoa en 12.000.000 € que se distribuen en catro anualidades.

Ditas aportacións contémpanse como financiamento público da execución das obras e non como pagamento das mesmas, cuestión de importancia ó poder ser satisfeitas unha vez terminadas as mesmas e que deberá especificarse no correspondente prego regulador do concurso que se convoque.

A asistencia técnica que presta a Xunta consiste en asumir o encargo da realización do estudo de viabilidade económica que esixe a Lei 13/2003 e a colaboración na elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares regulador do concurso que se convoque aportando o proxecto de demolición das edificacións actuais existentes e o anteprojecto de construción e explotación, tendo o carácter de anteprojecto constructivo para que os licitadores poidan realizar unha diferente asignación de usos entre os contemplados no planeamento vixente co fin de conseguir, de ser posible, incrementar a financiación privada do auditorio con redución do financiamento público.

Para coordinar as actuacións durante o proceso da selección do contratista establécese que no prego de condicións se regulará a constitución dunha Comisión Técnica paritaria que asistirá á Mesa de contratación propia do Concello para a valoración das proposicións que se presenten ó concurso e constituirase unha comisión para o seguimento e interpretación das accións establecidas no convenio.

A participación da Autoridade Portuaria pode dicirse que é testimonial limitándose a facilitar cantas actuacións sexan necesarias para axilizar os trámites nos outorgamentos precisos, de ser o caso, para a adquisición da propiedade dos terreos polo Concello e na iniciativa na modificación do planeamento (exclusión das parcelas do dominio público portuario).

Os restantes compromisos que poidan derivarse das cláusulas do texto do convenio son os propios do cumprimento da lexislación vixente polas Administracións participantes.

Polo que respecta ó órgano do Concello competente para a adopción do acordo de aprobación da proposta do convenio, dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, correspondería á Xunta de Goberno Local (art. 127), agora ben, en todas as actuacións habidas dende o ano 1998 coa realización dunha sesión do Consello económico social clareouse que coa finalidade de obter os dereitos concesionais sobre as parcelas onde se ubica a "Casa Mar" e posteriormente a construción do Auditorio-Pazo de Congresos na cidade todas as actuacións municipais fosen tratadas polo Pleno da Corporación, o consideralo un asunto da cidade, criterio mantido dende entón por todos os responsables políticos municipais."

Polo anteriormente exposto o Sr. Díaz del Río formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

No expediente figura informe da mesma data 19 de xullo, emitido polo xefe de Contabilidade e conformado pola interventora xeral.

DEBATE.- A PRESIDENCIA: O obxecto deste convenio é que o Concello de Vigo autorice a sinatura do convenio mentres que está á espera de que o Ministerio de Fomento ceda os terreos gratuitamente ó Concello para poder licitar as obras.

Con respecto a este tema teño que dicir que tanto no encontro co Secretario de Estado como co Secretario Xeral de Infraestructuras, don Antonio Monfor, co que falei a semana pasada, adelantoume que no mes de setembro estaría xa rematado todo o proceso.

Querería lembrar que o auditorio contribuirá a xerar un importante desenvolvemento comercial e terciario que vai posibilitar a participación da iniciativa privada no seu financiamento e no desenvolvemento dunha importante actividade económica da cidade. Prevese unha zona de exposicións complementaria á actividade congresual cunha superficie aproximada de 2000 m².

As superficies totais construídas achéganse a 59.350 m² para o auditorio e para os usos previstos na zona complementaria, ademais dos previstos para o aparcadoiro subterráneo. A xeometría das parcelas tamén permitirá disfrutar ós usuarios das vistas sobre a ría de Vigo. O orzamento total dos investimentos descritos acada unha cifra aproximada de 96 millóns de euros. O sector privado colaborará no financiamento da construción do auditorio, asumirá de forma exclusiva o financiamento e a construción da zona complementaria e asumirá a explotación do auditorio e máis da zona complementaria.

Tamén hai que dicir que o programa constructivo confórmase por un auditorio principal cun aforo total de 2.300 prazas; a superficie construída destinada a auditorio-pazo de congresos acadará os 25.000 m² e o auditorio permitirá así mesmo a realización de actuacións musicais e culturais axeitada ás necesidades e demandas existentes.

Os usos complementarios para esta zona, aínda que deberán ser definidos en detalle polo futuro concesionario entre os previstos no planeamento vixente, de xeito indicativo podería albergar dende un hotel de 7.000 m² de superficie, con 120 habitacións, unha área destinada ó comercio e ó lecer cunha superficie construída de 27.350 m² compatible co uso de oficinas e centro de negocios, un aparcadoiro subterráneo que contará cunha superficie construída de 30.388 m² e unha capacidade máxima aproximada de 704 prazas.

A administración pública e o sector privado deben concorrer ó financiamento do obxecto antes sinalado. A administración pública aportará os terreos nos

que se van desenvolver as obras e contribuirá ó deseño e construción do auditorio. O sector privado colaborará no financiamento da construción do auditorio, asumirá de xeito exclusivo o financiamento e construción da zona complementaria e tamén asumirá a explotación do auditorio da zona complementaria.

Ademais a Xunta e o Concello de Vigo obríganse a colaborar para obter fondos doutras administracións públicas, españolas, da Unión Europea, de organismos internacionais ou persoas privadas que poidan contribuir ó financiamento das actuacións previstas. De ser o caso tales fondos aplicaranse a reducir as achegas de xeito proporcional ás que figuran no presente convenio.

A Xunta comprométese a realizar as actuacións oportunas para a redacción do proxecto de demolición das edificacións actuais, do anteprojecto de construción e explotación, do estudo de viabilidade da construción e explotación e colaborará co Concello de Vigo na elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares do concurso que se convoque para a execución das actuacións previstas.

Contribuirá ó financiamento de execución das obras de construción do auditorio cunha achega de 18.570.000 euros. O compromiso do Concello tamén vai ser por suposto someter a información pública o anteprojecto de construción e explotación da obra que redacte a Consellería, outorgando, de ser o caso, a posterior e preceptiva aprobación.

A contribución ó financiamento das actuacións será unha aportación económica de 12 millóns de euros. Estes cartos destinaranse ó financiamento da tramitación do concurso público e ó co-financiamento da construción do auditorio. A contribución da Autoridade Portuaria en definitiva é a de conquistar a transmisión plena da titulariedade das parcelas afectadas ó Concello.

SR. SOTO FERREIRO: Nós ímonos abster neste convenio. Tomen a nosa abstención en dúas direccións: a primeira como un voto moral absolutamente en contra por cómo están a tratar este tema.

A segunda e a razón de ser da abstención, é porque nos inventamos unha dúbida legal que non temos para lles dicir que por nós que non sexa, porque nós estamos tan interesados coma toda a cidade de Vigo en que se constrúa canto antes o pazo de congresos e exposicións, pero dende logo que a trapallada coa que se ten feito este tema e que segue a se facer pódenos

levar outra vez ás pedras, Sra. Alcaldesa. Espero, desexo e rezo para que ninguén reclame. Como reclame calquera cidadán este tema vai abaixo e custaralle ó Concello de Vigo e por tanto ós cidadáns vigueses o que lle teña que custar.

Malia iso debatémonos entre qué facer e abstémonos porque non seremos nós quen iniciemos camiños de reclamación nesa dirección pero de ningún modo queremos facernos responsables polo xeito de tratar este tema.

Non pode sorprenden a moitos que digamos isto porque xa na Corporación pasada intervimos neste tema en dúas ocasións. Unha presentando unha moción sobre o pazo de exposicións e congresos de Casa Mar que rexeitou o Pleno da Corporación de entón e moi especialmente polo seu Goberno que conformaban Bloque e Partido Socialista, cítoos por orde de importancia daquela dos partidos na Corporación. Diciamos daquela que se incumprían os artigos 31, 49, 54 da Lei de Portos, así como o 80, 127 da Lei de Patrimonio do Estado porque evidentemente se estaba a facer, e seguimos metidos nesa burbulla, un claro fraude de Lei. Nunca tivo o Concello a máis mínima intención de explotar as instalacións de Casa Mar para facer explotacións de peixe que era para o que era e é a concesión que había e hai en Casa Mar. O Plan de usos do Porto non contemplaba a máis mínima posibilidade de que alí se foran facer nin hoteis nin outro tipo de servizos.

Logo empezaron as modificacións e seguimos metidos nesa burbulla. Denunciamos entón cos oídos xordos dos demais grupos da Corporación que custoulle ó Concello máis de mil millóns de pesetas. Mercamos unha concesión que non tiñamos porqué o facer porque non funcionaba dende había non sei cantos anos como era público e notorio para todos os vigueses, sinxelamente a Autoridade Portuaria debía ter iniciado un expediente de caducidade por non cumprir os fins da concesión e por tanto esa concesión quedar a cero. Concesión que logo a Autoridade Portuaria, se había unha solicitude do Concello para establecer alí un pazo de exposicións e congresos, tería que modificar a lei de usos, cumprir os trámites para que Fomento dera o visto e prace, primeiro como Fomento e logo Patrimonio do Estado para desafectar os terreos e pasarllos por unha, por cero ou polas pesetas que fose ó Concello de Vigo.

Non se fixo ningún deses trámites e seguimos cabalgando na burbulla da trampa legal e algún día pódenos estoupar a todos nos focinhos.

Non me vou estender demasiado pero cando se fixo unha tramitación dunha modificación do plan do Porto, nós tamén fixemos alegacións a aquela

tramitación, alegacións que indicaban que antes que ter un plan especial había que facer un plan de usos, falabamos dunha morea de artigos legais que están nesa alegación que fixemos formalmente e que nunca obtivo resposta.

Díxenlle que non ía ser prolixo na explicación e non o vou ser. Conste o que dixen ó principio: polo xeito tan atrapallado e tan duramente custoso para os vigueses, moralmente entendan que votamos en contra aínda que, para non obstruír unha necesidade tan grande para Vigo como é a construción dun pazo de congresos, abstémonos.

SR. PÉREZ CASTRILLO: O auditorio-pazo de congresos é un proxecto de cidade.

Neste intre, sendo as nove horas e vintecinco minutos, interrómpease a sesión por berros por parte do público asistente no salón, manifestando a Alcaldía-Presidencia que se suspende o Pleno. Reanúdase a sesión ás nove horas e corenta minutos.

SR. PEREZ CASTRILLO: Como ía dicindo o pazo de congresos e auditorio é un proxecto de cidade que a súa xestación leva xa algúns anos, consideramos polo tanto que non temos nada que dicir a este convenio. Substancialmente o seu contido traduce conversas mantidas coa Consellería de Política Territorial dende hai tempo. As características globais do proxecto enunciadas son as que se teñen falado e os montos de aportación económica, pública e privada, en liñas xerais tamén.

Por tanto ven sendo a plasmación dun conxunto de conversas mantidas por diferentes responsables políticos de diferentes gobernos de diferentes Corporacións ó longo do tempo e por tanto nós si o imos apoiar.

Si temos que dicir que este convenio ben se puido aprobar por parte do Consello da Xunta xa hai tres ou catro meses tendo en conta que é sinxelamente o protocolo que rexe a colaboración entre as Administracións e os pasos que se teñen que dar para a execución do pazo de congresos; iso estaba claro dende hai meses.

Non é un retraso importante pero si nos gustaría que isto non fose un precedente e que fose acumulando retrasos en tramitacións que levara á finalización do pazo de congresos con esta acumulación de retrasos innecesaria se retardara máis do desexable.

Dicir tamén que para evitar retrasos coido que o que sería bo é traballar en paralelo e mentres non veña o estudo de viabilidade e o proxecto por parte da Consellería de Política Territorial, que os servizos técnicos do Concello vaian elaborando o prego de bases técnicas e administrativas que han de rexer o concurso, que o vaíamos discutindo e sería desexable que antes de rematar o ano se se traballa ben tiveramos a debate o prego de bases, o estudo de viabilidade e mesmo o anteprojecto. Polo tanto nós propoñemos que se traballe con lixeireza e en paralelo ás diferentes administracións.

Si temos unha petición que facer á Corporación e é que os grupos municipais teñan participación no que é todo o proceso. Tamen propoñemos que se creara ou ben unha comisión especial ou algunha comisión do Pleno que fixera un seguimento de todo o proceso derivado deste convenio dende agora ata o remate das obras e que os diferentes grupos foramos achegando propostas e recibindo información do estado da tramitación e mesmo que houbera una participación proporcional da Corporación na Mesa de Contratación.

Por último dicir que, en canto á achega de fondos públicos, cremos que, como ben di o convenio, non se deben esgotar na achega de fondos autonómicos ou fondos municipais e que polo tanto a referencia ós fondos europeos ou fondos doutras administracións débese tomar en serio, como un deber por parte do goberno municipal e buscar a posibilidade de que haxa algún tipo de financiamento europeo que redunde na minoración da aportación municipal á execución da obra. Así como non estaría de máis que a Deputación Provincial contribuíra cunha achega a esta aportación pública. Polo tanto, con estas propostas e estas matizacións vaia o noso apoio para un proxecto que consideramos fundamental para esta cidade e co que ademáis estamos todos os grupos de acordo unanimemente dende hai anos.

SR. PÉREZ MARIÑO: Bos días, moitas gracias señora alcaldesa. En primeiro lugar, se vostede me permite, teño que facer unha mínima reflexión sobre os incidentes que xurdiron esta mañá neste Pleno municipal. Con independencia da maior ou menor legalidade das solicitudes dos traballadores de Álvarez, é un feito certo que unha fábrica que foi en tempos pasados...

SRA. ALCALDESA: Señor Pérez Mariño, eu rogaríalle que o fixera mellor en rogos e preguntas e agora falamos do punto da orde do día.

SR. PÉREZ MARIÑO: Exporeillo a última hora da mañá.

Centrándome por tanto neste proxecto de convenio para asinar entre a Consellería de Política Territorial, a Autoridade Portuaria e este Concello, cuxa responsabilidade nos atinxe, hei de lle dicir que se trata dun proxecto dunha importancia enorme para a cidade por razóns obxectivas e subxectivas. Por razóns obxectivas polo que ten de aportación e de necesidade para o turismo, para a cultura, para a realización da personalidade dos cidadáns da nosa cidade a traves dun medio como é unha sede, un pazo de congresos, un auditorio nun lugar privilexiado.

Por isto non debo deixar de expresar a nosa alegría porque este momento no que estamos sexa un dos comezos dun empuxón para que isto se leve a cabo. Necesíao a cidade tamén noutra orde de cousas con valores máis intanxibles, con valores subxectivos porque se centrou, non sen razón, a falta ou carencia do auditorio do Pazo de Congresos como unha desas reivindicacións que unha cidade ten e que lle serven para conformar a súa posición comparativa co resto das cidades. Indubidablemente estamos nunha situación negativa, comparativamente falando, co resto das cidades de Galiza, etc. que acadaron xa ter unha sede pública para expresar os seus sentimentos pola cultura e o turismo e para participar neles.

Dito isto comprenderá, señora alcaldesa, que nós imos votar a favor pero con bastante preocupación e non crea vostede que estamos exercendo de oposición porque se o fixeramos diríamoslle que non a este convenio. Imos facer unha oposición, xa non constructiva, senón máis que constructiva para lle dicir que este convenio, se vostede non se encarga de o modificar, párecenos que vai ser un pequeno desatino e dígoo sen poñer ningunha tinguidura demagóxica.

É moi pouco documento o que temos diante para levar a cabo isto e nel, tamen un pouco por riba, atópanse os problemas seguintes.

O primeiro é un elemento fundamental: ¿Quén vai financiar os noventa e seis millóns de euros que se prevén de proxecto? Primeiro habería que se preguntar por qué noventa e seis millóns de euros porque se di aproximadamente e coido que non existe un soporte documental o suficientemente serio como para chegar a isto. E deses noventa e seis millóns hai trinta millóns, dezaeito que vai poñer a Xunta de Galiza e doce que vai poñer o Concello e o resto non sabemos quen o vai poñer. É dicir, quedan sesenta e seis millóns de euros ó azar da iniciativa privada que,

cos cadernos que realizou IDOM, non sabemos que acollida tiveron nela, non temos ningunha constancia dos mesmos, ou polo menos nós. Polo tanto neste momento e con este convenio nos quedan practicamente dous tercios do financiamento collidos non se sabe por onde ou porque, senon que quedan ó azar.

O texto do convenio esta feito tan á lixeira que na cláusula terceira, apartado terceiro, cando se di con qué contribue a Xunta e sinála que contribue con dezaoito millóns cincocentos setenta mil euros. Pois unha sinxela suma danos que o que contribue nas anualidades son vinte millóns trescentos mil euros. É dicir, que hai aquí un desaxuste matématico puramente obxectivo dun millón seiscentos mil euros. Léao vostede con detemento e verao porque non é que nós queramos ir collendo erros pero é que se establece cinco anualidades para o pagamento deses dezaoito millóns cincocentos setenta mil e as pormenoriza sae un millón seiscentos mil euros de máis.

Tamén se di na cláusula primeira deste convenio que a explotación se pode facer conxuntamente co Auditorio-Pazo de Congressos e na cláusula segunda se di que asumirá de forma exclusiva o financiamento o que tamén é unha contradicción importante. E non se di nada do máis fundamental porque, señora alcaldesa, isto, como recolle o convenio, adxudicouse no seu momento á UTE César Portela-IDOM e curiosamente quen fai os estudos posteriores de viabilidade do proxecto é IDOM, encargado pola Consellería de Ordenación do Territorio. Eu non sei con qué criterio se pode facer iso porque ¿qué vai dicir IDON? Pois que todo é fácil e sinxelo, que non ten ningún problema porque quere levar adiante unha obra na que gañou o concurso en UTE con César Portela. Non o entendemos.

Pero é que ademáis IDOM, no seu afán de minimizar os problemas que podería ter a construción do Pazo de Congressos, no seu estudo de viabilidade presentou elementos que fan que o Pazo de Congressos naza cercenado de posibilidades. Voulle poñer uns exemplos.

Hai uns dous meses presentouse unha obra de Verdi en Vigo, Fanstac, e o resultado foi moi pobre porque no escenario, na platea do García Barbón soamente collen corenta músicos cando para esta ópera utilízanse setenta. En troques, no caderno de IDOM está facéndose unha previsión exactamente igual á que ten o teatro García Barbón. Dentro de dous meses, o próximo dous de outubro, vaise representar en Vigo Tosca. Ven a orquestra sinfónica de Castilla e León e con ela tiñan que vir setenta músicos. Non virá. Como

isto é unha iniciativa de "Amigos da Ópera da cidade da Coruña" días antes celebrárase na Coruña con moito máis boato e moita máis enxulla.

No convenio acórdase que a Xunta vai colaborar no financiamento dos proxectos de demolición. Eu non lle quero traer a vostede as súas declaracións, señora Porro, pero o vinteseis de agosto de dous mil tres, pódese ver na hemeroteca que teño aquí, se dicía: "Porro esixe que o Concello pague a derruba de Casa Mar. A voceira popular acusa ó alcade de botar balons fóra". E dicía máis: "O edificio pódese vir abaixo en calquera momento. Ante temas urxentes e de risco non se pode andar con covardías". Levábamos nós na Alcaldía dous meses, leva vostede sete meses e medio e, utilizando o mesmo criterio, fíxese onde chegará a súa covardía.

Pero eu sei que non é unha covardía, señora Porro, sei que vostede terá feito as xestións convenientes para o facer, pero é que ademáis dicía que o tiña que pagar o Concello e agora no convenio xa vai colaborar a Xunta. Pero coido que o miolo da cuestión é outro, é quen finanza isto.

Houbo un conselleiro de Ordenación do Territorio da Xunta de Galicia, o señor Cuiña, que viu moitas veces a Vigo en tempos pasados, daquela non era vostede alcaldesa e logo xa non era el Conselleiro de Ordenación do Territorio, e prometeu que o pagaba todo, que pagaba os oito mil millóns de pesetas que daquela se dicía que ían cubrir. Cando nós chegamos á Alcaldía e fumos falar co Conselleiro de Ordenación do Territorio nos dixo que non existía un só papel no expediente administrativo que comprometese un gasto e empezamos a falar de cifras.

As cifras que trouxemos hoxe para aprobar este convenio pónennos por primeira vez na tesitura de que a Corporación do Concello de Vigo vai ter que pagar de entrada doce millóns de euros, dous mil millóns de pesetas. É a primeira vez, que eu lembre, que manexamos... Un concelleiro da parte de enfronte move a cabeza negativamente. Voullo ler: "Obrigas do Concello, compromisos do Concello de Vigo nas actuacións cunha aportación económica de doce millóns de euros". Coido que doce millóns de euros son dous mil millóns de pesetas.

Isto é un elemento novo e iso require algún tipo de valoración. Asumimos unha parte substancial porque o Concello de Vigo no seu día xa se gastou mil millóns de pesetas, como dicía o señor Soto, na compra dunha concesión e agora vaise gastar outros dous mil millóns de pesetas. A Xunta de Galiza vaise gastar tres mil millóns de pesetas.

Eu non sei se é boa a xestión, non sei se vostede chega a este proceso de negociación como último extremo porque a negociación que vostede levou a cabo sábea vostede, nós lóxicamente non a sabemos. Non sabemos se vostede foi unha boa ou mala negociadora, pero si hai un resultado que é que o Concello ten que pagar dous mil millóns repartidos en catro anualidades que nos permiten dicir que se nos queda moi reducida a posibilidade de investimento do Concello noutros elementos.

A nós non nos gusta moito falar das débedas históricas pero a débeda non histórica, senón obxectiva que a Xunta de Galiza ten con esta cidade é enorme e, sen facer ningunha demagogía, vostede coñécea porque a manexa ás veces e é que a Vigo non nos deron moito. Nestas anualidades agora nos dan non se sabe moi ben se son os dezaoto millóns cincocentos setenta mil euros ou o que eu sumei, os vintedous millóns trescentos mil euros, pero en calquera caso é moi insuficiente.

É moi insuficiente porque as cidades de Galiza con distintas aportacións da Xunta teñen Pazo de Congresos dende hai moito tempo e nós chegamos moi tarde. Non se nos pode falar de comparacións, non se pode dicir que se deu menos no de Vilagarcía porque ista é unha cidade pequena e non temos a mesma aportación tributaria que esas cidades.

Dixémoslle que lle imos dar o noso voto favorable pero non lle damos un voto agradable, para que ninguén pense que lle queremos boicotear o proxecto, nin moitísimo menos porque este é un proxecto de cidade necesario, pasaron todos os grupos municipais pola súa xestión, todo o mundo quéreo, a todo o mundo parécelle importante, pero eu lle pediría que, sen prexuízo de que se vostede o cre conveniente asine este convenio, se faga un convenio un pouco máis sensato.

¿De onde se sacan os sesenta e seis millóns de euros para financiar o que presumimos da lectura do convenio que é todo o complementario? ¿A quen lle interesa? ¿Onde está un estudo de viabilidade da iniciativa privada que nos diga que iso vai ser así e que lle interesa? Nós alomenos non o coñecemos, non sei se vostede o manexa. Asinar este convenio sen saber se efectivamente ese elemento se vai producir é asinar papel mollado, outra frustración máis para a cidade.

Levan vostedes no goberno municipal sete meses e medio. Eu sei que o tempo na Corporación municipal se mide doutra forma e hai sempre necesidades perentorias pero isto non foi ben xestionado. Vostede esixíanos en dous meses toda a xestión, lembre o que lle lin, ó mellor ten un concepto de que

facer oposición é chamarnos covardes. O malo é que a vida é así de cruel. Hoxe a covardía sería súa pero multiplicada por catro.

Nin eu era covarde nin vostede o é. Había uns tramites que tiña vostede que facer, entre outras cosas a desafectación dos terreos que daquela estaban sen desafectar e hoxe seguen sen desafectar. Probablemente nin eu nin vostede o poderíamos facer. Probablemente vostede estea acertando hoxe e adiantándose na desafectación e por iso eu lle quero recoñecer que aínda que leve sete meses e medio probablemente non deixou de traballar por este proxecto.

No que non podo estar de acordo é co financiamento que se prevé. Pídlle que a renegocie. Vostede ten a sorte neste momento de ter na Xunta de Galiza un partido ó fronte da mesma que é o seu. De algo nos terá que servir, vostede dinos cada pouco que, a diferenza doutros gobernos anteriores, ten uns compromisos de investimento para a cidade importantes. Cada vez que o di nós levamos unha alegría aínda que vostede non o crea que penso que sí. Todo o que sexa investimentos é bo para a cidade e temos que aproveitar ademais que vostede coincide nun goberno municipal da mesma ideoloxía ca da Xunta de Galiza. Aínda que é unha práctica desgraciada que os investimentos dependan dos Gobernos que haxa noutras administracións ogallá isto serva para os ampliar. Eu pediríalle, non como condicionante ó voto, dous cousas fundamentais e unha delas é que sexa ambiciosa.

IDOM non é a verdade absoluta. O que fixo IDOM no seu caderno de necesidades con Vigo é un mal documento sen ambición. Entre outras afirmacións dixo que en Vigo non hai afición pola ópera. Ten razón, hai poca afición pola ópera porque non chegou, houbo moi pouca e as aficións e os gustos vanse adquirindo co paso do tempo e coas posibilidades de gozar de espectáculos desas características que axudan a un maior deleite dos cidadáns. Non colla o informe IDOM máis que como un informe de encargo, un informe de parte sen especiais xustificacións.

Pense no que lle dicía: hai que modificar a embocadura e o escenario, hai que saber quen vai pagar isto, procurar que o Concello de Vigo rebaixe estes dous mil millóns, procurar que Xunta de Galiza pague bastante mais de tres mil millóns porque coido que iso redundaría en beneficio de Vigo.

Polo tanto e en resume, señora alcaldesa, nós votamos que si porque votar hoxe que non sería un parón que non queremos posibilitar, pero votamos case pechando os ollos porque non nos parece un bo documento, analíceo. Nalguns momentos tiveron con vostede algunhas discrepancias sobre os documentos que

asina este Concello e ás veces llo dixemos. Non queira ver vostede xogadores de vantaxe, facemos unha política constructiva e así levamos sete meses e medio. En todo o que podemos aprobar, colaboramos. Este non é un proxecto nin de vostede, nin dos outros grupos políticos, é un proxecto para a cidade e polo tanto é un proxecto no que todo o mundo debe colaborar para que sexa posible.

Seríanos sinxelo dicir que chegou vostede con dous mil millóns de pesetas esta mañá. Atopámonos con que temos un investimento que nos vai impedir realizar outros moitos investimentos. Isto é novo e como tal poderíamos dicirlle perfectamente que non. Teña vostede o noso apoio pero, por favor, escoite as nosas razóns, de poder ser fágaas súas e actue en consecuencia. Gracias.

SRA. ALCALDESA: Levamos sete meses de Goberno pero vostedes non estiveron dous. Asegúrolle que eu traballo sempre en clave de cidade non en clave das ideoloxías doutros partidos e se teño que lle esixir á Xunta de Galiza, fágoo, e se teño que lle esixir a outro goberno sexa da cor que sexa vouno facer exactamente igual pero preocúpame a súa falla de información.

Eu non sei se son boa ou mala xestora, o único que teño claro é que vostede non existiu como xestor porque non moveu nin un só papel neste asunto. Di vostede que chegamos tarde. ¿Cómo o pode dicir se vostede en seis meses non moveu un só papel para un tema transcendente como é a desafectación dos terreos? Vostede sabe tan ben coma min que a desafectación dos terreos é vital para que teña viabilidade o proxecto e se o plan de viabilidade que se vai facer e que por certo o vai pagar a Xunta de Galiza e está en torno a doce millóns das antigas pesetas, ese plan de viabilidade pódese facer cando se soubese se iamos ter ou non a desafectación dos terreos. Voulle expoñer o que se fixo dende o día en que chegamos nós o Goberno.

É certo que existen pasos previos feitos por todos os partidos, entre outros polo Partido Socialista. Hai unha carta de don Carlos Príncipe que indica que ten pechados quince millóns de euros coa Consellería de Política Territorial e xestión é rebaixar eses quince millóns de euros a doce millóns. Tamén lle chamo xestión a que en xaneiro de dous mil catro, quince días despois de tomar posesión, este goberno leva á Xunta de Goberno o caderno concesional do auditorio e, por certo, cando se leva ese caderno nós poñemos enriba da mesa o tema do escenario, escenario que se modifica para que poidan vir sen ningún problema todas esas óperas que vostede

mencionaba. Iso modificouse ós quince días de tomar posesión. Pola contra e como dicía antes non consta nin unha soa actuación nos seis meses que vostede gobernou nesta cidade.

No ano 2000, data do acordo inicial, establécese que se podería tramitar precisamente esa desafectación dos terreos. O 16 de xaneiro este goberno solicita á Autoridade Portuaria e a Portos do Estado a declaración de innecesariedade dos terreos e a cesión gratuita ó Concello. O 30 de xaneiro de 2004 o Porto declara a innecesariedade. Portos do Estado e Fomento estan tramitando a desafectación.

Pódolle dicir que non paramos. Pedíronnos documentación, volvimos remitila, non se parou nin un só día na tramitación da desafectación. E na reunión que mantiven co Secretario de Estado e na última chamada telefónica, que foi a semana pasada co Secretario Xeral de Infraestructuras, Antonio Monfort, dinnos que efectivamente toda a documentación esta rematada por parte de Portos do Estado e que só está a expensas de que a ministra asine, que estaría pendente de informes administrativos que nos aseguran que estarían no mes de setembro.

Finalmente na negociación que reiniciamos con Política Territorial acadamos rebaixar esa aportación de tres millóns de euros xa que é a propia Consellería quen asume esa cantidade. Como lle dicía, antes o Concello poñía quince e agora pon doce. Pero tamen acadamos que todos eses proxectos, tanto o estudo de viabilidade como os doce millóns, os paguen eles. Os orzamentos da realización de actuacións oportunas para a redacción do proxecto de demolición das edificacións existentes e do proxecto de construción e explotación hoxendía non se poden cuantificar. Ata que se licita unha obra, como é lóxico e obvio, non se saben as persoas e as entidades que realmente se van presentar.

Estamos dando os pasos que temos que dar sen perder nin un só día. Dende logo dimos os pasos que realmente lle van dar viabilidade ó proxecto. Asegúrolle que Vigo quedábase sen auditorio se non acadamos esa desafectación dos terreos e poderíamos tela hoxe enriba da mesa se se fixexs antes. A iso eu chámolle xestión.

Agradecemoslle ese voto a favor que non é un voto a favor deste equipo de goberno, é un voto a favor da cidade. Seguiremos apretando á administración que corresponda para que ó Concello de Vigo lle custe o menos posible e para que o auditorio sexa unha realidade o máis axiña posible. Gracias.

SR PEREZ MARIÑO: Gustaríame intervir por alusións, se vostede mo permite, porque fixo algunhas manifestacións referentes a min.

A desafectación que vostede di necesita dun requisito previo que é que por parte da Autoridade Portuaria de Vigo se declare a innecesariedade para o cumprimento dos fins de carácter portuario das parcelas 57 e 59. Mentres nós estivemos no Concello non se produciu ese fenómeno polo que non puidemos facer nada no referente á desafectación. Iso produciuse na sesión do 30 de xaneiro de 2004 estando vostede na Alcaldía. Eu non sabía que esta mañá o problema era xulgar a nosa xestión. Non temos ningún inconveniente, pode facelo vostede cando queira.

En segundo lugar di vostede que había un compromiso por parte do Concello e mencionou unha carta do antigo concelleiro e alcalde, don Carlos Principe. Non coñezo esa carta pero é que esa carta non ten máis valor que o dunha manifestación por unha parte. Vostede sabe que as resolucións administrativas requiren outros condicionantes e outras formalidades, polo tanto non me diga vostede que con esa carta pasamos de quince a doce millóns. Aquí pasamos de cero millóns de investimento no Pazo de Congressos a doce millóns e esa é a realidade. Eu quixen dicirlle e volvo dicir que queremos que se faga un Pazo de Congressos extraordinario, o mellor posible. Di vostede que traballou todos os días e non o dubido. O que pasa é que vostede no mes de agosto de 2003 pedíame a min que en dous meses fora valente e non covarde, que derrubase porque era un problema de urxencia. Eu dende logo non derrubei pero vostede tampouco porque as cousas son como son e non son sinxelas.

SRA. ALCALDESA: Vostede pedíame unha intervención por alusións. O que non se pode é entrar nunha declaración dun medio, que ó mellor ten que dicir que medio é para que queden as cousas claras e ó mellor as declaracións ían en outra dirección.

SR. PEREZ MARIÑO: Deixeme vostede que eu pense o que teño que dicir, non mo marque. Vostede dirixe os debates e no momento que queira me quita a palabra, pero mentres estou no uso dela déixeme vostede expresarme.

O día 26 de agosto de 2003 vostede declaraba: "O Concello é responsable da condición do edificio de Casa Mar polo que debe acometer as obras de derruba e non poñer en risco á cidade botando balóns fóra. Así de contundente mostrouse onte a voceira do grupo municipal do PP, Corina

Porro, á hora de esixir ó alcalde, Ventura Pérez Mariño, que adopte con urxencia as medidas. A voceira popular lembrou que se atopa ante un problema de extrema gravidade. Está en xogo a seguridade cidadá afirmou, para engadir seguidamente que o Concello ten á súa disposición un orzamento municipal no que hai que priorizar. O edificio pódese vir abaixo en calquera momento e ante temas urxentes e de risco non se pode actuar con covardía". Supoño que no da covardía se refería evidentemente a min.

En definitiva, hoxe temos doce millóns de orzamento. Temos un orzamento de noventa e seis millóns que é quimérico quen o vai pagar, e temos un compromiso da Xunta de dezaoito millóns de euros. Coido que con eses vimbios imos ter enormes dificultades para facer o Pazo de Congressos. Ogallá nos equivoquemos e teña vostede toda a razón. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Señora alcaldesa, as quendas de alusións o son para iso e non para intervir sobre o fondo do asunto e polo tanto eu dígolle que a min me tocaba intervir antes. No futuro dirixa vostede os debates como se debe. Naturalmente que dan quendas de alusión cando se produzan pero para falar das alusións, non para falar dunha exposición do fondo do asunto. Pero dito isto, que tampouco é tan importante, déixeme dicirlle dúas cousas.

En primeiro lugar benvidos algúns argumentos empregados por nós hai anos, como por exemplo que é imprescindible a declaración de innecesariedade dos terreos como se dicía naqueles documentos dos que lle falei antes e aí están por escrito e están nas actas deste Concello. En primeiro lugar o porto ten que ter un plan de usos do que se quere facer coa parcela e concretamente declarar a caducidade da concesión de Casa Mar por absoluta inexistencia en tempo e forma no seu momento

Segundo: Declarar a innecesariedade dos terreos se non estaban afectos xa a partir daí a usos portuarios, innecesariedade que tería que confirmar o Ministerio de Fomento.

Terceiro: Patrimonio do Estado a partir daí tería que, ou como di o artigo 12.2.h) da propia Lei de Portos, transferirlllo ó Concello ou a outra administración e en todo caso era unha negociación pública evidente.

Non se fixo así e mentres non o fagan con todos eses procesos todo o tema está viciado de nulidade. Pero dito isto e entrando noutros aspectos déixeme dicirlle, señora alcaldesa, que eu tamén discrepo do fondo do contido deste documento.

Pouco antes de deixar eu a Alcaldía de Vigo, nunha negociación coa Xunta de Galiza o señor Cuiña incluía nuns orzamentos da Xunta tres mil millóns de pesetas para a construción dun pazo multiusos en Vigo, están en orzamentos da Xunta de Galiza que son públicos e notorios coma documentos. Ese pazo multiusos por distintas razóns non se chegou facer e si se ía facer aquí. Eu deixei a Alcaldía xusto nese intre porque se non xa estaría feito. Entón empezaron a moverse aquí para alí, se ía facer nun sitio, logo noutro. Todos os anos se consignaban os tres mil millóns de pesetas nos orzamentos da Xunta de Galicia e xamais se chegaron investir.

Vostede dime que o señor Príncipe acadara case cincocentos millóns de pesetas menos que o que vostede acaba de conseguir na súa negociación. Pois pasamos dun acordo desastroso a outro sinxelamente malo porque de verdade lle digo que se había consignación orzamentaria nos orzamentos da Xunta de Galiza de tres mil millóns de pesetas e o señor Príncipe negociou menos, pois ben. Era para un pazo multiusos, non era para un Pazo de Congressos que é unha dotación evidentemente de investimento infinitamente menor. É dicir, aqueles tres mil millóns de pesetas practicamente pagaban enteira a construción dun pazo multiusos.

Estamos no que estamos pero déixeme dicirlle que basearse nesa mala negociación anterior para xustificar unha non boa ou mala negociación actual a min non me pode conformar. Eu dígolle que a Xunta de Galiza volve dar o mesmo que daba o señor Cuiña, nin siquera se molestaron en actualizar poñendo intereses ou poñendo actualizacións monetarias ó día. É dicir, obxectivamente dan menos do que ían dar para o pazo multiusos.

Polo tanto eu non podo estar de acordo con isto e porque obxectivamente comparto a intervención do señor Mariño no sentido do maltrato, dígollo unha vez máis, que as outras institucións, neste caso a Xunta de Galiza, lle deron a Vigo, este concrétase agora no Pazo de Congressos.

De ningún modo, independentemente do dato que lle acabo de dar que é ben elocuente, aínda que non existira, a min me podería deixar tranquilo que cos poderosísimos orzamentos da Xunta de Galiza en comparanza cós do Concello de Vigo, se produza a partir daí unha aportación de sesenta-corenta. É dicir, a Xunta de Galiza en números redondos vai aportar tres mil millóns de pesetas e o Concello de Vigo tamén en números redondos dous mil. Un 60% e un 40% con esa dispoñibilidade orzamentaria é unha moi pequena aportación da Xunta de Galiza.

Tamén a insto a que faga unha negociación mellor, dende logo que sí. A min gustaríame que lle dixera á Xunta de Galiza, señora alcaldesa, que o Pleno do Concello lle dixo cousas coma as que lle estamos a dicir e que non nos imos declarar satisfeitos de ningún modo con este tipo de acordo.

Por último déixeme dicirlle unha cousa importante. Eu discrepo en cambio con outro aspecto da intervención do señor Mariño. A min, que si me parece doado e que me parece o mellor xeito posible de facer este tipo de investimentos coa axuda do investimento privado, paréceme que evidentemente non se pode saber quen vai ser o investidor privado e aí si que estou de acordo. As administracións públicas fan un debuxo dun proxecto no que din o que van aportar e a partir daí hai que facer o axeitado concurso para saber quen é o investidor privado, mesmo se hai un investidor privado porque ata poderíamos ter a dúbida de se haberá algún que asuma ese monto en función da xestión, iso está por ver, pero evidentemente si que é un proceso posterior a este e niso estou de acordo co tratamento que se lle da ó proceso.

E mesmo estou de acordo en que sexa así aínda que houbese moitísimos cartos na Xunta e no Concello, que non os hai, para que realmente se garanta do mellor xeito a xestión futura do Pazo de Congressos e Exposicións.

Señora alcaldesa, antes faleille de formas que coido que son absolutamente importantes porque poden botar abaixo este convenio, pero independentemente disto ó mellor estamos a tempo de facer un trazado realmente correcto no aspecto legal porque a partir daí, mire que lle fixen unha proporción de sesenta-corenta, se lle conto os máis de mil millóns de pesetas que investiu o Concello de Vigo, o Concello de Vigo terá investido máis ca Xunta de Galiza neste proxecto. Unha de dúas, ou vostedes consideran unha dilapidación e un desatino que o Concello de Vigo teña metido aí, co acordo do Goberno da Corporación anterior, máis de mil millóns de pesetas, se realmente é un investimento necesario que segundo vostedes había que facer, o Concello de Vigo vai investir máis que a Xunta de Galiza. Dende logo para nada é un bo convenio, señora alcaldesa.

Eu comprendo as súas dificultades, non creo que vaia vostede alí gratis e que realmente non quera acadar o mellor posible. A min non se me ocorre dudar das súas intencións pero en todo caso si que a animo (e terá dende logo apoio do noso grupo e ogallá teña o dos demais tamen) a chantarse diante da Xunta de Galiza para facer outro tipo de negociación e dicirlle que o Pleno do Concello non admite esta negociación. Estamos sendo

enormemente xenerosos no trato para en ningún sentido parecer que se pode torpedear e dígoos pola intervención de todos os demais. Pero daí a que teñamos que tragar carros e carretas e quedarnos calados e aínda por riba aplaudir a Xunta de Galiza, para nada. Eu critico con dureza e publicamente á Xunta de Galiza nesta actuación e a vostede, perdoe que llo diga, por consentila.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Señora presidenta, nós queremos insistir na nosa proposta para que se considere pola Corporación e mesmo figure no acordo que, ou ben existe unha Comisión especial do Pleno de seguimento de todo o proceso dende agora ata a finalización das obras no referente ó Pazo de Congressos, ou ben unha Comisión do Pleno xa existente.

Para nós iso si é o fundamental deste debate porque ó final todos estamos de acordo co Pazo de Congressos e o resto son escenificacións.

Coñecemos dende hai tempo as negociacións, sabemos que o convenio se cinxe ó falado dende hai bastante tempo coa Consellería de Política Territorial, gústenos ou non pero é así, e en todo caso dicir que se podía facer antes. Realmente este convenio non di nada que non estivera falado e por iso a miña primeira intervención ía no sentido de que ben podía ser aprobado hai catro meses e ó mellor tiñamos avanzado algo.

Por iso nós formulamos que esa comisión é necesaria para que a partir de agora o Pleno da Corporación teña un seguimento de todo o proceso de construción do Pazo de Congressos. Nós reservámonos a nosa opinión sobre o proxecto porque non coñecemos o estudo de viabilidade que se esta a facer. Ben é certo que mesmo eu teño falado co Conselleiro de Política Territorial e manifestado aspectos que dende o punto de vista do BNG había que manter do proxecto orixinal ou nalgún caso de modificar, pero como non é este o momento de discutir nin o estudo de viabilidade porque non o coñecemos, nin o proxecto porque tampouco o coñecemos, si queremos que a partir de agora se faga un seguimento, non só polos responsables políticos do goberno que evidentemente lles corresponde facer e seguramente o fixeron ata agora, non o dubido, pero en todo caso si pensa o BNG que a partir de agora e mesmo por dilixencia, debe de ser o Pleno da Corporación, independentemente dos responsables políticos, o que faga este seguimento.

O que se trae ó Pleno hoxe, por moito que alguén quera facer un gran debate político disto, leva falándose bastante tempo, xa podía estar aprobado e estarmos noutra fase. Polo tanto, nós o que queremos é facer un seguimento

puntual para saber se realmente se van cumprir os prazos e os compromisos da Consellería de Política Territorial con Vigo no tocante ó Pazo de Congressos. Como isto era o falado e non se aporta máis nada, pois o que si queremos é que haxa un seguimento por parte da Corporación e se lle parece ben ó resto dos grupos municipais, gustaríanos que formara parte da proposta de acordo nese sentido.

SRA. ALCALDESA: Pola miña parte está aceptado, incorporámolo á aprobación e votamos todo xunto pero quero clarexar unha vez máis que xa podíamos asinar todos os convenios que fose que como non puxeramos en marcha a desafectación dos terreos non poderíamos ter auditorio na cidade de Vigo e iso fíxose ós quince días de tomar posesión o actual goberno. Pasamos a votala.

Proposta formulada polo voceiro do BNG, Sr. Pérez Castrillo, durante o curso do debate:

Acordar a creación dunha Comisión Informativa Especial, de composición análogas ás informativas permanentes, que teña como fin o seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno en todas as actuacións previas referentes ó contrato de concesión de obra pública que se menciona no convenio.

*Vótase xuntamente coa proposta do técnico, a formulada polo Sr. Pérez Castrillo transcrita anteriormente
Ó non estar dictaminado o expediente por comisión informativa ningunha,
vótase xuntamente o acordo coa súa inclusión na orde do día.*

VOTACIÓN E ACORDO.- Con ventidous votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a proposta de convenio polo que se establecen as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galiza,

a Autoridade Portuaria e o Concello de Vigo para a construción e explotación en Vigo dun Auditorio Pazo de Congresos e instalacións complementarias co texto que se transcribe ó final deste acordo, facultando á Alcaldía-Presidencia para o seu outorgamento.

Segúndo.- Remitir o acordo á Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento e efectos que procedan.

Terceiro.- Acordar a creación dunha Comisión Informativa Especial, de composición análogas ás informativas permanentes, que teña como fin o seguimento da xestión do Alcalde e do seu equipo de goberno en todas as actuacións previas referentes ó contrato de concesión de obra pública que se menciona no convenio.

Cuarto.- Remitir o presente acordo á Secretaría Xeral da CPTOPV da Xunta de Galicia

**CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS E
VIVENDA DA XUNTA DE GALICIA, O CONCELLO DE VIGO E A AUTORIDADE
PORTUARIA DE VIGO.**

Dunha parte o Excmo.Sr. Alberto Núñez Feijóo, Conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, facultado polo disposto na Lei 1/1983 do 22 de marzo, reguladora da Xunta de Galicia e o seu Presidente para a formalización deste convenio.

Doutra parte, a Excma. Sra. Corina Porro Martínez, Alcaldesa-Presidenta do Excmo. Concello de Vigo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

E doutra parte, o Ilmo.Sr. Julio Pedrosa Vicente, en calidade de Presidente da Autoridade Portuaria do Porto de Vigo, na virtude das atribucións fixadas na Lei 27/1992 de Portos do Estado e da Mariña Mercante, modificada pola Lei 62/1997.

As partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal necesaria e

E X P O Ñ E N

1.- A cidade de Vigo ten a aspiración de contar con instalacións de dimensións e localización adecuadas para a celebración de eventos culturais e de congresos que impulsen a súa actividade cultural e económica. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda e o concello de Vigo, son conscentes da dita aspiración, consideran que o fomento da cultura e a actividade económica son materias de interese xeral (artigo 149.2 CE) e desexan colaborar para atender dita aspiración.

Por iso, o dous de marzo de 2000, asinouse un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Excmo. Concello de Vigo para «a realización de estudos previos, concursos e proxectos co obxecto de implantar un Auditorio-Pazo de Congresos na avda. de Beiramar na cidade de Vigo». Como consecuencia dos compromisos adquiridos no convenio citado a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, convocou, por resolución do 21 de setembro de 2000, un concurso, con intervención de Xurado e participación limitada, de ideas a nivel de anteprojectos, resultando gañador a UTE César Portela Fernández-Jardón, e Idom Ingeniería e Consultoría, que redactou o proxecto técnico do Auditorio-Pazo de Congresos.

O investimento da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda nas actuacións descritas foi de preto de 3.600.000 euros.

Despois de varias reunións e conversas co Concello de Vigo e coa Autoridade Portuaria, para levar a cabo a execución das obras, estimouse como instrumento máis axeitado para a súa xestión e explotación, a realización dun concurso público para a concesión dun contrato de concesión de obra pública, segundo a Lei 13/2003, do 23 de maio.

Como paso previo cómpre a integración no patrimonio municipal dos terreos necesarios para a execución das obras, é dicir, as parcelas números 57 a 59 da avenida de Beiramar, propiedade da Autoridade Portuaria, outorgadas en concesión administrativa ó Concello de Vigo con destino á construción dun Auditorio-Pazo de Congresos con instalacións complementarias.

Para tales efectos xa se iniciaron accións encamiñadas á desafección das mesmas para posterior cesión, a título gratuito, ó Concello de Vigo

2.- Nestes intreos, a CPTOPV e Concello de Vigo, coa colaboración da Autoridade Portuaria de Vigo, desexan dar o impulso definitivo as actuacións de construción dun Auditorio-Pazo de Congresos coas correspondentes zonas complementarias que de xeito definitivo poñan ó servizo da sociedade as instalacións e dotacións previstas. O orzamento estimado ascende a máis de 96 millóns de euros.

En consecuencia, ACORDAN asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

C L Á U S U L A S

Cláusula primeira.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria de Vigo para a construción e explotación en Vigo, na Avenida Beiramar dun Auditorio-Pazo de Congresos, así como dunha zona complementaria, que poderá ser explotada conxuntamente co Auditorio-Pazo de Congresos, co obxecto de lle proporcionar servizos accesorios a aquel e contribuír cos seus rendementos ó financiamento da súa construción e explotación.

O emprazamento, nas parcelas 57 a 59 (edificio da Casa Mar), vai contribuír a rexerar o ámbito da Avenida de Beiramar, potenciando o desenvolvemento dunha zona en proceso de transformación.

O Auditorio-Pazo de Congresos e a revitalización e reurbanización do seu contorno coa zona complementaria, contribuirán a xerar un importante desenvolvemento comercial e terciario que posibilitan a participación da iniciativa privada no seu financiamento e desenvolvemento dunha importante actividade económica na cidade.

As actuacións que se pretenden responden a seguinte descrición:

1.- Auditorio-Pazo de Congresos.- O programa construtivo conformase por un Auditorio principal cun aforo de 1.450 persoas, outro Auditorio con 400 asentos e un conxunto de salas polivalentes, o seu número variará entre 15 e 20, cunha capacidade total de ata 450 persoas. O aforo total acada, deste xeito as 2.300 prazas. Así mesmo prevese una zona de exposición, complementaria á actividade congresual, cunha superficie aproximada de 2.000 m² e unha zona de restauración con capacidade para 700 prazas nunha área de 1.100 m². Todos estes usos organízanse entorno a un grande vestíbulo central que se concibe como un espazo público aberto sobre a ría e a cidade.

A superficie construída destinada ó Auditorio-Pazo de Congresos acadará os 25.000 m².

O Auditorio-Pazo de Congresos permite, así mesmo, a celebración de actuacións musicais e culturais adecuadas ás necesidades e demandas existentes.

2.- Zona complementaria.- Os usos complementarios para esta zona, aínda que deberán ser definidos en detalle polo futuro concesionario entre os previstos no planeamento vixente, poderían albergar de forma indicativa:

- a) Un hotel de 7.000 m² de superficie con 120 habitacións,
- b) Unha área destinada a comercio e ocio, cunha superficie construída de 27.350 m² compatible ó uso de oficinas e centro de negocios, e
- c) Un aparcadoiro subterráneo que contará cunha superficie construída de 30.388 m² e unha capacidade máxima aproximada para 704 prazas.

Deste xeito, as superficies totais construídas achéganse ós 59.350 m² para o Auditorio-Pazo de Congresos e para ós usos previstos na zona complementaria, ademais dos previstos para o aparcadoiro subterráneo.

A xeometría das parcelas obrigan a un desenvolvemento de edificio, no que os diversos usos han de se integrar, resolvendo os distintos accesos e creando os seus propios espazos públicos inmediatos. Esta distribución permitirá disfrutar ós usuarios de vistas sobre a Ría de Vigo por riba da actividade portuaria que se desenvolve nas inmediacións.

O orzamento total das intervencións descritas acada unha cifra aproximada de 96 millóns de euros.

Cláusula segunda.- Financiamento do obras previstas.

A Administración Pública e o sector privado deben concorrer ó financiamento do obxecto antes sinalado. A Administración Pública aportará os terreos nos que se vaian desenvolver as obras e contribuirán o deseño e construción do

Auditorio-Pazo de Congresos. O sector privado colaborará no financiamento da construción do Auditorio-Pazo de Congresos, asumirá de forma exclusiva o financiamento e a construción da zona complementaria e tamén asumirá a explotación tanto do Auditorio-Pazo de Congresos como da zona complementaria.

Cláusula terceira.- Compromisos da Xunta de Galicia.

A Xunta de Galicia, a través da CPTOPV, asume os seguintes compromisos:

1.- Realizar as actuacións oportunas, polo procedemento que considere máis axeitado, para a redacción do proxecto de demolición das edificacións actuais, do anteprojecto de construción e explotación, do estudo de viabilidade da construción e da explotación e colaborará co Concello de Vigo na elaboración do prego de cláusulas administrativas particulares do concurso que se convoque para a execución das actuacións previstas.

O prego citado conterá, entre outras, a obriga do concesionario de executar as obras descritas nos documentos técnicos que definen as actuacións obxecto do presente convenio incluídas as actuacións consistentes na contratación, dirección facultativa e técnica, xestión e recepción das mesmas, sen prexuízo da dirección técnica total do proxecto que lle corresponderá o arquitecto que designe o Concello de Vigo.

2.- Financiar a redacción dos documentos indicados no parágrafo primeiro do apartado anterior, para o que se destinará ata un máximo de 110.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.332A 607.1, para a presente anualidade de 2004.

3.- Contribuír ó financiamento da execución das obras de construción do Auditorio-Pazo de Congresos, cunha achega de como máximo de dezaoito millóns cincocentos setenta mil euros (18.570.000 €) con cargo á aplicación orzamentaria 06.02.332A 762.0, distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2004	1.894 €
Anualidade de 2005	3.158.784 €
Anualidade de 2006	4.458.744 €
Anualidade de 2007	5.017.606 €
Anualidade de 2008	5.932.972 €

4.- A Consellería asumirá, como máximo ata o límite establecido no apartado anterior desta cláusula, o custo das obras executadas polo concesionario para o Auditorio-Pazo de Congresos. As transferencias efectuaranse, no marco da anualidade programada, a favor do Concello de Vigo para que se lle aboen ó concesionario, despois da conformidade da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda coas correspondentes certificacións de obra, visadas polo técnico designado polo propio Concello, no prazo máximo dun mes dende a entrada no rexistro da CPTOPV da correspondente certificación á conta da entidade financeira que designe o Concello.

5.- A Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, resérvase o dereito de inspeccionar as obras en calquera momento, tanto durante a súa execución como ó seu remate.

Cláusula cuarta.- Compromisos do Concello de Vigo.

O Concello de Vigo comprométese a:

1.- Modificar, se fose o caso, o planeamento urbanístico para permitir as edificacións e instalacións obxecto do presente convenio, tanto as referentes o Auditorio-Pazo de Congressos como a Zona Complementaria.

2.- Previa valoración do contido que xustifique a finalidade das obras e as distintas solucións elixidas, someter o estudio de viabilidade que a estes efectos redacte a Consellería á preceptiva información pública outorgando, no seu caso, a posterior e preceptiva aprobación.

3.- Dende a súa condición de administración concedente o Concello de Vigo someterá a información pública o anteproxecto de construción e explotación da obra que redacte a Consellería outorgando, no seu caso, a posterior e preceptiva aprobación.

4.- Aprobar, no expediente de contratación que se instrúa e previos os informes técnicos, xurídicos e de fiscalización preceptivos e oportunos, o prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá o concurso da concesión do contrato de obra pública que se redacte. No devandito prego establecerase unha composición da Mesa de Contratación de acordo co establecido na Disposición adicional novena do Real Decreto Lexislativo 2/2000 do 16 de xuño. Esta mesa de contratación estará asistida por unha "Comisión Técnica" para a valoración das propostas formada por un número igual de membros do Concello de Vigo e da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda.

5.- Asumir, no contrato de concesión para a execución e explotación das actuacións previstas, os dereitos e obrigas que o Título quinto do Libro II do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, lle atribúe á administración concedente.

6.- Contribuír ó financiamento das actuacións cunha aportación económica de doce millóns de euros (12.000.000 €) distribuída nas seguintes anualidades:

Anualidade de 2005	2.041.216 €
Anualidade de 2006	2.881.256 €
Anualidade de 2007	3.242.394 €
Anualidade de 2008	3.835.134 €

Os libramentos faraos a favor da entidade adxudicataria segundo as regras que estableceza o correspondente prego de bases do concurso.

7.- Comunicarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda a data de levantamento da "acta de comprobación" á que fai referencia o artigo 241 da Lei 13/2003, do 23 de maio, reguladora do contrato de concesión de obras públicas, ó efecto de que se envíe un representante se así o estima oportuno.

8.- Facilitarlle, se fose o caso, toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas de Galicia, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas obxecto do presente convenio.

9.- Comunicarlle á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda, se fose o caso, as alteracións nas condicións tidas en conta para a concesión da axuda obxecto do presente acordo e en todo caso a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións, entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais ós efectos de propoñer, se procedera, a modificación das condicións establecidas neste convenio.

10.- Asumir pola súa consideración de beneficiario segundo o artigo 78.4 do Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia e nas condicións previstas neste convenio, tódalas obrigas que, para ó mesmo, establece o citado artigo.

Así mesmo, o prego de cláusulas administrativas particulares conterá a obriga para a entidade adxudicataria de lle facilitar os órganos fiscalizadores da Comunidade Autónoma, toda a documentación que permita establecer o control e destino das axudas públicas establecidas neste convenio, de acordo co establecidos no Decreto antes citado.

11.- As cantidades aportadas polo Concello de Vigo destinaranse ó financiamento da tramitación do concurso público e a co-financiar a construción do Auditorio-Pazo de Congressos, e calquera outros gastos precisos para o desenvolvemento do obxecto do convenio.

Cláusula quinta.- Contribución da Autoridade Portuaria de Vigo.

O Consello de Administración da Autoridade Portuaria de Vigo, na sesión do 30 de xaneiro de 2004, acordou á declaración de innecesariedade para o cumprimento dos fins de carácter portuario das parcelas 57 e 59 da Avda. de Beiramar de Vigo e na actualidade tramítase ante o Ministerio de Fomento a desafectación do Dominio Público Portuario das devanditas parcelas e a súa cesión gratuíta ó Concello. Por iso, unha vez declarada a súa desafectación e autorizada a cesión, o Concello e á Autoridade Portuaria acordarán a extinción da concesión vixente existente a favor do Concello e outorgarán os documentos precisos para conseguir a transmisión plena da titulariedade das parcelas desafectadas ó Concello e a súa inmatriculación no Rexistro de la Propiedade.

Así mesmo, adoptará as medidas en relación cos usos e actividades na zona de servizo portuaria que resulten necesarias como consecuencia do cambio de uso das parcelas cedidas, en particular medidas medioambientais.

Cláusula sexta.- Outras fontes de financiamento

A Xunta de Galicia e o Concello de Vigo obríganse a colaborar para obter fondos doutras Administracións Públicas, españolas ou da Unión Europea, ou de organismos internacionais ou persoas privadas, que poidan contribuir ó financiamento das actuacións previstas.

De ser o caso, tales fondos aplicaranse a reducir as aportacións de xeito proporcional ás que figuran no presente convenio.

Cláusula sétima.- Comisión de seguimento.

Para o impulso, seguimento e interpretación das accións establecidas no presente convenio crease unha comisión, que propoñerá ás partes a resolución das controversias que resulten respecto da súa execución, integrada por seis membros, dous por cada unha das partes asinantes do presente documento.

Cláusula oitava.- Interpretación e incumprimentos

1.- O presente convenio ten natureza administrativa.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na interpretación e cumprimento do convenio, sen prexuízo das funcións atribuídas á comisión de seguimento, serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional contencioso-administrativo.

2.- O incumprimento de calquera das cláusulas do presente convenio constituirá causa suficiente de rescisión do mesmo.

Cláusula novena.- Vixencia do convenio.

A vixencia do presente convenio esténdese ata a completa terminación das obras polo concesionario, cando sexa levantada de conformidade á acta de comprobación por parte do Concello de Vigo segundo se estableza no prego de cláusulas administrativas particulares, non podendo exceder do 31 de decembro do ano 2008.

O presente convenio obriga ó cumprimento do expresamente pactado, someténdose as tres partes ó acordado en tódalas estipulacións, estendéndose por cuadruplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

4.- (189).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DAS PARCELAS 115 E 116 DO PLAN PARCIAL O POMBAL. EXP. 7850/411.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xuño de 2004, o técnico de administración xeral de Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González-Yebra Pimentel, informa do que segue:

"1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión do 5 de abril de 2004, aprobou inicialmente o estudio de detalle para as parcelas 115 e 116 do ámbito do Plan Parcial "O Pombal", no núcleo 16.12 Sárdoma, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 15 de novembro de 1993, co fin de reordenar os sólidos capaces previstos nas ditas parcelas e reaxustar as súas aliñacións e rasantes, conforme á documentación presentada no Rexistro

da Xerencia Municipal de Urbanismo por "Residencial Aires, S.L.", con data do 23 de xaneiro de 2004, redactada polo arquitecto D. José Enrique Perez Ardá Criado, con data de visado do COAG do 20 de xaneiro de 2004.

2.- Sometido o expediente á información pública polo prazo de vinte días mediante anuncio publicado no DOG (núm. 91 do 12 de maio de 2004) e Faro de Vigo do 7 de maio de 2004, con notificación individual á propiedade das parcelas, non se presentou, durante o prazo conferido ó efecto, alegación ningunha.

3.- De acordo co informe do arquitecto técnico municipal do 9 de febreiro de 2004

"O estudio de detalle ten por obxectivo reordenar os sólidos capaces previstos no plan parcial a situar nas parcelas 115 e 116, a resultados da execución dos viais ós que dan fronte as parcelas e reaxustar as aliñacións e rasantes das mesmas.

Coa ordenación prevista no plan parcial incumpriríanse os recuados mínimos dos sólidos a lindeiros e ás aliñacións.

O reaxuste das aliñacións e a ordenación dos sólidos axustados á ordenanza nº 2 de residencial colectiva, non alteran nin as superficies, nin os volumes, alturas, ocupación máxima, cesión de uso, etc.

Coa reordenación proposta non se alteran no plan parcial nin a edificabilidade máxima, nin as ocupacións, nin as superficies de cesión."

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O estudio de detalle presentado refírese a unha unidade urbana completa, cínquese ás finalidades sinaladas no artigo 73.1 da LOUGA, axústase ás previsións do plan parcial que desenvolve e contén a documentación requirida polo artigo 66 do Regulamento de planeamento.

II.- Na tramitación do procedemento observáronse os trámites previstos no artigo 86.2 da LOUGA.

III.- De conformidade co artigo 123 LRBRL é competente para a aprobación definitiva dos estudos de detalle o Concello-Pleno por maioría simple de votos."

Polo anteriormente exposto o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, na súa sesión do día 1 de xullo de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila,

Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e o voto en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente o estudio de detalle para reordenar os sólidos capaces previstos e reaxustar as aliñacións e rasantes das parcelas 115 e 116 do Plan Parcial "O Pombal", no núcleo 16.12 Sárdoma, conforme á documentación presentada no Rexistro da Xerencia Municipal de Urbanismo por "Residencial Aires, S.L." o 23 de xaneiro de 2004, redactada polo arquitecto D. Jose Enrique Pérez-Ardá Criado, con data de visado do COAG do 20 de xaneiro de 2004.

Segundo.- Publíquese o presente acordo no Diario Oficial de Galicia, notifíquese individualmente á interesada "Residencial Aires, S.L." e procédase ás comunicacións e traslados previstos no apartado 3º do artigo 92 da LOUGA.

5.- (190).-CLAREXAMENTO DAS ORDENANZAS DO PLAN PARCIAL CAMBESES.

ANTECEDENTES.- Con data 1 de xullo de 2004, o técnico de administración xeral e mailo arquitecto de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo informan do que segue:

"Este informe emítese en relación coa solicitude presentada no Rexistro Xeral da Xerencia de Urbanismo de Vigo no 27/04/2004, por D. Benito Malvar Egerique, na súa cualidade de presidente do Consello Rector da xunta de Compensación do Plan Parcial Cambeses.

Dita solicitude consiste nunha aclaración-rectificación de erros materiais das ordenanzas do Plan Parcial Cambeses.

En data 21/03/1997 aprobouse o Programa de Actuación Urbanística de Cambeses, ámbito de solo urbanizable non programado delimitado no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana do 29/04/1993 (PXOU-93).

No día 02/03/1998, o Pleno do Concello acordou aprobar definitivamente o Plan Parcial de Cambeses. (BOP do 07/05/1998, expte. 3577/411).

Nos días respectivos 06/06/2002 e 31/01/2002 o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de compensación e proxecto de urbanización dese polígono (expte. 4314/401 e 4269/401).

No 25/02/2002 o Pleno municipal acordou aprobar unha rectificación de erros materiais e aritméticos do Plan Parcial, de conformidade co solicitado pola Xunta de Compensación, con memoria e planos asinados polo arquitecto D. J.A. Visier Gil (expte. 3577/411, BOP do 26/03/2002)

Obxecto.- A solicitude de aclaración-corrección de erros materiais que agora se informa refírese á existencia dunha contradicción entre os criterios xerais establecidos no apartado "B.1" das ordenanzas do Plan Parcial, e os particulares da "zona 1" recollidos no aptdo. "B.3" das mesmas ordenanzas, sobre a liberdade de disposición do sólido edificable dentro dun rectángulo inscribible (sólido capaz) trazado nos planos de ordenación.

Descrición e análise da aclaración.- No apartado "B.1" criterios de ordenanza segundo zonificación, referido á disposición do sólido construíble, para a "Zona 1", indícase o seguinte:

"(...) sendo libre a súa xeometría e aliñación de fachada a Ramón Nieto, dentro do rectángulo no que se inscribe a forma proposta no plano de ordenación, sendo recomendable un recuamento central para dar máis amplitude á avda. Ramón Nieto, e crear deste modo unha pantalla pechada en toda a súa lonxitude".

A contradicción prodúcese porque no aptdo. "B.3", ordenanzas particulares, sinálase con respecto á ocupación na "Zona 1" (edificación aberta), que terá: *"libre xeometría que se inscriba dentro do sólido de ordenación"*.

Non parece lóxico que, se se pretende permitir unha libre xeometría, ista teña que se inscribir dentro do sólido proposto nos planos de ordenación. Se fose desta maneira, a capacidade de manobra sería moi escasa. Parece máis razoable que a libre xeometría se permita dentro do rectángulo no que se inscribe o sólido proposto, tal e como se indica no apartado "B.1" das mesmas ordenanzas.

Sen embargo, esa libre xeometría ten unha limitación, dado que no mesmo apartado B.1 recoméndase que se estableza *"un recuamento central para dar máis amplitude á avda. Ramón Nieto"*. Isto significa que debe manterse en todo momento o recuamento que presenta cara á avda. Ramón Nieto o sólido proposto na ordenación do PP, aínda que se permita unha modificación da xeometría deste sólido na parte posterior e nos laterais do mesmo. Cabe subliñar que os voladizos que se poidan presentar, tamén deben respectar ditos recuamentos a Ramón Nieto.

Conclusións.- Esta "aclaración-rectificación de erros" non modifica as previsións urbanísticas fixadas polo Plan Parcial, nin supón unha modificación do mesmo. Con este documento tan só se pretende clarear unha contradicción detectada nas súas ordenanzas.

Por todo o anterior, debe aclararse-corririse o indicado no apartado "B.3" das ordenanzas, no referente exclusivamente á ocupación da Zona 1, no seguinte senso:

"Ocupación: Libre xeometría dentro do rectángulo no que se inscribe a forma proposta no plano de ordenación".

Cabe lembrar que, como xa se analizou previamente, debe manterse o recuamento central do sólido na avda. Ramón Nieto. Por tal motivo, non se terá en conta o plano unido á solicitude de aclaración-rectificación de erros presentada pola Xunta de Compensación. Dito plano non vinculará a esta Administración municipal, nin conlevará o dereito a obter licenzia de obras coa disposición do sólido nél debuxado.

Informe xurídico.- O art. 105.2 Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXA-PAC) dispón que: "*As administracións públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou por instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos*".

No presente caso constatouse que a contradicción detectada atinxe exclusivamente á concreta disposición do sólido edificable na "Zona 1" do Plan Parcial. Contradicción de escasa entidade e lóxica solución sen necesidade de tramitar unha modificación do Plan Parcial. Non se altera o índice de edificabilidade, nin o de cesións obrigatorias, nin tampouco as determinacións dos proxectos de compensación e urbanización.

Tal e como recoñeceu o Tribunal Supremo (S^a 3^a, Secc. 5^a) na súa sentenza do 16/06/2000 (relator: Sr. Sanz Bayón - F.J. "CUARTO") e o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (S^a do Cont.-Ad., Secc. 2^a) na do 13/04/2000 (Arz. 1323, F.J. "SÉPTIMO"), dita subsanación de meros erros materiais non esixe dun procedemento especial. Sen embargo neste caso, e por motivos evidentes de seguridade xurídica, procede formaliza-la devandita aclaración mediante o procedente acordo plenario.

É competente para a adopción deste acordo o Pleno do Concello, por aplicación do principio de unidade de procedemento e de conformidade co disposto no art. 123.1.i) LBRL."

Polo anteriormente exposto os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 15 de xullo de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Clarexar as ordenanzas do Plan Parcial de Cambeses, aprobadas definitivamente por acordo plenario do 02/03/1998, interpretando o apartado "B.3" das ordenanzas, no referente exclusivamente á ocupación da Zona 1, no seguinte senso:

- "*Ocupación: Libre xeometría dentro do rectángulo no que se inscribe a forma proposta no plano de ordenación. Debe respectarse o recuamento*

previsto no Plan Parcial cara a avda. Ramón Nieto, aínda que se permita unha modificación da xeometría deste sólido na parte posterior e nos laterais do mesmo sen saír das aristas do rectángulo inscribible". (expte. 9030/411).

Segundo.- Publíquese este acordo no BOP e no DOG. Notifíquese o seu contido íntegro á oficina municipal de licenzas, ós propietarios incluídos no ámbito do Plan Parcial e á CPTOPV da Xunta de Galicia, con indicación de que contra o mesmo cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza. Únase este expediente xunto co núm. 3577/411.

6.- (191).-MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOU NO ÁMBITO DO SANATORIO DE FÁTIMA. MODIFICACIÓN DO ACORDO DE APROBACIÓN PROVISIONAL. EXP. 7617/411.

A Alcaldía-Presidencia retira este expediente da orde do día non sendo sometido a votación.

7.- (192).-CORRECCIÓN ERRO NO ESTUDIO DE DETALLE DO CUARTEIRÓN NÚM. 67 DO PEEC (RÚA VÁZQUEZ VARELA). EXP. 2543/411.

ANTECEDENTES.- Con data 18 de xullo de 2004, a técnica de administración xeral de Barrios Históricos, Sra. Riobó Ibáñez, coa conformidade do Xerente Municipald e Urbanismo, informa do que segue:

"Primeiro.- O Concello Pleno en sesión do 31 de agosto de 1994 aprobou definitivamente o estudo de detalle dos cuarteiróns 66, 67, 95 e 96 do Plan especial de edificios a conservar, polo que se fixan aliñacións interiores, definen rasantes e se ordea os volumes nesta zona, clasificada como solo urbano e calificada coa ordenanza 1.1.B de edificación pechada.

Segundo.- O 25 de febreiro de 2004 a arquitecta municipal emite o seguinte informe:

"Como consecuencia da solicitude de licenza (expte. 48735/421) para a construción dun edificio no nº 23 da rúa Paraguay esquina Vázquez Varela, incluído no ámbito do cuarteirón nº 96, no que se proxecta a construción dun edificio de VI plantas con fronte á rúa Vázquez Varela e da formulación de varias consultas verbais sobre o número plantas permitidas con fronte a

esta rúa Vázquez Varela á vista da información contradictoria contida no estudo de detalle, emítase o seguinte informe:

Na sesión do 31 de agosto de 1994, o Pleno deste Concello aprobou definitivamente o estudo de detalle dos cuarteiróns núms. 66, 67, 95 e 96 do PEEC.

O obxecto deste estudo de detalle, redactado polo equipo técnico multidisciplinar de apoio á Oficina de Planeamento Municipal conforme o Convenio INEM-Concello, era o da fixación de aliñacións interiores, a definición de rasantes e a ordenación de volumes da totalidade dun área da cidade -Cuarteiróns 66, 67, 95 e 96- clasificada como solo urbano, e cualificada coa ordenanza 1.1.B. de edificación pechada, e con ordenación remitida polo planeamento xeral á redacción dun estudo de detalle.

CRITERIOS CONTIDOS NO ESTUDO DE DETALLE PARA O ESTABLECEMENTO DAS ALTURAS MÁXIMAS.

1.- No apartado 1. "OBXECTO" da memoria deste ED establece que "...o estudo de detalle fai unha proposta de ordenación de volumes axustada ós criterios xerais do Plan Especial de edificios, conxuntos e elementos a conservar (PEEC), aprobado definitivamente o 25 de xaneiro de 1990, ..."

2.- No apartado 4. "DESCRINCIÓN DA SOLUCIÓN PROPOSTA" da memoria deste ED e no informe proposta á aprobación inicial (apartado 3), con relación ás alturas establécense os seguintes obxectivos:

- "No cuarteirón 67 indícase que nos nº 10, 12 e 14 de Vázquez Varela, correspondíalles, segundo a normativa do PEEC unha altura de B+V, pero para respectar a liña de cornixa do nº 10, propónse unha altura menos."

- "As alturas que se propoñen neste estudo atópanse definidas na información gráfica que acompaña ó expediente, no Plano de Proposta P-1."

3.- No informe do secretario xeral, de data 2 de agosto de 1994, previo á aprobación definitiva sinalase: "... as alturas das edificacións, as cales deben coincidir obviamente coas directrices do Plan Xeral."

CRITERIOS XERAIS DE ORDENACIÓN E FIXACIÓN DA ALTURA MÁXIMA DO PEEC.

Epígrafe 3.- Planteamento xeral das normas urbanísticas do PEEC: "...La definición de cornisa dominante, por su parte, es necesario considerarla dada la enorme confusión creada en la práctica con su forma de determinación y dado que, en la mayor parte de los casos considerados, los resultados obtenidos eran los mismos (o muy parecidos) a los que, según el ancho de calle se obtenían, hacen aconsejable volver a este último criterio con ciertas modificaciones de los cuadros de alturas en función del número de plantas, limitando, en general, la altura máxima a bajo y seis plantas, pero matizando las alturas, manzana por manzana, en función además de la realidad de equilibrio de cornisas existentes y deseables, así como la proximidad de edificios catalogados sin posibilidad de adición."

Segundo o epígrafe 8.4.1.d) "Ordenanza 1.1 de Edificación Pechada", a altura permitida para a edificación defínese tendo en conta o ancho da rúa, expresada no cadro 808 no que prevalecerá sempre como elemento limitativo,

a altura en dimensión. Segundo este cadro para un ancho de rúa de 18 a 24 m, o número máximo de plantas en fachada é de 6 (VI) e a altura en dimensión de 18 metros. Ademais, o Plan Xeral no epígrafe 3.4.1.d) das normas urbanísticas, establece idéntico criterio para a fixación da altura máxima da edificación pechada.

O criterio xeral para a medición desta altura máxima regulase no epígrafe 8.1.e. "Altura máxima de la edificación" do PEEC, do seguinte modo: Poderá regularse alternativa ou simultaneamente polo número de plantas e por medición da distancia vertical entre as arestas de encontro da fachada co plano superior do último forxado e coa beirarrúa ou terreo circundante. As alturas mediranse no punto medio da fachada se a lonxitude desta non chega a 15 m., se fora superior se medirá a 7,50 m do punto máis baixo. Cando supere os 20 m realizarase unha subdivisión por tramos desta lonxitude como máximo, iniciando a mesma no punto máis baixo. Se se realizara outro tipo de escalonamento, este se fará en intervalos como mínimo de 5 m.

POSIBLES CONTRADICCIÓNS EXISTENTES NA DOCUMENTACIÓN GRÁFICA DO ESTUDO DE DETALLE.

No cuarteirón nº 96 (obxecto deste informe), na planta do plano de proposta, folla nº P1, de data agosto-1993, con fronte á rúa Vázquez Varela fíxase unha altura de VI plantas. Sen embargo no cadro deste plano, sinalase para a rúa 2: V. Varela, de 20 m de ancho un nº de plantas de V.

Por outro lado, no plano de información, Folla I-2 ("Propuesta de modificación después del trámite de exposición al público 20-VII-94") debúxanse os alzados dos edificios existentes e a posibilidade de ampliación dalgúns ata unha altura máxima de V plantas.

A posible contradicción existente neste plano do alzado xustificárase en base a que os edificios sinalados cos nº 16 e 18 a pesar de contar cunha altura de V plantas acadan unha altura en dimensión próxima ós 18 m, polo que non se podería autorizar neles o engadido doutra planta máis sobre o existente. Razón pola que se debuxaron sobre os alzados dos edificios máis baixos unhas alturas que terían por obxecto igualar as cornixas de tódolos edificios con referencia a estes, sen ter en conta que as alturas deberán medirse no punto medio de cada fachada.

Do análise dos outros alzados deste cuarteirón e dos outros tres comprobouse que o reflectido nestes alzados correspóndese cunha mestura de nivel de información do existente e de proposta de adición de plantas nos edificios máis baixos, xa que, para os edificios cualificados como desconformes e con alturas superiores á permitida, non se establece a altura máxima que lles correspondería polo ancho da rúa e non por isto debe considerarse que a altura máxima proposta no estudo de detalle é a reflectida nestes planos.

CONCLUSIÓN:

Do exposto a técnica que subscribe entende que os planos de información de alzados non poden servir de base para a fixación da altura máxima proposta polo estudo de detalle, que coa excepción sinalada para o cuarteirón 67, xustificada na memoria do proxecto, a altura máxima dos restantes cuarteiróns deberá establecerse en función das directrices da normativa xeral do PEEC, que coinciden coas determinacións da planta do plano de

proposta, folia nº P1, do estudo de detalle aprobado, así para a rúa Vázquez Varela de 20 metros de ancho, corresponderíalle unha altura máxima de VI plantas, prevalecendo como elemento limitativo a altura en dimensión de 18 metros.

Achegase fotocopia deste alzado (contido no referido plano de información I-2) sinalando dun xeito aproximado as cotas da altura propostas no estudo de detalle en metros e en vermello cal sería a altura máxima de cada edificio, segundo a limitación e criterios de medición establecidos no PEEC, en 18 m".

INFORME-FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

Tal e como se sinala nos antecedentes, o obxecto do estudo de detalle era a fixación de aliñacións, definición de rasantes e ordenación de volumes axustada ós criterios do PEEC. Existen distintas referencias ós criterios do Plan especial no estudo de detalle tramitado, alusións "obvias", calificativo empregado polo secretario xeral no seu informe previo á aprobación definitiva do expediente: memoria do estudo de detalle, plano de proposta P-1,...

A arquitecta municipal, no informe transcrito, recolle pormenorizadamente as normas urbanísticas do Plan especial que definen a altura, sendo o criterio xeral o ancho de rúa, de tal forma que entre dezaioito a vinte e catro metros, o número máixmo de plantas é seis, en coincidencia co previsto no Plan xeral.

No expediente tramitado existe unha contradicción cando no plano de proposta, folia P1, para o cuarteirón 96, con fronte a Vázquez Varela se establece unha altura de seis plantas, en aplicación das normas citadas, mentres que o cadro descriptivo deste cuarteirón recolle cinco plantas, a pesar de que o ancho da rúa Vázquez Varela é de vinte metros. O mesmo erro reproducése no plano de información, folia I-2 cando se dibuxan os alzados dos edificios existentes incluída a posibilidade de ampliar algúns destes ata acadar as cinco plantas.

En calquera caso, a definición da altura máxima non era obxecto do estudo de detalle, nin o pode ser á vista do disposto no artigo 73 da Lei 9/2002, de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, que nunha liña parella á normativa urbanística anterior, regula os obxectivos dos estudos de detalle cun carácter limitativo. Será o plan especial, asumido polo Plan xeral, o que determine este parámetro, correspondendo á rúa Vázquez Varela, de vinte metros de ancho, seis plantas co límite de dezaioito metros de alto, condición asumible dende que non existen edificacións catalogadas no cuarteirón que, dada a altura actual, impida o cumprimento dos dous parámetros da altura, número de plantas e dimensión.

Segundo determinacións do artigo 105.2 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común do 30 de novembro de 1992, as administracións públicas poderán rectificar en calquera tempo de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos, existentes nos seus actos.

Conforme ós artigos 86 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, 127.1 da Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, 123.1 letra "i" da Lei 7/85, reguladora das bases de réxime local, é competente para a rectificación deste erro, o Concello-Pleno, a proposta do Consello da Xerencia de urbanismo."

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do 22 de xullo de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORODO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,

ACÓRDASE:

Corrixir o erro material apreciado no estudo de detalle do cuarteirón 96 do Plan especial de edificios a conservar, en canto no cadro dos parámetros urbanísticos do citado cuarteirón, respecto á altura máxima correspondente para a rúa Vázquez Varela debe dicir seis plantas e dezaoto metros, en substitución das cinco citadas, en coincidencia co plano de planta proposto, folla P1 e criterios do PEEC, corrixindo asemade o alzado da altura según proposta da arquitecta municipal no plano que acompaña co informe de data 25 de febreiro de 2004.

8.- (193).- APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DA UE IV.07 MONTECELO ALTO. EXP. 8492/411.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de xullo de 2004, o técnico de administración xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. Cominges Cáceres, informa do que segue:

"FEITOS.

1º.- No vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado no 29/04/1993, delimitouse o polígono "UE IV-07-Montecelo" entre o remate da rúa Montecelo Alto na de Travesía de Vigo, -números 72 a 86- e a prolongación do vial de nova apertura que enlaza estas dúas rúas, cunha superficie aproximada de 2.000 m²; 300 m² de cesión mínima para zona verde; usos permitidos polas Ordenanzas 1.1. e 1.2 e a compensación como sistema de actuación.

2º.- A ordenación deste ámbito remitiuse a un estudo de detalle, que se aprobou definitivamente polo Concello-Pleno en sesión do 26/10/1995.

O estudo de detalle aprobado, axustado á ficha de características do Plan Xeral, ordeou os volumes de acordo coas especificacións daquela, respectando as aliñacións previstas no Plan Xeral, cos naturais axustes debidos á tipoloxía, edificación e viario xa existente.

A superficie da unidade de execución que figura na ficha -2.000 m²- corrixiuse ós 2.062 m² que resultan da medición realizada do ámbito, reaxustando, en consecuencia, de acordo co apartado 3.2.2, das Normas urbanísticas, as superficies mínimas de cesión, que pasan a ser 309,30, prevéndose a tal fin 352,30 m² de superficies verdes e libres, dos que uns 110 m² corresponden a beirarrúas, así como a edificabilidade total resultante que se fixa en 4.124 m² construíbles.

As alturas dos sólidos sitúanse entre dúas e catro plantas, agás a do sólido que se adosa á parede cega do edificio número 163 da rúa Travesía de Vigo que pode alcanzar ata as dez plantas.

3º.- Con data 03/07/2003 a entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios S.L.", actual propietaria da meirande parte da unidade de execución e titular dunha opción de permuta sobre a parte restante, solicitou desta Administración municipal a modificación do estudo de detalle aprobado, conforme a documentación aportada, redactada polos mesmos arquitectos responsables do proxecto inicial, D. Antonio Hernández Crespo e D. José A. Alonso Rial, con data de visado do COAG de 30 de xuño de 2003. A documentación aportada completouse e reformouse co plano 01, delimitación, e o 03-bis de planta xeral do ámbito, con datas de visado do 19 de agosto de 2003.

O arquitecto técnico municipal emitíu sendos informes sobre dita solicitude de modificación en datas respectivas 26/08/2003 e 05/04/2004. O técnico de administración xeral da Oficina de Planeamento emitíu informe xurídico favorable no día 07/04/2004.

En data 26/04/2004 a Xunta de Goberno Local acordou aprobar inicialmente esta modificación puntual do estudo de detalle. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de vinte días, mediante publicación de anuncio no DOG núm. 103, do 31/05/2004 e no diario Faro de Vigo do 04/06/2004, así como notificación ós interesados. Durante dito período non se presentou ningún escrito de alegacións.

4º.- A modificación ten por obxecto reordenar a edificabilidade resultante de 4.124,00 m² a construír, en tres sólidos, dous de catro plantas e un de dez plantas, rebaixando a ocupación sobre rasante. Figura para cesión de viario unha superficie de 391,22 m²; para zona verde unha cesión de 315,00

m² de superficie e para as berirarrúas anexas á zona verde e ó viario 161,48 m² de superficie.

O cadro comparativo que figura no informe técnico de 5 de abril de 2004 citado é o que segue:

COMPARATIVO

	FICHA PXOU	ED APROBADO	ED REFORM.	MINIMO/MAX.
SUPERFICIE	2.000,00 m ²	2.062,00 m ²	2.062,00 m ²	
EDIFICABILIDADE	2 m ² /m ²	2 m ² /m ²	2 m ² /m ²	2 m ² / m ²
ZONAS VERDES	300,00 m ²	252,30 m ²	315,00 m ²	309,30 m ²
BEIRARRUAS	---	110,00 m ²	161,48 m ²	---
VIARIO	---	508,50 m ²	391,22 m ²	

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.

I.- O estudo de detalle de referencia refírese a unha unidade urbana completa; redáctase cunha das finalidades sinaladas no artigo 73.1 LOUGA: ordenación dos volumes edificables; axústase ás previsións do vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo que desenvolve, sinaladamente á excepción dos límites de altura das edificacións previstas no apartado d) da ordenanza 1.1 de edificación pechada (3.4.1) das normas urbanísticas do vixente PXOU, xustificada na necesidade de obter unha solución de axuste coas edificacións colindantes e contén a documentación requirida polo aritigo 66 do Regulamento de planeamento.

II.- De acordo co disposto no apartado 3.2.3.5.b) das Normas urbanísticas do PXOU os propietarios do ámbito deberán asumir a conservación das zonas verdes de nova creación bardante as que teñan a consideración de sistemas xerais. Igualmente, de conformidade co disposto no acordo da Comisión Municipal de Goberno do 7 de febreiro de 1991, sobre "condicións con carácter xeral en cesions de dereito de superficie" serán de conta do cedente, propietarios e copropietarios dos locais e vivendas da edificación, a conservación do uso da superfice que se constiúa, sobre e baixo rasante, sen prexuízo da potestade municipal de vixianza, comprobación e execución das obras que o Concello considere convenientes; condicións que deberán figurar no acordo de concesión da licenza de obra para a edificación a executar na parcela sobre a que se constitúe o dereito de superficie, na escritura pública que se deberá outorgar para constituir o dito dereito e na de división horizontal da edificación.

III.- Este procedemento de modificación puntual tramitouse consonte co disposto no art. 86.2 da LOUGA. A súa aprobación definitiva corresponderalle ó Pleno municipal, por maioría simple de votos, de conformidade co preceptuado no art. 127.1.d) Lei 7/1985, do 2 de abril, de Bases do Réxime Local."

Polo anteriormente exposto o funcionario asinante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 22 de xullo de 2004, propón a aprobación da devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dous votos en contra dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar definitivamente a modificación puntual de estudo de detalle da UE IV-07 Montecelo, promovida pola entidade mercantil "Gestiones Urbanísticas y de Negocios, S.L.", redactada polos arquitectos D. Antonio Hernández Crespo e D. José A. Alonso Rial, visado polo COAG nos días 30/06/2003 e 19/08/2003 (expte. 8492/411).

Segundo.- Consonte co sinalado na "Consideración xurídica II" precedente, no tempo da recepción das obras de urbanización deberá constituírse unha entidade de conservación.

Terceiro.- Notifíquese o contido íntegro deste acordo ós interesados, coa advertencia de que contra el cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza no prazo de dous meses. Publíquese no BOP e no DOG, e notifíquese á Xunta de Galicia nos termos regulados no art. 92 LOUGA.

9.- (194).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 50/2004 (SUPLEMENTO DE CRÉDITO),
POR IMPORTE DE 147.795 €. EXP. 2853/446.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, con data 7 de xullo de 2004, resolveu iniciar expediente de modificación orzamentaria co fin de dar cobertura á ampliación do contrato de zonas verdes (partida 4326.2270900) para o presente exercicio 2004, ascendendo a dita modificación a un importe de 157.795 euros, e con cargo á partida 4510.48900003 "Aportación Fundación Marco"

A interventora xeral con data 9 de xullo de 2004, informa do que segue:

"A devandita modificación implica, conforme ó estipulado polo artigo 177 do texto refundido da Lei 39/1988, reguladora das Facencas Locais, aprobado polo RDL 2/2004, a aprobación dun expediente de suplemento de crédito, xa que o crédito existente non é suficiente debido a que o contrato

actualmente en vigor é insuficiente para afrontar as novas recepcións de zonas verdes para o seu mantemento municipal como consecuencia do desenvolvemento urbanístico da cidade, tal e como fai constar o enxeñeiro de montes no seu informe de data 9 de xuño pasado.

A financiación farase con cargo á partida 4510.4890003 "Aportación Fundación Marco".

Este expediente, previo dictame da Comisión informativa de Economía e Facenda, someterase, segundo o preceptuado polo citado artigo 177, á aprobación plenaria, con suxeición ós mesmos trámites e requisitos que os orzamentos. Serán así mesmo de aplicación as normas sobre información, reclamacións e publicidade dos orzamentos a que se refire o artigo 169 do citado Texto refundido.

SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACIÓN

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
4326.2270900	Mantemento de zonas vedes	147.795.-

ORIXE

<u>PARTIDA</u>	<u>CONCEPTO</u>	<u>IMPORTE</u>
4510.4890003	Aportación Fundación Marco	147.795.-"

O concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, con data 9 de xullo, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria num 50/04, relativa ó gasto que se relaciona no decreto de incoación, por un importe de 147.795 €.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos no artigo 169 do Texto Refundido da Lei 39/88, Reguladora das Facendas Locais.

10.- (195).-MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA NÚM. 47/2004 (TRANSFERENCIA DE CRÉDITO), POR IMPORTE DE 18.120,16 €. EXP. 1354/101.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de xuño de 2004, a Alcaldía-Presidencia resolveu iniciar expediente administrativo de transferencia de crédito por importe

S.Ordinaria 26.07.04

de 18.120,16 euros na partida orzamentaria 111.0.227.06.05, "Programas da Alcaldía", á partida orzamentaria 451.2.226.08.05, "Festas de Vigo", co obxecto de facilitar, por compensación dos gastos de Alcaldía realizados pola Concellería de Festas e Animación Sociocultural, o desenvolvemento das Festas de Vigo.

Con data 7 de xullo de 2004, a interventora xeral informa do que segue:

"Visto o expediente (1354/101) presentado polo xefe administrativo da Alcaldía e conformado polo seu Concelleiro Delegado, onde se xustifica a necesidade de realizar unha modificación orzamentaria debido a que na previsión de orzamentos para 2004, a Concellería de Festas tiña prevista unha partida para afrontar os gastos do desenvolvemento da Festa de Reconquista de Vigo 2004 (históricamente afrontounos a Alcaldía), pero que, ó non se ter aprobado os devanditos orzamentos e terse prorrogado o Orzamento 2003, a dotación para afrontar eses gastos consta na Alcaldía e non no Departamento de Festas, sendo esta a causa pola que dende Alcaldía se solicita a modificación (transferencia) que permita cubrir a totalidade dos gastos que se deriven da programación das Festas de Vigo por parte do Departamento de Festas, esta Intervención Xeral informa:

Segundo o artigo 179 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado mediante RDL 2/2004 e o artigo 40 do Real Decreto 500/1990, a transferencia de crédito que se propón afecta a partidas de gasto de distinto grupo de función, polo que, conforme ó artigo 179.2 do TRLRFL e Bases de execución do orzamento, a competencia para a súa aprobación é do Pleno da Corporación.

O expediente cumpre o estipulado no artigo 180 do TRLRFL e o artigo 41 do Real Decreto 500/1990.

De acordo co establecido no artigo 179.4 do TR, esta modificación de crédito estará suxeita ós requisitos establecidos nos artigos 169,170 e 171 do TR.

TRANSFERENCIA DE CREDITO

<u>PARTIDAS MODIFICADAS</u>	<u>IMPORTE</u>
- Partida de gastos minorada 1110.2270605 "Programas Alcaldía"	18.120,16
- Partida de gastos incrementada 4512.2260805 "Festas de Vigo"	18.120,16

O crédito das partidas no importe que se pretende minorar, é de libre disposición ó non estar declarados indispoñibles polo Pleno da Corporación, ó non estar retidos nin se atopar en situación de autorizados ou recoñecidos, estimándose que poden ser reducibles sen perturbación do servizo."

O concelleiro delegado da Area de Xestión Municipal, con data 8 de xullo, emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

S.Ordinaria 26.07.04

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatros membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria num 47/04, relativa á transferencia que se relaciona no presente expediente, por un importe de 18.120,16 euros.

Segundo.- Someter o expediente ós trámites de información e publicación previstos nos artigos 169, 170 e 171 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

11.- (196).-DAR CONTA DE EXECUCIÓN ORZAMENTARIA CORRESPONDENTE Ó 2º TRIMESTRE DE 2004.

ANTECEDENTES.- Con data 8 de xullo de 2004 a interventora xeral, coa conformidade do concelleiro delegado de Xestión Municipal, presenta perante o Pleno da Corporación documentación relativa á execución dos orzamentos e do movemento da Tesourería por operacións orzamentarias e non orzamentarias e da súa situación, correspondentes ó segundo trimestre de 2004.

Todo isto en aplicación do disposto na base 3ª das de execución do orzamento xeral de 2003 prorrogado para o exercicio 2004.

A comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do día 19 de xullo de 2004 quedou enterada do anterior.

A Alcaldía-Presidencia da conta do expediente ó Pleno da Corporación Municipal quedando iste enterado.

12.- (197).-RECURSO DE REPOSICIÓN EN RELACIÓN COA RECUPERACIÓN DE OFICIO DA POSESIÓN DA PROPIEDAD MUNICIPAL NÚM. 000119, SITA NA SUBIDA Ó CEMITERIO DE PUXEIROS. EXP. 16066/240.

ANTECEDENTES.- Con data 16 de febreiro de 2004, o xefe de Patrimonio, Sr. Rodríguez Cadarso, coa conformidade do xefe de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Patrimonio, emite o seguinte informe:

"NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Rexime Local (LRBRL).
- L30/1992 do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común. (LRXAP e PAC).
- RDL 781/1986 do 18 de abril, do Texto refundido das Disposicións Legais en materia de Réxime Local (TRRL)
- RD 2568/1986 do 28 de novembro, do Regulamento da Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. (ROFRXEL).
- RD 1372/1986 do 13 de xuño, do Regulamento de Bens das Entidades Locais. (RBEL).

ANTECEDENTES DE FEITO:

D. Luis Rodríguez Pérez, actuando en calidade de presidente en nome e representación da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral, formula recurso de reposición o 20.01.04 contra acordo do Pleno Municipal de 24.11.2003 polo que se declarou a inadmisibilidade do recurso de reposición interposto e das alegacións formuladas ó procedemento ó non resultar acreditada a condición de interesada no procedemento de recuperación de oficio da posesión da propiedade municipal nº 000119 incoada por Garci Venta, S.L.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMERO.- O acordo plenario do 24.11.03 xa tratou e resolveu a pretensión da agora recorrente sobre a súa condición de interesada no procedemento, contendo o fundamento xurídico primeiro dos antecedentes en que se basea o acordo adoptado, os razonamentos xurídicos que motivan a desestimación da dita pretensión, sen que co actual recurso se vexan desvirtuados estes ó ser unha reiteración dos xa alegados e informados con anterioridade.

Nestas circunstancias procede desestimar o recurso interposto pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral, ratificando e mantendo nos seus termos o acordo do Pleno Municipal do 24.11.

SEGUNDO.- Corresponde ó Pleno Municipal, previo dictamen da Comisión Informativa de Xestión Municipal, a resolución do recurso de reposición interposto, de conformidade co disposto no art. 116 da L.30/92 de RXAP e PAC."

Por todo o anteriormente exposto, ó funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 19 de xullo de 2004, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecatro membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar o recurso de reposición interposto por D. Luis Rodríguez Pérez na súa condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Cabral e no seu nome e representación, contra o acordo plenario de data 24.11.03 ó non resultar desvirtuados os fundamentos xurídicos que motivaron a declaración de inadmisibilidade recorrida.

13.- (198) APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE Ó EXERCICIO 2003.

ANTECEDENTES.- Con data 12 de xullo de 2004, a interventora xeral, coa conformidade do concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, formula o seguinte informe:

"A Alcaldía-presidencia, por decreto do 19 de abril de 2004 resolveu rendir a conta xeral dos orzamentos correspondentes ó exercicio de 2003, someténdoa a informe preceptivo da Comisión Especial de Contas. A Intervención Xeral emitiu informe con data 19 de abril de 2004 que obra unido ó expediente, comprendendo iste, tanto a conta do orzamento do Concello como a dos seus organismos autónomos, Instituto Municipal de Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, así como os informes de liquidación dos devanditos entes.

Cos informes preceptivos previstos no artigo 212.3 do TRLRFL, a conta xeral espúxose ó público polo prazo de quince días, máis oito, rematando o prazo o día 6 de xullo, sen que se produciran reclamacións, reparos ou observacións de acordo coa certifiacción emitida polo titular do Órgano de apoio da Xunta de Goberno Local."

Polo anteriormente exposto e de conformidade co previsto no artigo 212.4 da citada Lei, a Sra. Interventora emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vinteún votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Ratificar a proposta da Concellería de Economía e Facenda relativa ás dotacións porcentuais para saldos de dubidoso cobramento.

Segundo.- Traspasar o saldo do subgrupo 14 do balance de situación correspondente ó 31 de decembro de 2003 á conta de Patrimonio correspondente á Entidade Local, do Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo.

Terceiro.- Traspasar a resultados pendentes de aplicación o saldo da conta 890 correspondente á Entidade Local, o Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo e Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ós resultados do ano 2002.

Cuarto.- Aprobar a conta xeral do Concello de Vigo correspondente ó ano 2003, integrada por:

- A da propia entidade
- OA Parque das Ciencias Vigo-Zoo
- OA Escola Municipal de Artes e Oficios
- OA Instituto Municipal dos Deportes
- OA Xerencia Municipal de Urbanismo

E composta polos seguintes documentos:

- Balance de situación
- Contas de resultados
- Estado de orixe e aplicación de fondos
- Cadro de financiación anual
- Liquidación do estado de gastos (corrente)
- Liquidación do estado de ingresos (corrente)
- Consolidación do estado de gastos e ingresos (por capítulos)
- Resultado orzamentario
- Liquidación de orzamentos pechados
- Estado de Tesourería
- Estado da débeda
- Balance de comprobación
- Modificacións de crédito
- Estado de remanente de Tesourería
- Estado de situación e movementos das operacións non orzamentarias de Tesourería
- Estado de situación e momentos de valores

Cuarto.- En cumprimento do previsto no artigo 223 do TRLRFL, remitir ó Consello de Contas de Galicia a conta xeral antes do 15 de outubro.

14.- (199).-DAR CONTA DE INICIO DO EXPEDIENTE PARA A REALIZACIÓN DE OBRAS DE EMERXENCIA NO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAÍDOS.

ANTECEDENTES.- A Xunta Local de Goberno, na súa sesión do día 12 de xullo de 2004, acordou o seguinte:

"15. DECLARACIÓN DE EMERXENCIAS DE OBRAS NO ESTADIO DE FÚTBOL DE BALAIÓDOS.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe do titular do Órgano de Apoio á Xunta de Goberno local que di:

A Xunta de Goberno Local, con data 24/05/2004, encomendou ao funcionario que subscribe un informe sobre as consecuencias da non aprobación do proxecto de orzamento municipal para o ano 2004 en relación coas obras previstas no mesmo para a conservación do estadio de fútbol de Balaidos.

Con carácter previo á emisión do dito informe, con data 26/05/2004 este órgano solicitou do Servicio de Deportes informe sobre cales das obras incluídas como "actuacións urxentes" na auditoría técnica realizada pola empresa GOC deban ser obxecto da tramitación de emerxencia á que se refire o artigo 72 do RDL 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

Nun informe de data 21 de xuño de 2004, asinado polo arquitecto municipal D. Alberto Abia Alonso, o director deportivo D. Vicente Romo Pérez e o aparelador municipal D. Miguel A. Carrera Mouriño, dase conta de que se consideran obras de emerxencia e que polo tanto é necesario comezar de inmediato porque poden afectar á seguridade das persoas, as que figuran no resumo de actuacións de emerxencia subscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, por un importe de 1.359.258,77 euros.

Tendo en conta o contido deste informe o funcionario que subscribe informa favorablemente a declaración de emerxencia das obras a realizar no estadio municipal de fútbol de Balaidos incluídas no resumo de actuacións de emerxencia subscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, que importan a cantidade de 1.359.258,77 euros, aos efectos da súa tramitación de acordo co que se establece no artigo 72 e concordantes do RDL 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas.

A Xunta de Goberno acorda:

Declarar de emerxencia as obras a realizar no estadio municipal de fútbol de Balaidos incluídas no resumo de actuacións de emerxencia subscrito polo arquitecto D. Alberto Cameselle Lago, que importan a cantidade de 1.359.258,77 euros, e a súa contratación pola vía de emerxencia de acordo co que se establece no artigo 72 e concordantes do RDL 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos das administracións públicas."

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia da conta á Corporación Municipal quedando esta enterada.

15.- (200).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO COMERCIAL NA LAXE.

16.- (201).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE SOBRE A CONVENIENCIA DE RENUNCIAR Á CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO COMERCIAL NA LAXE.

As anteriores mocións retíranse polos seus respectivos poñentes non sendo sometidas a debate nin votación.

17.- (202).-RATIFICACIÓN DA PROPOSTA DA XUNTA DE VOCEIROS RELATIVA Á CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO COMERCIAL NA LAXE.

ANTECEDENTES.- A Xunta Municipal de Voceiros, na súa sesión realizada o día 22 de xullo de 2004, por unanimidade, acordou formular ó Pleno da Corporación a seguinte proposta referente á construcción dun centro comercial na dársena da Laxe:

Primeiro.- Manifestar expresamente a súa vontade de que non se proceda á construcción do centro comercial previsto na dársena da Laxe co propósito de dedicar ese ámbito ó esparcemento público dos cidadáns de Vigo.

Segundo.- Instar ó Consorcio da Zona Franca de Vigo á iniciación das conversas que resulten necesarias coas partes afectadas a fin de buscar solución ás problemáticas xurídicas e económicas que puidera presentar a alternativa proposta.

Terceiro.- Remitir a presente proposta ó Delegado do Goberno no Consorcio da Zona Franca de Vigo.

DEBATE.- SRA ALCALDESA: Eu creo que se poderían unir as tres, se lles parece ben.

SR. SOTO FERREIRO: Primeiro do que se trata é da Xunta de Voceiros e se se unen as tres mellor que mellor porque xa o propuxen nesa Xunta. Iso non impide que tiñamos o debate que debemos de ter.

SR. PÉREZ MARIÑO: Son similares no contido pero teñen diferencias nos acordos. Nos propoñamos que se debatan todas xuntas pero que se voten por separado.

SR. SOTO FERREIRO: Iso equivalería a se as falamos e as metemos todas xuntas, mesmo se queren votar xuntos un texto. Supoño que votaremos xuntos o da Xunta de Voceiros e a partir daí propoñer emendas os grupos que queiran se é que queren emendar ese texto. Digo eu porque senón podería ser unha contradicción que votemos por unanimidade o acordo da Xunta de voceiros e despois que votemos outra cousa por outra moción. Nin o debate vai impedir que cada quen diga o que lle pete, porque eu o vou dicir e iso mesmo é o que debe facer todo o mundo, e ó mesmo tempo a capacidade propositiva de emendar o acordo da Xunta de Voceiros se alguén o quere facer.

SRA. ALCALDESA: Entendo que o debate é único e que o acordo é o ratificado na Xunta de Voceiros.

SR. PÉREZ MARIÑO: Nós non temos inconveniente en retirar a nosa moción se se retira a moción de Democracia Progresista Viguesa e se aproba exclusivamente a ratificación do acordo da Xunta de Voceiros que en definitiva é o espírito do problema.

SRA ALCALDESA: Penso que ese é o espírito que estamos a dicir. Ten a palabra o señor Soto.

SR. SOTO FERREIRO: Alegrome de que chegaran a esa decisión que eu mesmo lle propuxera xa na Xunta de Voceiros. En todo caso comezo polo final. Benvidos ó sensato acordo que na miña opinión propón a Xunta de Voceiros en todos os sentidos. E dígolles benvidos ós outros tres grupos políticos porque tamén comprenderan que non deixe pasar de longo dicirlle que moitas veces somos a voz que clama no deserto, con absoluta razón en demasiadas cousas, e que os tempos, os tribunais, ou vostedes mesmos como neste caso felizmente, nos veñen dar a razón.

Pero deixeme dicir tamen que quero criticar a súa actuación pasada pero ó mesmo tempo felicitalos por ter a coraxe política de cambiar de opinión, que iso require coraxe política e refírome outra vez ós tres grupos

políticos. Xa o dixen publicamente e volvo dicilo. Dito isto, deixeme facer outra introducción.

Temos unha posición dende hai tempo moi clara neste tema e os demais tiveron outro tipo de posicións que agora si habería que explicar nalgunha dirección. A nosa posición non só se ten dito no Concello, se ten dito tamén coa Zona Franca anterior, se ten manifestado a través do seu ex delegado do Goberno do Estado. Aquí ven a primeira imputación ó grupo Popular. ¿Por qué non presentaron vostedes isto cando había outro delegado do Estado? Pois non o fixeron porque o delegado de Estado anterior non estaba de acordo con que se deixara de facer o centro comercial da Laxe, así mo dixo a min e díxoo publicamente. Se mo dixera nunha conversa privada eu non a manifestaría, pero como o dixo a todos os medios de comunicación que o quixeron escoitar, pois non me dixo a min nada diferente. Eu non escoitei ó grupo Popular pedir que realmente se cambiara esa decisión porque tiñan acaso contradicións entre vostedes, non sei se xa o pensaban, se o pensaron despois ou qué pasou polo camiño.

Pero deixenme dicir, a vostedes e a toda a Corporación porque o grupo socialista pola súa heteroxeneidade, e perdoen que o diga así, como partido e como grupo en tantas cousas, en todo caso a afirmación é positiva, dende Democracia Progresista Galega non imos, non xa a facer, senón consentir a caza do home do novo delegado do Estado. Como o digo para min, non se ofenda ninguén ou que se ofenda quen lle pete, dame igual.

Non pode parecer iso nin sequera diante da opinión pública porque no noso caso rotundamente non o é. Primeiro porque confiamos na capacidade de xestión do novo Delegado do Estado. Mire o que lle digo nestes momentos da súa impopularidade, con absoluta coraxe tamen, na súa bonhomía e na súa capacidade xestora, nas dúas cousas. Iso non quere dicir que na defensa dos intereses de Vigo non poñamos as nosas opinións por diante das súas como estamos a facer neste tema con absoluta firmeza.

Dito isto, un comprende que chegue a unha delegación do Estado tan importante como é a Zona Franca de Vigo e diga que hai menos dun ano modificabamos á alza, para máis construción, un centro e agora dicimos que non se pode construír. Como mínimo alguén ten que se sentir desconcertado e poderíalle parecer o que dende logo para nada está no noso ánimo, máis ben todo o contrario. Se podemos e sabemos axudarémolle na súa xestión todo o que poidamos e que non lle poida parecer realmente que aquí se desatou unha caza de bruxas rara.

Dito isto, é importante dicirlle ó pobo de Vigo que nos movemos, coido que todos, en criterios obxectivos, uns porque xa o tiñamos visto e outros porque o viron despois. É moito mellor obxectivamente para a cidade de Vigo que ese centro non se construa. Pero para que non pareza ser todo unha actuación discriminatoria de calquera xeito, deixenme dicirlles tamen que, estando de acordo coa Xunta de Voceiros e votaremos a favor, hai que poñer o acento non soamente no qué senón tamén no cómo porque é trascendental. ¿Faise ou non se fai o centro? Non, que non se faga. E agora, ¿cómo se toma a decisión de que non se faga? Tense que facer e ten que ser todo un acordo ó mesmo tempo, en negociación coa Zona Franca e coas outras institucións que poidan estar implicadas no asunto, por exemplo a Xunta de Galicia.

O Concello de Vigo temos, e asumo a parte que como Concello me corresponda aínda que non polas decisións, unha parte de responsabilidade evidente na caducidade deste proxecto. Responsabilidade que debemos de asumir no sentido que sexa mester e Deus me libre de anticipar en qué sentido pero temos que asumir algunha responsabilidade, non soamente moral senón tamén económica e estou falando claramente. Pareceríame francamente inxusto despois deste desaguizado que lle digamos, e comprendo a posición do Delegado de Estado, que hoxe aprobamos, mañá desaprobamos e agora paga vostede todo iste desaguizado enteiro. Se estivera no lugar do Delegado de Estado defendería a institución que teño responsabilidade de defender que é a Zona Franca e diríalles que non me deixo, polo menos cheguemos a un acordo razoable para ver como arranxamos este asunto.

Hai que se poñer nesa situación porque eu non os teño visto ós demais nela, só os vexo na posición que eu comparto unha vez máis de dicir que non se faga iso. Moi ben, pero a continuación, ¿cómo se materializa que non se faga? ¿Por qué o Partido Popular está tan calado con respecto a que se iso non se fai a Xunta de Galicia, por exemplo, ten que pagar a construción do centro de saúde feito no Casco Vello? Pagalo enteiro porque se non houbera este acordo de por medio, pagou a Zona Franca, señora alcaldesa, porque na miña opinión, foi a Zona Franca quen fixo aportacións económicas para ese pago. Se non é así, con moito gusto me desdigo.

Evidentemente, se iso é derivado dun convenio a máis do traslado do lugar onde estaba, a indemnización por ser a Xunta de Galicia, etc. porque iso foi o pactado, a min paréceme que a Xunta de Galicia, se cambia de lugar ou se fai un centro de saúde por calquera das dúas condicións, non pode ser nin o Concello de Vigo nin a Zona Franca quen llo pague senón que ten que

ser a propia Xunta de Galicia. Señora alcaldesa, se estou equivocado dígamo que eu sei asumir os meus erros e mesmo pedir perdón por eles publicamente. A min paréceme que é como eu lle digo, pero insisto, se estou equivocado clarificamo.

A min parece que todas as administracións temos que arranxar este problema. É absolutamente importante a resolución do problema quedando ó final nun acordo para que as negociacións e os traballos que necesariamente temos que seguir entre o Concello e a Zona Franca se fagan do mellor xeito posible no futuro. Polo tanto que todas as partes implicadas no tema de Abrir Vigo ó mar, no tema máis concreto de construír ou non o centro comercial da Laxe.

E déixeme dicirlle por último que non hai moito tempo Xulio Alonso, o meu compañeiro, dicía no Pleno desta Corporación o 26 de febreiro, que agora que a Zona Franca vai cambiar de presidente, a ver se é posible non facer o centro comercial, porque vostedes teñen que ser moi conscientes dos danos e repercusións que iso ten.

A nosa posición como grupo e como persoas é moi clara neste tema, mesmo cando outros compañeiros de Corporación de todos os partidos nos dicían que xa estaba feito, que xa estaba acordado, que non había quen cambiase isto etc. Miren por onde a vontade política estou convencido de que vai poder cambiar isto, pero hai que o facer realmente ben, por medio dunha negociación, chegando a un acordo para desbloquear este asunto. Moitas grazas.

SR. TOBA GIRON: Grazas señora presidenta. Bos días a todos e a todas. Creo que o propio devir dos acontecementos, as propias obras de posta en marcha da realización dese centro permitíronnos ver unha oportunidade mellor que a construción dese centro. Sinceramente prefiro velo así. Creo que a propia realización do derrubado do edificio de Sanidade Exterior permitiu que toda a cidade vira unha opción distinta á que estaba naquel momento falada e que parece mellor que a opción pola que se optara xa no proxecto de Abrir Vigo ó mar aló polo ano 93 ou 94. A propia desaparición dese edificio facilita visualizar algo mellor.

O que había sen dúbida formaba parte do proxecto pero a desaparición e apertura ante a cidade de Vigo, ante aquel cidadán que se achegue a aquela zona, que con moita facilidade interpreta o actual baleiro do espazo na consecución dun novo espazo público de continuación de Montero Ríos.

Sinceiramente creo que esta rara unanimidade entre os grupos municipais resulta de que ó cabo todos temos sensibilidade con respecto ó que opinan os cidadáns, as cidadás de Vigo, do que se pulsa no ambiente da cidade de Vigo e iso permítenos nalgúns momentos comprender, insisto, que hai unha opción mellor que a que pensamos para ese espacio urbán e así creo que debemos pensar. Existe unha opción mellor para gañar unha mellor cidade e aquilo que redunde en gañar mellor cidade debe ser apoiado. Mesmo con aparencia de contradicción, que non é tal, porque ó cabo do que se trata é de tomar as decisións que conquisten maior benestar para a cidadanía porque para iso estamos aquí.

Nós pensamos como grupo que neste momento o debate esta inevitablemente no Consorcio da Zona Franca e alí a propia representación deste Pleno, todos e todas os que alí estamos, debemos transmitir esta idea que o outro día redactamos de xeito apresurado na Xunta de Voceiros pero teño que dicir que de forma acertada porque efectivamente, coido eu, tocamos todo aquilo que había que tocar. Tanto a manifestación de vontade da Corporación do desexo de ver transformado ese espazo urbán nun sentido distinto do pensado, como tamén no punto segundo de tal resolución, o recoñecemento da necesidade de iniciar os procedementos de negociación que sexan necesarios deixando todas as portas abertas para levar a bo termo tal iniciativa sobrevida pero que sen dúbida a todos e todas os cidadans de Vigo, a toda a cidade de Vigo, parécelle mellor.

Creo que é bo que para o próximo Pleno do Consorcio da Zona Franca que se realiza o próximo mercores, acabamos de ser convocados, é magnifico para os que ademáis somos vocais alí desta Corporación sentirse apoiados pola totalidade da Corporación. Polo que a min me toca pretenderei e seguro pretendemos todos e todas, manifestar coa máxima, coa maior das nosas conviccións isto que é unha convicción de todos e todas.

Esta reunión que se realizará o próximo mércores e que vai estar presidida por vostede, señora presidenta, porque vostede é a presidenta do Consorcio da Zona Franca, nós presidimos a Zona Franca e vostede esta alí derivado do seu propio cargo de alcaldesa presidenta, polo tanto vostede vai estar alí con todos os que somos vocais do Consorcio da Zona Franca e, ademáis de dar a benvinda ó señor Calviño que espero que se integrará na próxima reunión, quero dicirlle que esperamos de vostede unha actitude moi activa, a mesma actitude que nós imos ter e que está comprometida neste Pleno pero a vostede ímoslle facer unha solicitude especial porque é a alcaldesa e é a

presidenta do Consorcio da Zona Franca. Queremos ver unha actitude máis activa por parte de todos e de todas e particularmente de vostede.

Pensamos que non é momento de discutir outras alternativas. Nós presentamos unha iniciativa que tiña un obxecto fundamental: levar o debate ó comité executivo de Zona Franca porque pensabamos e seguimos pensando que agora o entorno da decisión é o propio Consorcio da Zona Franca e independentemente de que cada un poida ter unha idea mellor ou peor, este non é o momento de enunciar posicións concretas, senón que dende o noso punto de vista é o momento de enunciar a posición de todos e todas. Nada máis, gracias señora presidenta.

SR. PÉREZ MARIÑO: O outro día oínlle eu a un periodista dicir qué pesados son os Plenos municipais con mocións que despois todo o mundo vai aprobar por unanimidade e fanse unhas discusións eternas. Pedíndolle excusas ós que aburrimos eu creo que este é un tema que necesita, non só dicilo, senón tamén explicitalo. Dende este micrófono que temos no Pleno da Corporación municipal, a cidade necesita un pouco saber porqué neste momento se di que non a unhas obras que xa están licitadas, a un proxecto que se aprobou en tempo atrás.

Por certo, que se aprobaron todas as súas modificacións, todo o seu proxecto do 16 de abril do 98, o plan especial o 21 de novembro de 2000 e a modificación o 6 de xuño de 2003. Digo isto porque esta Corporación no seu conxunto non estivo en ningunha das modificacións parciais da aprobación deste centro comercial da Laxe.

Eu creo que na vida hai decisións que, como case todas, obedecen a unha coxuntura de tempo. Se hoxe alguén pretendera facer unha catedral como se facía no século XV, indubidablemente estaría descolocado, descontextualizado, non sería posible. Cando se planeou o proxecto Abrir Vigo ó mar, partiuse dun suposto que era o inicio dunha peza institucional que dicían os arquitectos e os redactores e unha peza vocacional final que pechaba o proxecto.

Sen embargo iso que teoricamente e dende o punto de vista arquitéctonico probablemente ten razóns de ser, non funcionou. O edificio da Xunta ó que ninguén puxo nunca ningún pero dende o punto de vista arquitéctonico, si se puxeron bastantes críticas á súa ubicación. O paseo de Montero Rios foi, sen dúbida, coas súas virtudes e defectos, o maior espazo de esparcemento conseguido na cidade nos últimos anos. Hai un cambio: hai uns anos facían

escalextrics nas cidades e hoxe derrubáronse. Se un vai ás grandes cidades verá, como ocorreu aquí en Vigo, por certo, co derrubo do escalextric que era unha obra dun custo importante, chegou un momento importante e a estética da cidade, os problemas circulatorios hai que os resolver doutra forma e así ocorre en todas as cidades.

A relación porto-cidadé é unha relación que cambiou de forma apresurada en todas as cidades nos últimos anos. Hoxe o porto, non só ha de ter uns fins industriais de aproveitamentos económicos, senón ten que ter uns fins sociais porque se convertiu nunha fonte de pracer, de convivencialidade, de civilización de primeira magnitude onde os cidadáns expresan as súas formas de ser, os seus paseos, as súas relacións, etc.

Atopámonos hoxe con que de forma unánime, seguindo o sentir dos cidadáns pensamos que non os ten. Nun momento coma este poderíamos facer o máis sinxelo que é baixar os brazos e dicir que como xa se gastou diñeiro pois que se tire para diante. Arrepentiriamonos toda a vida cando o miráramos. Botariannolo en cara todos os cidadáns. Remata o centro comercial a quince metros do cantil, iso xa non é viable. Este cambio de sentido no conxunto da Corporación Municipal é de unha importancia tremenda.

Eu escoitaba o outro día ó señor Figueroa, que coido que actuaba como voceiro do grupo municipal do PP, que formulaba xa a posible non necesidade do recheo, non quero empregar as súas palabras máis ala das que vostede dixera, pero todos evolucionamos. Nós temos a particulariedade que nos pon nunha situación de máis complexidade de que o Delegado da Zona Franca é un Delegado elixido polo Goberno socialista. Pero, ¿cómo poderíamos nós facer algo que non pensamos ou algo que vai contra o que son as nosas creencias porque o Delegado sexa dun Goberno socialista? ¿Cómo llo explicaríamos ós cidadáns? ¿Cómo nolo explicaríamos a nós mesmos?

Por iso eu únome aquí á loa que o señor Soto fixo ó Delegado da Zona Franca. Nós cremos sinceramente que é un excelente Delegado, que ten unha capacidade probada pero iso non quere dicir que acerte sempre e naquelas cousas que creamos humildemente que non acerta, é a nosa obriga dicilo, con independencia de que teña en orixe a mesma adscrición ideolóxica que podemos ter nós.

Isto, como ocorre cos optimistas e cos pesimistas, pódese presentar coa botella medio chea ou medio baleira. Medio baleira dicindo que xa non queda máis remedio, xa ten un custo e que se gastou de diñeiro; medio chea dicindo qué oportunidade temos de facer as cousas ben. Coido que debemos

optar pola medio chea porque a botella está bastante chea, estamos posibilitados de facer as cousas ben. Eu creo que todos os que estamos no Concello por vocación política de servizo, de servir ós cidadáns, non nos queda máis remedio. Non é unha decisión agradable porque ten un elemento de perda económica tan necesaria para a cidade. Pero a coxuntura, os valores intanxibles, etc., lévanos a que teñamos que o facer. Estamos oíndo ós cidadáns, estamos oíndonos a nós mesmos. Coido que máis alá do elemento en concreto, é moi importante.

Ademáis cando se planeou facer un centro comercial aínda non había centros comerciais en Vigo pero xa a febre do centro comercial nos inundou e curiosamente esta mañá aprobabamos un convenio que prevé un centro comercial de exactas ou similares características do que se quere facer na Laxe. A súa necesariedade de centro comercial, a súa explotación, peta un con outro porque probablemente se estableza unha competencia que non permita vivir a ningún dos dous. Probablemente cando esta mañá pensabamos en que sesenta e seis millóns de pesetas eran moitos para a iniciativa privada, ou polo menos nolo podían parecer que ogallá non o sexan aínda que indubidablemente serán moitos se se fai un centro comercial moi cercano xeograficamente con similares usos.

Temos a obriga de que non fracase o pazo de congresos e exposicións e por iso temos un argumento máis porque as cousas cambiaron. En definitiva, señora alcaldesa, vostede convocou un Pleno na Zona Franca na súa condición de alcaldesa e de presidenta da Zona Franca, o noso grupo agradecemosllo porque o solicitabamos na nosa proposta, solicitámoslle que vostede convocase no último Pleno da Zona Franca que se realizou. As atribucións da presidenta da Zona Franca son escasas pero existen. Como lle dicía o meu compañeiro de Corporación, señor Toba, pedímoslle que as exercite porque ten vostede o apoio e a representación, neste caso e sen que serva de precedente, de toda a Corporación Municipal. Gracias.

SR. FIGUEROA VILA: Eu non vou entrar xa no debate de fondo porque loxicamente xa se leva producindo durante as últimas semanas e sobre todo neste Pleno. Só dúas matizacións ou clarexamentos.

Primeiro, o xoves houbo unha Xunta de Voceiros onde se tomou unha decisión que consideramos importante, remitiuse ó Delegado do Estado na Zona Franca esa mesma mañá e pola tarde houbo un Comité Executivo onde a representación do Concello está na persoa do señor Pérez Castrillo e na miña propia.

Houbo un debate intenso, longo, que consideramos moi positivo, onde cada un expuso as súas propostas enriba da mesa e tamén consideramos que un acordo satisfactorio de entablar negociación entre o Concello e a Zona Franca para ver qué alternativas ou qué posibilidades temos de buscar un punto de entendemento. Polo tanto ata este momento todos os pasos que se deron se fan con firmeza, danse prudentemente pero ó mesmo tempo con contundencia e isa consideramos que é a forma de facer política.

Pero non quedamos só nisto, como di o señor Pérez Mariño. A presidenta tomou a decisión tamén de acordo co Delegado de Estado na Zona Franca de facer a convocatoria dun Pleno extraordinario para este mércores ás seis da tarde, que a min acábame de chegar agora, con dous puntos na orde do día:

Primeiro acta da sesión anterior e segundo análise do proxecto do centro comercial na dársena da Laxe.

Polo tanto pensamos que os pasos políticos están dados. O mércores pode ser un día importante para todos. Todos os grupos políticos temos representación nese Pleno da Zona Franca, van estar tamén as partes nomeadas polo propio Delegado do Estado e aqueles que teñen representación nese Pleno e pensamos que podemos dar un paso máis.

Polo tanto, este debate que aquí todos damos na mesma dirección e con acordos importantes de unanimidade, imos trasladalo o mércores ó Pleno da Zona Franca e como todos temos representación alí, eu creo que dalí terá que sair algún acordo que satisfaga a todos os representantes deste Concello e, por suposto, que redunde en beneficio da cidade.

Polo tanto a postura do noso grupo está perfectamente clara, vai en sintonía cos demais grupos, creo que imos ratificar ese acordo da Xunta de Voceiros hoxe, que damos un paso máis e imos manter a nosa postura pero tamén dicirlle a todos vostedes que os tempos políticos se cumpren, a firmeza do equipo do goberno e da alcaldesa demostrase con feitos e o único que desexa o noso grupo e a Alcaldía é que o mércores sexamos quen de acadar un acordo bo para todas as partes. Aquí non ten que haber nin gañadores nin perdedores, a única que gaña é a cidade e se hai alguén que pode perder son os cidadáns e tamén a propia cidade. Polo tanto o mércores coido que todos temos que tentar que ese acordo se poida acadar e que as relacións entre o Concello e a Zona Franca vaian no camiño que teñen que ir, de normalidade, de colaboración, de cooperación e de entendemento porque iso é bo para todos. Moitas gracias.

SRA. ALCALDESA: Se lles parece vou dar lectura á proposta referente á construción do centro comercial na dársena da Laxe, que foi por acordo unanime da Xunta de Voceiros.

Primeiro: manifestar expresamente a súa vontade de que non se proceda á construción do centro comercial previsto na dársena da Laxe co propósito de adicar ese ámbito ó esparcemento público dos cidadáns de Vigo. Segundo: instar ó Consorcio da Zona Franca de Vigo a iniciación das conversas que resulten necesarias coas partes afectadas a fin de buscar solucións ás problemáticas xurídicas e económicas que puidera presentar a alternativa proposta. Terceiro: remitir a presente proposta O Delegado de goberno do Consorcio da Zona Franca de Vigo; e cuarto: elevar ó Pleno municipal a proposta formulada para a súa consideración e ratificación. Iso é o que imos votar.

(No momento da votación están ausentes as Sras. Méndez Piñeiro e Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteste que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Xunta de Voceiros, na súa sesión do día 22 de xullo de 2004, relativa á construción dun centro comercial na dársena da Laxe, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (203).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE OS MARIÑEIROS MORTOS NA MAR.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 15 de xullo de 2004, o concelleiro do Grupo Municipal Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

"A mar é boa amiga e compañeira moitas, moitísimas veces. Normalmente procúranos sustento e lecer. Mais ás veces tórnase violenta e cobra tributos mesmo en vidas humanas. As vidas de moitos homes que traballan decote na mar, conscentes de que o benestar que lles procura ten que ser en base a asumir un permanente coqueteo coa morte...

E cando a traxedia estoupa golpéanos a todos e déixano-lo ánimo fundido ata que imos de novo á mar. Ás veces medorentos, pero temos que ir, e imos.

Unhas veces os corpos dos noso mortos aparecen e, en base a nosa cultura e tradicións, reciben honras fúnebres de familiares e amigos. Familiares e amigos que teñen un sitio especial onde lembrar e chorar ós seus.

Mais outras veces os corpos non aparecen, como se a mar precisara deles, polo que os garda no seu fondo. Entón as familias e amigos viven unha dobre traxedia: a da morte e a da desaparición. Por non lles quedar non lles queda nin onde ir chorar, nin onde levar unhas flores como xesto de homenaxe e cariño.

Esta moción pretende que lle ergamos un monumento ós nosos desaparecidos na mar con dous obxectivos: o primeiro como unha honra de todos á súa memoria, e o segundo que as familias que lles pareza oportuno teñan un lugar, a carón do mar que os levou, onde lembralos especialmente e levarlles flores, como testemuña do seu amor imperecedeiro.

Un monumento no que iríamos gravando os nomes dos mariñeiros que vaian desaparecendo, pois inda que todos desexaríamos que non perdamos ningún máis, sabemos que iso vai suceder. E tamén suxerímo-la posibilidade de que ese monumento teña unha luz permanentemente acesa.

Un monumento importante que podemos erguer en Vigo e dende Vigo, coa implicación do Concello de Vigo e a Autoridade Portuaria, ou coa colaboración da Deputación Provincial e maila Xunta de Galicia (somos o principal porto galego).

Consonte co antedito propoñemos:

Que se erixa un monumento no Berbés no que se vaian inscribindo os nomes dos mariñeiros galegos mortos na mar no momento en que se dean por desaparecidos."

A comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do día 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Bos días señora alcaldesa e compañeiros corporativos. Esta é unha moción que hai moitos anos que a teño gravada na mente e agora estar onde estou deume a oportunidade de poder expoñela porque é un tema que, á parte de que me corresponde a min, é un tanto sentimental polos acontecementos que todos sabemos. Eu, que tiven a desgracia de torear con estes problemas hai máis de vinte e tantos anos coas primeiras viúvas do mar, cando estaba rescatando cadáveres e me pedían un cacho dunha man que traía e dicíanme que era do seu marido, porque dicían daquela e me quedou moi gravado: Nós o que queremos non é realmente o cadáver porque sabemos que en cinco anos o come a terra. Nós queremos un

nome, queremos saber que está aí, que non se olvide ó meu pai, ó meu irmán, ó meu fillo... que non se olviden.

Eu era moi novo daquela e a verdade é que, sinceramente, parecíame unha cousa moi rara. Co tempo volvín ter actuacións desagradables e desgraciadas desta índole e seguen insistindo no mesmo. E agora, neste último mes, pasou o que todos sabemos e volvinme atopar exactamente coas mesmas palabras de hai vintecinco anos, de hai quince anos, e volvinme atopar con xente coa que teño amizade e estiven moito con eles estes días e dinme o mesmo: Ela ten o home alí e aínda que estea icinerado, ten un nome a quen chorar e ten unha lembranza para os seus fillos, para os seus netos. Ese nome vai estar aí escrito trinta ou corenta anos, ¿e eu que teño? A min ós catro días o tempo olvida e, iso é certo, eu non teño nome onde chorar. Iso é realmente o que queremos.

Recopilando un pouco toda esta serie de acontecementos desagradables que me aconteceron na vida tiven unha serie de contactos, empecei a ver se había algún sitio, se había algo onde realmente se poidera facer iso e penso que en España non o hai, polo menos a min non me consta, mesmo creo que no mundo non hai un tema así.

O sentido da moción é facer un monumento, unha estatua, facer algo, penso que o sitio ideal sería o Berbés, onde teñamos unha placa e a partir do ano 2000, por exemplo, todos aqueles que desaparecieron teñan alí o seu nome, penso que aquí sería xente relacionada coa Ría de Vigo, con xente de Vigo ou con barcos que teñan a base en Vigo e teñan o seu nome onde a xente que é crente ou que non o é saiba que dentro de quince anos vai alí e alí estea o nome do seu avó, do seu pai ou do seu fillo, que ali haxa un nome para que non se olviden.

A xente realmente o que quere é que non se olvide ó seu ser querido que quedou atrás porque está claro que hoxendía normalmente todos icineramos os cadáveres e o po tirámolo ó mar, outros lévano para terra pero o nome queda alí nunha lápida. A moción vai nese sentido e gustariame que alguén teña unha idea ou sacar un concurso de ideas, do que fora, máis ou menos un monumento a crear ou a facer, mesmo poder chegar a discutir a zona, se é bo o Berbes, se é mellor outra. Eu creo que o mellor sería o Berbés polo tema en sí.

Nada máis, ó final poñía na moción "de todos os mariñeiros galegos" pero eu creo que o ideal sería facela de xente que estea relacionada directamente

con Vigo, ben que estea nun barco que faga base, ou que sexa de calquera zona da ría de Vigo. E nada máis, moitas gracias.

SR. ARIAS MOREIRA: Para min é unha satisfacción intervir en relación con esta proposta evidentemente positiva, que mostra unha grande sensibilidade e que non é para nada sensíbleira senón que ten que ver cunha parte fundamental da nosa vida que é a memoria, sobre todo nun país tan vencellado á mar coma iste.

Dende logo apoiamos a moción totalmente pero si pediría que fose un pouco menos concreta, que non se mencione ó Berbés polo que vou dicir a continuación. Eu sei que neste intre hai unha iniciativa dalgunhas persoas que vai exactamente na mesma dirección, mesmo teño un texto diante que fala non só de erixir un monumento ós desaparecidos na mar, senón ir un pouco máis adiante e facer un esforzo de investigación sobre os mariñeiros que quedaron atrás.

Sei que hai xa algunha investigación sobre isto, por exemplo sei que acaba de aparecer un libro dun tal Cortizo, "Historia da costa galega e dos seus naufraxios no século XX", é un esforzo de investigación pero habería que ir máis aló.

Sei que neste momento hai unha petición ás institucións, non só de Vigo, senón do conxunto da Comunidade Autónoma para que se financien proxectos desta índole e hai algunha experiencia notable, hai algún memorial, non moitos, son casos contados, pero nos Estados Unidos, no estado de Masachuchets, na vila mariñeira de Rouchester, que ademais recolleuse nunha película recente "A tormenta perfecta", que identifica un pouco esa zona dese estado e dos Estados Unidos na súa vinculación coa mar.

Pediríache nada máis que se faga un esforzo e presentar isto con maior ambición e xa que falaches dun concurso de ideas, abondaría niso e na propia selección do lugar que eu vexo mesmo máis perto do mar do que aparece na moción.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Eu xa dixen antes que se podería buscar un lugar idóneo aínda que eu penso que o mellor sería o Berbés, iso non quere dicir que non poida ser outro. A idea fundamental é ter unha placa na que cada vez que haxa un desaparecido, que desgraciadamente seguiremos desaparecendo, poñer alí un nome para que conste.

Pode ser no Berbés ou noutro sitio, xa vai reflectido na moción. Facer un concurso de ideas, facer un barco, un mariñeiro, un home, un escultor que faga un bo traballo e entre todos buscar unha zona.

A min gustaríame que fose nunha zona de Vigo na que quedase ben. Estamos totalmente abertos a ese diálogo.

Emenda formulada polo Sr. Arias Moreira, do Grupo municipal do PP, durante o curso do debate:

Que non se cite expresamente o Barrio do Berbés na parte dispositiva da moción.

Vótase a moción coa emenda formulada polo Sr. Arias Moreira.

(No momento da votación está ausente o Sr. Ruiz Cenicerros).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Erixir un monumento nun lugar a determinar, no que se vaian inscribindo os nomes dos mariñeiros galegos mortos na mar no momento en que se dean por desaparecidos.

19.- (204).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DE DPG SOBRE A CONSTRUCCION DUNHA NOVA DEPURADORA.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro Xeral do 7 de xullo de 2004, o concelleiro do Grupo municipal de Democracia Progresista Galega, Sr. Alonso Vázquez, formula a seguinte moción:

“Teño dito moitas veces que unha das cousas máis importantes que se deben facer en Vigo é o saneamento das augas, pra que cheguemos ter un bo estado de salubridade en terra e máis na mar.

Coido que en Vigo o mellor xeito de defender o medio ambiente é que fagamos un saneamento eficaz, porque cando lles escoito a algúns falar de políticas sostíbeis pra cousas ás veces ben miúdas, a nivel de Vigo ou de Galicia, dígolles que me falen primeiro de sanear o noso territorio, porque esa sería a maior operación ecolóxica que se poida facer en Vigo e máis en Galicia.

Loitar a prol da mellor defensa posíbel da saúde de todos nós, e máis dos que nos segan, traballando arreo por un medio ambiente limpo, é a causa principal pola que entrei a traballar en política e polo que estou no Concello.

Sobre este tema do saneamento vimos de aprobar no Pleno pasado unha moción miña pra que se constrúan aliviadoiros ata a cota menos vinte (-20 m.), en fronte da rúa Coruña e máis en Alcabre, fronte do Museo do Mar e, ademais, tamén outra moción de D. Amador Fernández pra que fagamos un Plan Director de Saneamento de Vigo en colaboración coa Xunta de Galicia.

Agora ben, independentemente do anterior, todos sabemos que calquera estudo que se faga vai demandar a construción dunha nova depuradora, porque a actual non é suficiente pra sanear todas as augas que lle chegan, polo erro cometido cando anteriores gobernos municipais permitiron conectar as augas pluviais e mailas fecais na mesma canle (a depuradora de Coruxo tería sido máis ca suficiente se, tal e como prevía o Plan de Saneamento Integral de Vigo, se tivera feito un sistema de separación das augas, de xeito que lle chegasen á depuradora soamente as augas fecais).

Pola nosa iniciativa e co apoio de todos, o próximo Plan Xeral contará cunha nova depuradora en terreos da Zona Franca. E mesmo apuntamos no seu día que, se se estimase conveniente, poderíase construír de xeito soterrado, pra non prexudicar os movementos de mercadorías en superficie.

En fin, que como teño dito moitas veces a necesidade e maila urxencia de podermos vivir nun Vigo e nunha Ría sans é evidente, por iso levo matinando hai algún tempo sobre unha pregunta á que hoxe, coa presentación desta moción, lle dou resposta: ¿Cal é o camiño máis rápido pra que teñamos unha nova depuradora canto antes e poidamos xa que logo sanear a Ría?

A resposta é que apostemos por todas as vías legais posíbeis pra que, chegado o momento, escollamos a que máis nos conveña, que deberá ser a que antes nos leve a conseguir o obxectivo que nos propoñemos.

Así, con todos los camiños asegurados, esperemos que Xunta de Galicia faga as consignacións convenientes nos orzamentos pra o ano 2005. E se precisa unha partida máis inmediata pra facer o proxecto, podería facelo dentro dos actuais orzamentos do ano 2004: ¡Non máis dilacións!

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Establecer conversas coa Zona Franca e co Porto pra materializar a cesión dos terreos necesarios cara a construción, de xeito inmediato, dunha nova depuradora en Vigo.

2.- Emprender negociacións coa Xunta de Galicia pra que faga inmediatamente o proxecto da nova depuradora, ó tempo que instrumentaliza os orzamentos precisos pra construíla de seguido.

3.- Facermos unha modificación puntual do PXOM vixente pra legalizar convenientemente a instalación da depuradora.

4.- Seguirmos a incluír a instalación desa depuradora no novo Plan Xeral."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ALONSO VAZQUEZ: Nunha moción que presentei eu mesmo nun Pleno pasado que se aprobou por unanimidade e máis outra que presentou o Sr. Fernández que tamén se aprobou por unanimidade e que tamén era sobre o plan director do saneamento de Vigo, o alongamento do emisario da rúa Coruña, o de Alcabre, a depuradora na que todos estamos de acordo, etc.

Estas obras parécenme moi ben pero o que hai é que as facer xa e polo menos xa tiñan que estar metidas no Plan Xeral, establecer coa Zona Franca e co Porto os terreos nos que a podemos situar, estudar dunha vez a zona onde se vai poñer e emprender coa Xunta de Galicia a negociación para xa empezar a mover os orzamentos.

Coido que é un tema de vital importancia como xa falamos en anteriores Plenos e que a min non me basta con dicir que a aprobamos, o que hai é que o facer xa.

A moción vai nese sentido e todos sabemos do que estamos falando e nos últimos catro puntos é onde se pide o que hai que facer. Entón pediría coa máxima urxencia que se fixeran estes últimos catro puntos.

SR. TOBA GIRÓN: Entendemos que o sentido da moción é a urxencia do inicio da construción. Basicamente estamos de acordo coa moción pero apuntamos o que xa dixo o meu compañeiro o Sr. Fernández no Pleno pasado no que se aprobou a súa moción, na que por certo se facía mención á construción dunha nova depuradora.

Agora ben, dificilmente se pode iniciar a construción dunha nova depuradora se non sabemos exactamente qué cantidade hai que tratar, qué tuberías novas hai que situar na cidade, se introducimos dunha vez a separación de augas pluviais de augas negras o que é absolutamente necesario, en primeiro lugar para evitar a carga de calquera sistema depurador, pero en segundo lugar, e conmínolles a que o fagan, para evitar que o río Lagares vaia practicamente seco no verán en razón de que moita parte dos efluentes líquidos que van a el desvíanse equivocadamente ó sistema de saneamento.

Na súa propia moción di, e eu non o vou discutir aínda que teño datos que poden contradicir esa afirmación pero non me interesa agora, que a

depuradora de Coruxo tería sido máis que suficiente se tal coma previa o plan de saneamento integral de Vigo se fixera un sistema de separación de augas. Non sei sinceramente se sería suficiente, seguramente para este momento si.

Pero se estamos a pensar no futuro e cando se pensa en infraestructuras deste tipo cómpre pensar en futuros de dez anos, seguramente non, ista é a realidade. Seguramente esa infraestructura entra en carga xa pola non separación agora mesmo das diverxencias de augas brancas e negras.

Nós votamos a moción a favor porque estamos de acordo e para iso presentamos unha moción, pero introducindo un punto primeiro que para nós é básico e que mesmo pode definir a situación. É verdade que nas xuntanzas do Plan Xeral, un pouco a proposta do Sr. Soto e discutindo posteriormente entre os catro, acordamos que houbera unha mención na propia memoria do Plan Xeral a respecto desa instalación; pero tamén seguramente lembrará o Sr. Soto, que discutíamos naquelas xuntanzas se era ou non o lugar máis axeitado en función de que hai que estudar a propia capacidade e polo tanto o tamaño da nova depuradora pensando no horizonte dos próximos dez anos; e en segundo lugar en función do novo sistema de saneamento que debe percorrer o interior da nosa cidade buscando a separación axeitada en función das cargas que actualmente coñecemos e que levan os colectores de bordo de ría. Entendo que coñeceremos un pouco máis unha vez que se poñan en marcha os sistemas de telecontrol no que sei que se está a traballar nun proxecto que deixou preparado tamén o Sr. Fernández e que agora está a se retomar o que é para se felicitar.

Por tanto votamos a prol pero introducindo un primeiro punto no que se diga: Instar a redacción do novo Plan Director de Saneamento de Vigo no que se inclúan todas as instalacións precisas e mesmo a nova depuradora.

Malamente podemos iniciar a construción de ningunha depuradora se non temos unha idea dun plan director que pense no futuro porque nin siquera seremos quen de definir ese horizonte, necesítase a realización dese estudo.

Ademáis a introducción deste punto sérvenos para dar un segundo aviso a respecto de que é absolutamente necesaria a redacción dese Plan director que discutimos hai mes e medio neste Pleno, do que aínda non sabemos nada pero que é absolutamente conveniente.

Con esa emenda, poñendo ese punto primeiro, votamos a favor quedando obviamente pendente a discusión dese Plan Director.

SRA. PORTEIRO GARCIA: A nosa posición é de votar a favor a iniciativa dos señores de Democracia Progresista Galega porque evidentemente estamos a favor de que se mellore o sistema de depuración de augas de Vigo que é absolutamente insuficiente e quen lles fala dío con verdadeiro coñecemento de causa.

Quixeramos tamén por ser rigorosos e insistindo nalgo que facemos decote coas iniciativas doutros grupos e que tentamos facer coas nosas, que os acordos que se tomen sexan realizables, executables, non só declaracións de intencións políticas. Ten que haber sempre un pulo político nas nosas decisións pero deberían ser tamén acordos executables.

Polo tanto e recollendo a proposta que facía o Sr. Toba no nome do BNG, parécenos absolutamente sensato que se faga un plano director do saneamento de Vigo onde se recollan as instalacións precisas incluíndo a nova ou novas depuradoras, se isa fose a situación, e tamén propoño incluír nese punto ou noutro que se estuden as posibles ubicacións porque, como vostede sabe, Sr. Toba, e como sabe toda a Corporación, aquí se abriría unha situación delicada porque isa sería a cuestión máis difícil de determinar.

Non nos sentimos quen de dicir agora mesmo que teña que ser en terreos da Zona Franca ou do Porto, non temos coñecementos técnicos suficientes para avaliar semellante tese e en todo caso nos parece que necesita dun estudo. Sen terreos non podemos esixirlle á Xunta de Galicia que faga inmediatamente nin o proxecto nin a construción dunha nova depuradora. Ese debate hai que o enfrontar sen medo.

Se é en terreos da Zona Franca ou do Porto adiante, pero que se basee en algo esa decisión. Polo demais votaremos a favor pero nos gustaría que vostedes considerasen estas achegas que lles vimos de facer.

SR. FIGUEROA VILA: Están facendo unha serie de afirmacións do cumprimento das mocións. Primeiro este Goberno en compromiso cunha moción votada no anterior Pleno, tomou un acordo da Xunta de Goberno do 12 de xullo de 2004 que logo lles pasarei, no que se di: "Dar conta da petición dun estudo sobre a necesidade dunha nova depuradora e a mellora da rede de saneamento".

É un escrito cun informe técnico moi sinxelo onde se di claramente, unha carta da Alcadesa que pasou pola Xunta de Goberno dirixida ó Conselleiro de Medio Ambiente que ven dicir o seguinte: "Diríxome a vostede co fin de

expoñer a necesidade que ten Vigo dunha nova depuradora e a mellora da rede de saneamento". Hai unha serie de explicacións técnicas onde se demostra a falla de capacidade da actual depuradora actual e di: "O anteriormente exposto segundo os nosos técnicos son os aspectos máis relevantes que indican a necesidade dunha nova depuradora para Vigo. Así pois solicítolle que se realice un estudo en profundidade das necesidades da mellora da rede de colectores así como da capacidade de depuración necesaria para Vigo nos próximos anos. Esta análise deberá realizarse no contexto do Plan Xeral que será o que defina o crecemento da cidade no futuro, así como acometer unha infraestrutura necesaria que permitirá a conservación do ben máis preciado dos nosos cidadáns, a Ría de Vigo."

Este acordo da Xunta de Goberno remitíuselle ó Concelleiro de Medio Ambiente o 12 de xuño, por tanto ese compromiso adquirido aquí e votado por unanimidade estase a cumprir.

Ademáis nas últimas semanas, a raíz desta moción, buscando unha serie de informacións detectamos que no Ministerio de Medio Ambiente hai uns proxectos de interese xeral de depuradoras, proxectos que primeiro teñen que solicitar os Concellos á súa comunidade autónoma, a Comunidade ten que facer un estudo previo da necesidade que terá que se remitir ó Ministerio de Medio Ambiente quen o terá que aprobar e a partir daí se busca financiamento con fondos europeos, estatais e mesmo fondos da Comunidade Autónoma.

Iso é o que está a facer a cidade de Santiago neste intre porque recentemente tamén se puxo en marcha neste tema.

Por tanto os pasos estanse a dar, pasos que consideramos que son importantes en canto a un novo Plan Director de saneamento como tamén dunha nova depuradora.

A maiores darlle unha información a todos os membros da Corporación. O Sr. Iglesias no seu departamento está a traballar na ampliación e remate dunha serie de saneamentos e colectores que agora son necesarios e que demanda a cidade. Tamén lles adiantar que está a traballar cos seus responsables e con Aqualia para que no próximo mes de setembro se traia un plan de ampliación dos saneamentos actuais por un importe preto dos 10 millóns de euros. Certo que algúns traballos estaban xa avanzados; a outros lles fallan os proxectos técnicos que algúns se están redactando con técnicos e funcionarios da propia Casa, outros fóra deste Concello.

Neste momento hai un compromiso do Goberno e o Sr. Iglesias presentará nas primeiras semanas de setembro ese plan de ampliación do saneamento.

A maiores informar tamén da actual depuradora, que se fixo un proxecto que ten financiamento da Consellería de Medio Ambiente e que xa coñecen vostedes. Unha das primeiras prioridades que tivo este Goberno nada máis chegar ó Concello foi tentar de resolver os problemas da actual depuradora. Logo de todos os trámites administrativos de exposición ó público, alegacións por parte dos veciños, recoller as alegacións, demandala ante a Consellería de Medio Ambiente e neste intre podemos afirmar que o día dous de agosto comezan as obras de mellora da actual depuradora.

Hai tamén que dicir que esas melloras non resolven o problema que ten a cidade da depuración dun xeito global. O único que resolven son as deficiencias que a actual depuradora presenta para que eses veciños poidan ter unha mellor calidade de Vigo. Esta obra está adxudicada por un importe de 2.200.000 euros a unha empresa e nos acaba de anunciar agora mesmo ó presidente de Augas de Galicia que van comezar as obras o día 2 de agosto. Iso é o que lles quería explicar da situación na que está todo o tema do saneamento e depuración e que se están dando os pasos dun xeito contundente, con firmeza e dicirlles tamén que as mocións que presentan aquí serven para algo.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Vou contestar comezando polo último. Vostede me di que mandan unha carta o 12 de xullo. Alégrome enormemente pero eu a moción presentéina o día 7 así que non tiña coñecemento diso.

Sra. Porteiro, teño clara a valentía política deste pequeno partido e nós temos claro onde ten que ir situada a nova depuradora, como moito podemos discutir dous sitios e será o tempo quen nos dea a razón.

Claro que hai que facer estudos pero a depuradora hai que a facer ou en Bouzas soterrada na Zona Franca ou tampouco sería unha cousa tola facela tamén soterrada onde se quere facer o recheo do Areal. Mesmo ó mellor habería que facer as dúas.

O que pasa é que neste momento, cos problemas que hai coa Zona Franca, metela alí ó mellor nos atopamos con outro problema máis neste caso directamente do seu partido por iso vostede di que hai que buscar a zona.

A zona algúns témola moi clara e o tempo daranos a razón. Ou se fai en Bouzas soterrada no recheo porque aí se pode aproveitar para que non se siga bombeando para o Lagares e se pode aproveitar momentaneamente a

tubería que hai. A outra pódese facer, que é unha idea do Sr. Fernández e xa teño comentado con el este asunto, no futuro recheo do Areal. Eu comentáballe o outro día sobre o tema das tuberías e díxome que xa deixou previstas cando foi o do túnel, unha serie de tuberías para non ter que modificar ese túnel o que me alegrou moito porque alomenos xa fixo unha cousa con sentido de futuro.

Con respecto ó que dicía ó Sr. Toba, claro que o Lagares vai libre pero iso foi un problema dos seus gobernos porque meteron a auga dos ríos nos tanques de tormenta e comunicáronos coa depuradora. Foi unha xestión trabucada a que se fixo mal. O de facer a separación é a solución que sabemos todos, a depuradora está feita para 600-700 litros por minuto e non está feita para meter 3.000 como está a pasar.

De facer agora as separativas, atopariámonos cunha obra de cincuenta anos, habería que levantar todo Vigo para separar as fecais das residuais. Outra cousa é que todas as obras que se fagan novas se lles obrigue a facer as separativas, cousa que penso que habería que facer pero levantar todo Vigo habería que o pensar moito.

Con respecto ó Plan Director, na propia moción xa poño que no último Pleno se aprobou a moción do Sr. Fernández. Non teño inconveniente en engadir o que di porque me parece correcto.

SR. TOBA GIRÓN: Sr. Alonso, vostede coñece coma min as inundacións que había en Sárdoma ou na avenida de Castrelos e tamén sabe coma min que xa non as hai, xa non desborda o Lagares na avenida de Castrelos que se montaba unha pucharca continuamente. ¿En Sárdoma lémbrese vostede daquel inverno que choveu tanto que houbo que sacar ós veciños coa auga polos xeonllos?

Os caudais do río Lagares son moi variables en función da nosa propia orografía e climatoloxía, hai estudos sobre iso. Pero non llo quero discutir, en todo caso eu cando falo de cuestións que teñen realmente importancia, que son asuntos de estratexía de cidade, gustaríame falar con pleno coñecemento das cousas e con estudos e non por dimes e diretes. Os tanques de tormenta gracias ó Sr. Fernández están resolvendo o problema dos veciños e veciñas de Sárdoma e de Castrelos entre outros. Non ten nada que ver iso co separativo.

Eu non me atrevo a afirmar se unha obra de separación de augas pluviais e augas negras vai durar vinte ou trinta anos ou se é ou non posible, pero

créame que eu tamén falo con persoas que saben diso e dinme que unha soa depuradora nova se cadra non é o máis acertado e temos que ir a un sistema de varias depuradoras.

Non me vou pronunciar sobre iso. Vostede na súa moción estase pronunciando exclusivamente por una única depuradora e a máis perdoe pero se atreve a dicir nunha cuarta máis ou menos onde ten que estar. Esas cousas cando se está a falar de servizos da cidade para os próximos moitos anos que teñen que contemplar o crecemento da cidade cómpre pensalo un chisco.

En segundo lugar quería felicitar ó Sr Figueroa e á Alcaldesa pola pronta xestión dos acordos deste Pleno. Cando nós presentamos ese acordo foi porque pensabamos que se trata dun asunto urxente e que debemos comezar con iso canto antes e non dilatalo máis tempo, por tanto non nos doen prendas en felicitalos a vostedes pola pronta xestión do acordo deste Pleno instado polo Sr. Fernández e estaremos, coma sempre, facendo o seguimento do traballo que realicen e tamén procurando acadar propostas que sexan boas para cidade e que vostedes aproveiten e xestionen coa mesma rapidez. Agradecemoslle ademais a información.

Aproveitando que falamos da depuradora lémbrolle que xa hai coma quince ou vinte días que lle reclamamos o envío do anteproxecto de obras que se van realizar na EDAR do Lagares; aínda non o recibimos, seguramente por un esquecemento por iso lémbrollo. Baixo a lectura dese documento que vostede acaba de expresar, o debate case que carece de obxecto.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Non entendín ben, Sr. Alonso, se vostede aceptaba a nosa proposta de incluír un cambio de redacción no primeiro punto. Ó BNG díxolle que si e no meu caso sinxelamente rebatíu a miña intervención.

Sería interesante para nós saber se vostede admite que se diga que nese plan de saneamento se estuden as posibles ubicacións. Fágolle tanto fincapé nisto non por non ter ganas de votarlle a favor desta iniciativa que vostede sabe que a temos, senón porque me parece un atrevemento e non un acto de valentía definir tan alegremente como vostede fai onde se ten que facer unha ou dúas novas depuradoras.

De entrada a segunda opción que vostede da no recheo do Areal fíxese todo o que conleva detrás e o que leva aparelado. Non nos pode facer unha proposta deste calibre metida como quen non quere a cousa nun punto tan indefinido como o número un, porque se fosen vostedes tan valentes como din que son, diríano por escrito sinalando os sitios concretos se teñen

informes técnicos suficientes e adecuados como para garantir que é o sitio axeitado. Se están seguros fágano.

Se non o están permitan que se estude e permitannos que evidentemente se unha alternativa é o recheo do Areal, o noso grupo pode ter algo que dicir ó respecto. Só lle pido iso.

Se vostede considera que non debe aceptar a nosa solicitude, entendémolo perfectamente e nese caso lle pediríamos un voto segregado do punto número un para poder abstermonos e votariamos a favor dos seguintes.

Do contrario xa lles anticipo que imos votar a favor de toda a moción pero non será por non tentar facer que os acordos que saian deste Pleno sexan acordos dos que nos poidamos sentir todos perfectamente corresponsables e satisfeitos. Prégolle un esforzo nese sentido e senón, como xa lle indiquei pediremos unha nota concreta na acta de que nos estamos a favor do número un pero que non se nos permitiu votalo nese sentido.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só pedirlle ó Sr. Alonso que pense o difícil que é en Vigo facer unha obra pública. Eu estou plenamente de acordo co Sr. Toba e a Sra. Porteiro que é un tanto perigoso definir os lugares onde deben ir as cousas; deben ser os técnicos, despois do estudo que se pediu e que se vai facer rapidamente rápido.

Sería o máis prudente e o máis sensato e todos os que estamos traballando niso estamos a facer moitos traballos para rematar moitas cousas que xa se fixeron. Como dicía o Sr. Toba os que tiñan inundacións xa non as teñen, xa temos aprobado o 20% e o proxecto da automatización do colector da marxe da ría, estamos aprobando continuamente unha serie de proxectos, xa aprobamos o de Bembrive, o modificado de Beade, imos aprobar hoxe o de Monte Cepudo en Valladares e así imos ir traballando.

Como dicía o Sr. Figueroa iso vale perto de 10 millóns de euros e vai ser complexo e á velocidade que van as obras públicas.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Sra. Porteiro, antes na miña intervención dixen que lla aceptaba pero eu son como son e non me corto e hai que usar o sentido común. Unha depuradora non imos dicir que a imos facer en Zamans ou no monte do Mouxo; hai que as facer nas partes baixas e as únicas zonas que temos baixas nas que medianamente se poida facer unha depuradora tal é como está todo, o único sitio é a zona de Bouzas, non imos facela en Samil ou no Vao.

Temos un cantil de 32 metros a 140 metros, a única zona que temos para facer a depuradora, un terreo que se lle roubou ós mariñeiros no seu día, era da xente do mar e agora o Concello e todo o mundo especula co que era noso. Aí é onde hai que facela.

E insisto que no recheo do Areal sería unha zona boa, se hai que seguir a facer depuradoras, porque collería a auga de toda a parte leste e nordeste da cidade. Se teño que poñer nomes, póñoos e se non ma queren aprobar non o fagan, alá cada quen coas súas historias. Eu estou a tratar de defender á cidade, a Vigo que é o que me importa. Ó mellor estou trabucado, non direi que non pero dende logo non teño pensado cambiar e as cousas as digo como as sinto e cando digo valentía é porque o sinto e teño a un home o meu carón que me apoia sempre.

En canto ó que dicía o Sr. Toba podo ter estado trabucado e se me trabuco son o primeiro que o recoñezo pero sego a dicir que hai tanques de tormenta que teñen augas fecais dentro o que non é normal e se quere llo podo demostrar con papeis.

Aquí falouse hai un intre dun tema e da valentía e pódolle dicir que nun Pleno do mes de febreiro dixen eu e comentouno o Sr. Soto hai un momento, que o centro da Laxe non se debía facer. Coido que textualmente dixen que aproveitando que cambiamos de patrón había que non o facer. Fun o primeiro que o dixen publicamente nun Pleno. Alá cada un coa súa idea e co que faga. Se quere poñer os nomes non teño inconveniente ningún de poñer os nomes de onde considera este partido que teñen que ir as depuradores.

En canto ó que falaba o Sr. Iglesias alégrome moito de que se fagan todas esas obras, como non vai ser así, pero hai que facelas porque isa é a nosa obriga, para iso estamos aquí.

Acéptolle sen problema que se estude o sitio pero vaia por diante que os mellores sitios son eses.

SR. SOTO FERREIRO: Unha breve intervención con respecto a unha manifestación que me desacougou moitísimo e dígoo especialmente ó representante do Bloque.

Estamos traballando nun Plan xeral, hai un equipo redactor que leva traballando moitísimo tempo; temos técnicos en Urbanismo e en Medio Ambiente no Concello de Vigo e hai unha institución que se chama Augas de Galicia e a estas alturas o que nos piden vostedes é empezar a estudar.

Pois encantados, estamos tardísimo e imos todos agora á escola do saneamento. Nós na Corporación pasada xa presentamos proposicións con resolucións, por certo que en colaboración coa Confraría de Pescadores de Vigo.

Non vou corrixir nin medio punto de todo o que dixo Xulio Alonso porque estáu ó cen por cen de acordo con el e está moi ben dito. Non se esquezan de que unha das condicións de Democracia Progresista Galega para votar a favor do Plan é que estivera definida unha nova depuradora e se non é así non votaremos o Plan.

Ó mellor escoitei mal pero por se acaso non me veñan agora con indeterminacións de xa veremos e xa estudaremos. Nós xa sabemos o lugar máis conveniente e se vosteden non o saben empecen a estudar porque se non tivo tempo aínda o equipo redactor do Plan Xeral do estudar, mal andamos e mal imos andar nas votacións, téñano claro. Hai un compromiso de todos nesa dirección, nós cumpriremos o noso pero vostedes teñen que cumprir o seu e polo tanto a definición da depuración de Vigo non vai ser unha palabra nin unha redacción espúrea de xa veremos, cando, como e onde. Non o imos admitir.

SR. FIGUEROA VILA: Que non quede ningunha dúbida no aire. Hai un compromiso do Plan Xeral para situar esa depuradora pero tamén permítannos que se fagan os estudos para saber cal é a situación idónea. O que non imos facer os políticos é dicir un sitio e trabucármonos e logo ter que voltar dar marcha atrás. Os pasos se están a dar porque o que se pretende é que a través dese proxecto da nova depuradora de interese xeral se poida acadar o financiamento correspondente porque non estamos a falar de cantidades menores; fálase dunha das inversións máis importante para a nosa cidade que sería totalmente imposible por parte deste Concello acometer.

Todos temos que considerar que a proposta é a responsable e a coherente á marxe de que o grupo político que vostedes representan o teña xa perfectamente claro e definido. Cando os estudos técnicos cheguen aquí terán que pasar polos órganos correspondentes da Corporación e tomaremos unha decisión.

A PRESIDENCIA: A proposta é: Establecer conversas coa Zona Franca e co Porto para materializar a cesión dos terreos necesarios cara a construción

de xeito inmediato dunha nova depuradora en Vigo previo estudo da súa situación idónea.

Os puntos 2, 3 e 4 tal como están redactados. E incluír un punto do BNG de "Instar á Xunta de Galiza da redacción dun plan director de saneamento".

SR. TOBA GIRÓN: A respecto da miña emenda que era engadir ese primeiro punto, o noso grupo renuncia a ela. Entendemos polas explicacións que xa está posto en marcha e preocuparémonos de controlar os prazos de execución dese acordo.

Mantendo a moción como estaba, nós tamén solicitamos votación segregada dos puntos.

SR. FIGUEROA VILA: A ver se somos quen de votar a moción conxuntamente. Para poder votala todos conxuntamente, ¿valeríalle a DPG dicir que se establecerán as conversas con Zona Franca e Porto por se fose necesario, despois da redacción dos estudos técnicos, contemplar a posibilidade dunha nova instalación nos seus terreos?.

Emenda formulada polo Sr. Toba Girón, do Grupo municipal do BNG, durante o curso do debate:

Cambiar o texto do punto primeiro da moción no seguinte sentido: "Establecer as conversas precisas coa Zona Franca e a Autoridade Portuaria, logo da realización dos correspondentes estudos técnicos, para contemplar a posibilidade da instalación dunha nova depuradora nos seus terreos."

Vótase a moción do Sr. Alonso Vázquez coa emenda formulada durante o curso do debate polo Sr. Toba Girón anteriormente transcrita.

(No momento da votación está ausente a Sra. Molares Pérez).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Establecer as conversas precisas coa Zona Franca e a Autoridade Portuaria, logo da realización dos correspondentes estudos técnicos, para contemplar a posibilidade da instalación dunha nova depuradora nos seus terreos.

Segundo.- Empezar negociacións coa Xunta de Galicia pra que faga inmediatamente o proxecto dunha nova depuradora, ó tempo que instrumentaliza os orzamentos precisos pra construíla de seguido.

Terceiro.- Facermos unha modificación puntual do PXOM vixente pra legalizar convenientemente a instalación da depuradora.

Cuarto.- Seguiremos a incluír a instalación desa depuradora no novo Plan Xeral.

20.- (205).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE O SISTEMA DE COBRAMENTO NOS APARCADOIROS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de xullo de 2004, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"Ven sendo habitual que as tarifas dos aparcadoiros se establezan por fraccións de tempo: a primeira media hora unha tarifa; unha hora outra; e as seguintes tarifas se establezen incrementando paulatinamente sobre o valor da segunda.

O cálculo do tramo de tarifa a cobrar ó usuario dunha praza de aparcadoiro establécese segundo o tempo de permanencia no mesmo, aplicándose a tarifa inmediatamente superior se a permanencia excede unha fracción de tempo -independentemente do pequena que esta sexa-. Así se se excede quince minutos dunha hora aplicaráselle a tarifa correspondente a dúas horas de permanencia e se o tempo de permanencia é de corenta minutos a tarifa a aplicar será a dunha hora.

Este sistema de redondeo penaliza ó usuario do aparcadoiro cun sobrecusto por un tempo de aparcadoiro non consumido, sendo inxusto e mesmo disuasorio á hora de utilizar os parkings públicos.

Recentemente mesmo a Dirección Xeral de Consumo, do Ministerio de Sanidade, ten promovido accións xudiciais contra os ditos cobros polos considerar abusivos en aparcadoiros privados de Madrid, fallándose a prol do demandante. E se ben dita sentenza está recorrida polas empresas privadas, co tempo rematarase impondo o senso común de que non se pode cobrar un tempo non consumido nun aparcadoiro somente co argumento de que os sistemas mecánicos de cobramentos non están preparados para un cobro por tempo real.

Na nosa cidade, coa necesidade imperiosa que existe de facer non só aparcadoiros subterráneos, senón que estes sexan o máis atractivos para a súa utilización, comezar a estudar os mecanismos para impoñer o cobramento por tempo real (medido en segundos) é unha medida absolutamente imprescindible.

Xa que logo propoñemos ó Pleno da Corporación a seguinte resolución:

- 1.- Que nos vindeiros pregos de condicións para a adxudicación da construción e/ou explotación de aparcadoiros públicos, ou calquera outro acordo para a promoción dos mesmos, se considere o establecemento do sistema de cobramento por tempo real (segundos).
- 2.- Que se estude a posibilidade de introducir o dito sistema de cobramento nos aparcadoiros públicos que xa existen na nosa cidade."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMINGUEZ OLVEIRA: Penso que todos estamos de acordo en que é un clamor popular o inxusto que é o actual sistema de cobramento nos aparcadoiros públicos. Inxusto porque en moitos casos se nos cobra un tempo que non empregamos polo famoso sistema do chamado redondeo. Clamor popular que ven refrendado mesmo por organismos públicos, recentemente a Dirección Xeral de Consumo do Ministerio de Sanidade promoveu accións contra aparcadoiros privados de Madrid polo uso desta práctica e tense fallado, hai sentencias xa falladas precisamente a favor dos demandantes.

Pensamos que tarde ou cedo terá que se impoñer unha práctica de sentido común, é dicir, que se nos cobre por segundos, ou por minutos, que se nos cobre realmente o tempo que estamos empregando. Pensamos que medidas como estas si que axudan realmente a incentivar o uso destes aparcadoiros co reflexo que iso ten na ordenación de tráfico. Sistemas como o actual o que fan é actuar dalgun xeito como medida disuasoria para o uso destes aparcadoiros.

Por todo isto pensamos que tamén é hora de que esta Corporación e o Concello de Vigo tomen iniciativa neste sentido e xa que logo propoñemos ó Pleno da Corporación a seguinte resolución:

Que nos vindeiros pregos de condicións para a adxudicación da construción e/ou explotación de aparcadoiros públicos ou calquera outro acordo para a promoción dos mesmos, se considere o establecemento do sistema de cobramento por tempo real, minutos, segundos... En segundo lugar que se estude a posibilidade de introducir dito sistema xa nos aparcadoiros públicos que existen na actualidade na nosa cidade.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Imos votar a favor porque estamos completamente de acordo có que acaba de expoñer vostede. Nos parece moi ben o que pide.

SRA. SÍO LOURIDO: Nós tamen imos votar a favor a moción xa que estamos totalmente de acordo.

SR COELLO BUFILL: Con permiso da presidenta, estamos de acordo, Sr. Domínguez, e sumámonos á preocupación e sensibilidade dese grupo político e ó sentir xeral da cidadanía de racionalizar o pagamento dos aparcadoiros públicos aboando o tempo real empregado. Clarexada a postura persoal do meu grupo, simplemente precisar unha serie de aspectos que se consideran relevantes relacionados co contido da moción.

O primeiro que se deriva da garantía da irretroactividade de aplicación das normas no sentido de que neste Concello, ó igual que noutros moitos da nosa Comunidade e de España, existen concesións administrativas de aparcadoiros públicos nunhas condicións determinadas polo prego que rexeu a contratación e adxudicación. As modificacións, agás reservas de redacción ben fundadas relativas ó equilibrio económico concesional derivado dos servizos, que poderían producirse ó variar a estruturación dos custos, a necesaria modificación de adxudicación e o mantemento de equilibrio económico concesional en caso de falta de acordo coa concesionaria podería ocasionar importantes custos á administración municipal.

Non debe eludirse que, a falla de regulación estatal clasificada ó respecto, semella o máis axeitado que o criterio que compartimos totalmente de pagar polo tempo real empregado sexa considerado nos pregos das páxinas comúns para aparcadoiros públicos.

Non obstante podería solicitarse informe ós servizos xurídicos municipais sobre a viabilidade da modificación do sistema de pagamento nos aparcadoiros públicos que xa existen na nosa cidade. Nós estamos de acordo, imos votar que si e pedimos ese informe ós servizos xurídicos do Concello de Vigo. Moitas grazas.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Porteiro García e os Sres. Arias Moreira, Pérez Castrillo e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BGN, Sr. Domínguez Olveira, sobre o sistema de cobramento nos aparcadoiros públicos co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (206).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MANTEMENTO E LIMPEZA DO SENDEIRO PANORÁMICO GR-53, ESPECIALMENTE NO TREITO DO MUIÑO DE MAQUÍAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2004, o concelleiro Sr. Fernández Fernández e maila concelleira Sra. Méndez Piñeiro, do Grupo municipal do BNG, formulan a seguinte moción:

"Dende a posta en servizo no ano 1994 do Sendeiro Panorámico GR-53 de Vigo, é un dos puntos fortes da nosa cidade, como o demostra a aceptación que o senderismo ten entre os nosos veciños e veciñas, pois combina o exercicio físico e o contacto coa natureza. Vigo conta ademais cun contorno privilexiado para a práctica deste deporte.

Na pasada lexislatura, nos anos 2001, 2002 e principios do 2003, na proposta feita co programa "Entre árbores paso a paso", podemos reafirmar a utilización e aceptación do Sendeiro ó superar con creces as expectativas máis optimistas, con saídas nas que participaron máis de 80 sendeiristas.

Para abundar máis, o Sendeiro Panorámico forma parte do Sendeiro das Greas GR-58 da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, compartindo varios treitos, sendo o nº 22 denominado "A Pasaxe-Campus Universitario", no que é necesario atravesar as ribeiras do río Zamans polo lugar do muiño de Maquías, que lamentablemente non está a mostrar a "especial relevancia arquitectónica" que a súa restauración puxo en valor, ó se atopar actualmente con graves atentados e falla de conservación.

Polo exposto, o Grupo Municipal do BNG propon ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte, acordo:

O Pleno da Corporación insta á Alcaldía-Presidencia para que ordene o mantemento e limpeza do Sendeiro Panorámico GR-53, con especial atención ó treito que pasa polo lugar do muiño de Maquías na Parroquia de Zamáns, facendo os arranxos necesarios para recuperar a súa especial relevancia arquitectónica."

A Comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, en sesión do día 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: No nome da miña compañeira María Méndez que emprega máis o sendeiro que eu, agradecerlle que xa sabemos que

empezaron a súa limpeza na zona máis conflictiva, pero dito iso manifestar que este sendeiro é unha satisfacción para unha cidade coma a nosa ter o sendeiro panorámico posiblemente máis concorrido de todo o noroeste de España e ser dunha beleza extraordinaria e dunha riqueza medioambiental fóra de toda dúbida.

Na nosa moción non só pedimos un treito, pedimos todo o sendeiro e creo que outros Concellos que son bastante menos dilixentes, estes anos pasados aproveitaronse un pouco do traballo dos servizos propios municipais do Concello para manter o ornamento dos seus propios concellos por iso a Mancomunidade tamén debera empezar a preocuparse destes temas. Pero a proposta mantémola aínda que xa teñan iniciado o traballo porque cremos que é bo que todo o sendeiro nesta época do outono que é cando a xente vai facer outros traballos bastante máis culinariamente aproveitables, empreguen o sendeiro nas mellores condicións. Polo cal o acordo que lle pedímos a esta Corporación é que se manteña ese sendeiro nunha situación de utilidade, coa máxima garantía, co máximo ornato e o máis rigurosamente posible co medioambiente que é o fin que persigue esta moción. Polo cal mantemos a proposta.

SR. SOTO FERREIRO: Cando vexo algunhas mocións doutros compañeiros sinto unha sana cobiza; penso que nos pasa a todos que cando vemos algunha moción pensamos que tiñamos que telo feito nós. Por iso os felicito porque efectivamente o sendeiro é precioso, meréceo, porque o merece Zamáns que é un lugar, como vostede dicía señor Fernández, medioambiental magnífico que temos que preservar con estas e espero que con outras futuras actuacións. Por iso quería felicitalos moi explicitamente.

SR. PÉREZ MARIÑO: Só para anunciar o noso voto a favor.

SR. FIGUEROA VILA: Dicirlle que estamos todos de acordo. Eu púxenme en contacto co señor Fernández e os servizos municipais fan xa a limpeza dese sendeiro e agradecerlle que ás veces eses toques de atención da oposición son bos para que no Goberno nos poñamos as pilas. Cando hai ese tipo de relación dunha maneira positiva todos temos que agradecerlo e por tanto o que dicía o señor Soto, seguramente tiña que andar máis dilixente e non chegar a que o señor Fernández presentase a moción, pero unha vez presentada a actuación é rápida e todos satisfeitos.

(No momento da votación están ausentes a Sra. Porteiro García e os Sres. Arias Moreira, Domínguez Olveira, Pérez Castrillo e Toba Girón).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos dezanove membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo Sr. Fernández Fernández e máis pola Sra. Méndez Piñeiro, do Grupo municipal do BNG, sobre mantemento e limpeza do sendeiro panorámico GR-53, especialmente no treito do muiño de Maquías, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (207).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE MANIFESTAR SOLIDARIEDADE COS VECIÑOS DE REDONDELA POLA INSTALACIÓN DA CEMENTEIRA DE RANDE.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xullo de 2004, o concelleiro Sr. Fernández Fernández e maila concelleira Sra. Fernández Davila, do Grupo municipal do BNG, formulan a seguinte moción

"Resulta absolutamente evidente, e coidamos asumido por toda a sociedade galega, que os procesos de crecemento económico e ubicación de novas actividades produtivas, deben estar sometidos ós criterios de sustentabilidade e bo uso dos recursos naturais sen producir efectos de contaminación e actuacións que poñan en perigo a saúde das persoas e a explotación dos recursos polas xeracións futuras. Cando ademais tratamos de actividades que poidan interferir negativamente no fráxil sistema da Ría de Vigo, cómpre prestar especial atención ó denantes sinalado.

Preténdese, no veciño Concello de Redondela, abeirado a nós, a ubicación dunha planta adicada á industria de transporte, tratamento e comercialización de cementos e formigóns, coa rotunda e sensata oposición de toda a sociedade e do propio Concello, na zona de Rande e lindante ó mar, que sen dúbida terá efectos nocivos sobre as persoas e sobre o medio mariño, coas conseguíntes repercusións económicas nas propias actividades produtivas de seu da nosa Ría.

É evidente, por outra banda, o interese do noso Concello en que dita actividade non se instale en tal ubicación, e non só polo prexuízo inmediato ós veciños e veciñas de Redondela, senón porque tamén resultaríamos afectados por dita actividade. Precisamente, pola afectación a toda a nosa Ría e polo tanto a todos os Concellos a ela abeirados, sería

precisa a intervención da Administración competente en medio ambiente, a propia Consellería, de xeito decidido na paralización do dito proxecto.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG, propón ó Pleno da Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- O Pleno da Corporación do Concello de Vigo manifesta a súa solidariedade cos veciños e veciñas de Redondela e co seu Concello, e o seu compromiso na procura de evitar a instalación da denominada "Cementeira de Rande", entendéndonos como parte afectada.

2.- Dirixirmonos á Consellaría de Medio Ambiente, no senso de reclamar o seu compromiso na paralización da pretendida instalación industrial.

3.- Manifestar o noso apoio ós actos cidadáns que se celebren para expresar a rotunda negativa a dita pretensión."

A Comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. FERNANDEZ DAVILA: Brevemente porque entendo que vai haber acordo nesta proposta porque o enunciado de desenvolvemento sostible é algo que se escoita e se mira en todos documentos e programas políticos e electorais de todos os grupos cando están a falar da industrialización. Por iso dicimos na exposición de motivos desta proposta que coidamos asumido pola sociedade galega que os procesos de crecemento económico e situación de novas actividades productivas deben estar sometidos a ese criterio de sostibilidade.

Por tanto a nosa proposta non é só de solidariedade cos veciños de Redondela que se opoñen a esta instalación da cementeira de Rande, senón que entendemos que debemos dirixirnos á Consellería de Medio Ambiente no sentido de reclamar o seu compromiso na paralización das pretendidas instalacións.

Evidentemente a Xunta de Galicia ten que facer un estudo medioambiental dos efectos que esta cementeira poida ter na saúde pública. En principio estudos que existen manifestan que efectivamente poden ser moi nocivas para a saúde pública as diferentes emanacións que producen estas cementeiras cando os silos están a funcionar, pero é que ademais hai algo que realmente é necesario ter en conta que é o prexuízo que esta instalación da cementeira vai ter para unha ría xa excesivamente prexudicada por vertidos, etc.

Pensamos que se estamos a dicir que temos que traballar para rexerar a ría, non podemos admitir que no momento de rexeración desa ría se instalen unhas actividades productivas que van ser nocivas para o seu sostemento e a súa produtividade mesmo no futuro.

Polo tanto presentamos a votación esta moción porque cremos que é unha moción responsable co medio ambiente, coa nosa ría e coa saúde pública.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Por suposto imos votar favorablemente esta moción porque, aínda que está en Redondela como ben di a Sra. Fernández, hai que pensar que a milla e media para acá estamos en Vigo e vainos afectar directamente. Xa non vou entrar en detalles que vostede explicou moi ben e imos apoiala.

SR. PEREZ MARIÑO: O acordo proposto polo BNG ten tres apartados. O primeiro é a solidariedade cos veciños de Redondela; o segundo dirixírmonos á Consellería de Medio Ambiente para reclamar o compromiso e o terceiro manifestar o noso apoio cos actos cidadáns que se realicen para expresar a rotunda negativa á dita pretensión.

Responsablemente queremos dicir que estamos de acordo cos dous primeiros puntos pero non co terceiro porque non sabemos a qué tipo de actos cidadáns se refire e non podemos estar con calquera tipo de acto cidadán que exprese unha negativa.

En consecuencia, se ben imos votar que si ó conxunto porque nos parece que é un matiz, queremos que conste en acta que non estamos de acordo con esta especie de cheque en branco que sería dicir que con calquera acto cidadán estamos de acordo.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Pérez Mariño, evidentemente nós entendemos que calquera acto cidadán dentro das normas. Supoño que será un apoio, quen queira acudir a unha manifestación que o faga e punto. Se é así nós imos votar a favor.

(No momento da votación está ausente a Sra. Porteiro García).

A petición do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE vótanse separadamente os dous primeiros puntos do terceiro da moción.

VOTACIÓN DOS DOUS PRIMEIRO PUNTOS DA MOCIÓN: Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Manifestar a solidariedade do Pleno da Corporación do Concello de Vigo cos veciños e veciñas de Redondela e co seu Concello, e o seu compromiso na procura de evitar a instalación da denominada "Cementeira de Rande", entendéndonos como parte afectada.

Segundo.- Dirixírmonos á Consellaría de Medio Ambiente, no senso de reclamar o seu compromiso na paralización da pretendida instalación industrial.

VOTACIÓN DO PUNTO TERCEIRO DA MOCIÓN: Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón e a Presidencia, e seis abstencións dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Graña Barcia, Pérez Mariño, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Manifestar o noso apoio ós actos cidadáns que se celebren para expresar a rotunda negativa a dita pretensión.

23.- (208).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE CREACIÓN DUN CENTRO DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de xullo de 2004, formula a seguinte moción:

"O problema que se suscita pola existencia de grupos de persoas que socialmente son denominados como grupos dentro da exclusión ou marxinación social é consecuencia da propia realidade da sociedade na que vivimos ou, o que é o mesmo, provocado pola propia estrutura social que entre todas e todos construímos. Quere isto dicir polo tanto que nin a sociedade nin a administración poden quedar á marxe da súa solución e moito menos que esta sexa unha cuestión de imaxe visual, que se pode resolver con medidas represivas que oculten o problema ante os ollos da cidadanía.

O 14 de maio deste ano, por iniciativa do Plan Local sobre Drogodependencias e outras Adiccións de Vigo, realizouse unha xornada de debate en dependencias municipais destinada a analizar os recursos de emerxencia social existentes na cidade, así como as necesidades que a este respecto existen en Vigo e a súa área metropolitana.

Nestas xornadas participaron máis de trinta asociacións ou colectivos que están a traballar, de maneira diversa, nos diferentes campos nos que se manifestan os problemas derivados da exclusión e a marxinación, e que fundamentalmente a sociedade os percibe ante a presenza do que os profesionais chaman transeúntes, aínda que haxa quen prefere denominalos "mendigos".

As conclusións destas xornadas foron unánimes.

- O grupo de persoas que integran o colectivo de transeúntes teñen problemáticas distintas, algunhas relacionadas con drogodependencias e outras de tipo psíquico, que moitas veces esconden grandes dramas persoais.
- Detrás, ou mellor dito dentro, deste colectivo atópanse seres humanos para os que o primeiro que se precisa facer son políticas de inserción e considéralos, tratalos e respectalos como persoas.
- Recóllese textualmente nos acordos a "necesidade imperiosa, prioritaria e URXENTE da creación dun CENTRO DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL, dado o elevado aumento da demanda que existe, non só na nosa cidade, senón tamén na súa área de influencia. Os recursos existentes non son suficientes para unha axeitada asistencia e inserción social, e faise especial fincapé na necesidade de coordinación e na optimización dos mesmos, valorando que prestan unha asistencia moi puntual ós transeúntes. Ademais estímase que un recurso coma este sería unha ferramenta útil de prevención.

Considerando que o equipo de goberno xa conta coa suficiente documentación dos estudos que a este respecto existen para non poñer en dúbida as accións que hai que acometer propoñemos:

- 1.- Poñer en marcha de maneira urxente o proxecto de creación dun CENTRO DE EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL, que afronte de maneira integral a problemática dos colectivos en proceso de marxinación ou que sexan susceptibles da mesma.
- 2.- Entre tanto non se cree este centro, RECUPERAR programas de educadores ou traballadores de rúa, que xa teñen funcionado no centro da nosa cidade e que nestes momentos non poden actuar por falla de recursos económicos.
- 3.- Establecer convenios, coa correspondente dotación económica, cos colectivos que levan a cabo este traballo de rúa e se poidan levar a cabo programas que xa teñen demostrado a súa eficacia como o de "Café calor".
- 4.- Dotar a estes colectivos de traballadores de rúa dos locais adecuados para que poidan desenvolver a súa actividade ó mesmo tempo de ser punto de referencia dos transeúntes."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

EMERXENCIA SOCIAL MUNICIPAL.

DEBATE.- SRA. FERNÁNDEZ DAVILA: Presentamos esta moción, independentemente de que mesmo poderíamos dicir que a presentamos cunha moción urxente, non é tanto así, pero si ten urxencia porque xa non é a primeira vez e nesta ocasión ocorre despois de que no Concello de Vigo, nas súas propias instalacións, por iniciativa de entidades que dependen do propio Concello e que participan nun tecido asociativo que traballa na cuestión das persoas en situación de exclusión social, de marxinación, os que denominamos transeuntes, etc., e que se ten analizado este problema e mesmo neses estudos e análises hai conclusións a respecto do compromiso que o Concello ten que asumir para afrontar de xeito paliativo, evidentemente, esta problemática e crear unhas condicións de atención a este tipo de persoas ou a este colectivo que permitan dignificar unha vida porque nestes momentos eles mesmos non se sinten moi dignificados.

Digo isto porque tamén nesa análise e naquelas persoas que participando destes estudos queremos comprobar se moitas das cousas teóricas que se presentan son certas, descubrimos que é moi fácil conseguir que persoas que están en situación de exclusión ou marxinación ou susceptibles de estalo, poidan mellorar esa condición e esa situación se realmente dende o outro lado hai alguén que simplemente os teña en conta e os respecte.

Polo tanto o noso grupo estamos convencidos de que moitas das propostas que se teñen elaborado e concretamente no estudo que se fixo hai un par de meses nesta casa e que conclue na necesidade de crear un centro de emerxencia social polivalente con diferentes actuacións a este colectivo de exclusión ou marxinación, se teña que levar a cabo coa máxima urxencia. Entendemos que iso é fundamental antes que outras medidas que realmente podemos entendelas máis ben como represivas que como de lle dar solución ó problema real destas persoas coas que nos atopamos na rúa.

Hai unha cuestión na que tamén é necesario concienciar á cidadanía. É normal que os cidadáns entendan que existe un problema cando o miran diante das súas narices e entón esixen solucións. Non cre, ou non pensa, ou non participa da existencia do problema cando a administración lle busca solucións e ese problema non se visualiza, polo tanto a administración ten

que conseguir afrontar o problema de tal maneira que non se teña necesidade de visualizar, pero tamén de concienciar á cidadanía que dende a administración se esta a facer un labor para superar as situacións de exclusión e de marxinación que existen na nosa sociedade.

Coido que ten que ser conxuntamente, administración e sociedade porque todos somos responsables da sociedade que nós mesmos estamos a crear e a construír e polo tanto ela mesma tamén crea as condicións para que estas bolsas de exclusión e de marxinación existan.

Ademais da urxencia deste proxecto do centro de emerxencia social, hai un apartado na nosa proposta que é poñer en práctica algúns programas que estaban funcionando e facíanno con éxito relativo, tamén porque era moi relativo ese funcionamento pola catívez do mesmo, que eran os programas de rúa, o traballo de rúa e programas como o denominado "Café e calor" que se está a facer por un grupo de persoas fundamentalmente voluntarias pero que necesitan aportación económica para poder desenvolver esta actividade e que no momento en que estivo funcionando notábase na rúa, porque na rúa non se visualizaba o problema que despois si se visualizou a maiores cando esta actuación deixou de existir.

Polo tanto de maneira paliativa e en tanto o centro de emerxencia social non se poña en funcionamento porque sabemos que isto, por moi urxente que o consideremos vai ter un tempo, se poñan en marcha ou se facilite a posta en marcha destes programas coas aportacións económicas convenientes e mesmo que se establezcan a través dun convenio e de procurar unhas instalacións, porque neste momento as había, non moi dignas pero si o suficiente para facer un traballo antes que non o facer.

SR. SOTO FERREIRO: Estamos totalmente de acordo co fondo da proposición, coa parte expositiva non o sei. Eu que estou moi de acordo coa creación dun centro de emerxencia social municipal deixenme dicirlles que, entre outras cousas, ó non ter un orzamento vixente aprobado no ano non se pode facer porque non se pode facer ningunha transferencia legal para un tema que en todo caso habería que declarar a emerxencia, é un novo investimento e é moi difícil legalmente que iso se poidera entender como tal, polo menos na miña opinión.

Eu falaba de que había que aprobar orzamentos mesmo se non gustaban para poder operar, entre outras cousas porque aparecen ás veces ideas tan boas como esta ás que hai que tentar facerlle fronte, sen uns orzamentos

vixentes non se pode. Pero independentemente dese comentario eu quería falar doutro tema porque o máis fácil destes asuntos é ponerlle o acento na resolución do aspecto social do problema, do tratamento axeitado, mediación, traballadores na rúa, cousas coas que estamos ó cen por cen de acordo.

Pero a carón diso tamén dicir con responsabilidade que ás veces mesmo esas cousas con algúns individuos non serven e que entón tampouco se pode desbotar de xeito xenerico a posibilidade de actuación represiva. Si á actuación de traballadores na rúa, no seu caso no centro de emerxencia municipal; pero ás veces con algúns deses individuos ningunha desas cousas da resultado e tampouco se pode consentir que ningunha parte da cidade se converta nun centro de marxinación se realmente poñendo uns medios por diante, como vostede moi ben solicita, realmente se chega a outro tipo de situacións.

Digo isto porque a mensaxe á cidadanía, máis concretamente a este tipo de cidadáns é dicirlles que aquí non vale todo tampouco, que estamos dispostos a poñer medios, a ser solidarios, pero a partir daí hai unha serie de normas xenéricas que todos temos a obriga de cumprir, como pasa coas multas e como pasa con outras cousas e o que non as cumpra terá unha sanción.

SRA. SÍO LOURIDO: Quérolle dicir que por parte do noso grupo municipal lle imos votar a favor da moción pero gustariame puntualizar unhas cantas cousas.

Vense falando deste centro de emerxencia social municipal dende hai moito tempo. É un centro que polo compromiso que adquirimos todas as persoas, entidades e grupos políticos que estabamos traballando nesas xornadas do plan local municipal de drogas, coido que é un compromiso de todos os grupos políticos que estamos nesta Corporación sacarlo adiante.

Quero puntualizarlle tamén que me parece importante que vostede o puxera outra vez enriba da mesa, unha cousa no quita á outra, pero que haxa un centro de emerxencia social municipal non quere dicir que non haxa ó mesmo tempo educadores de rúa porque coido que, á parte de que ese centro de emerxencia social municipal teña que ter moitos programas e moitos tratamentos sociais específicos e particularizados a cada tipo de problemática que teña que haber por alí, ten que haber educadores de rúa e unha educación previa na rúa porque pode haber persoas na rúa que sexan

susceptibles de entrar no centro de emerxencia social municipal e persoas que estean na rúa que non o sexan.

É moi xeneralista a moción porque hai programas como "Café e calor" e outros máis, entón agás esa salvedade, que os educadores de rúa poidan estar aínda que haxa un centro de emerxencia social municipal, estamos totalmente de acordo coa moción.

Este investimento non ten porqué ser soamente municipal, é un problema que vimos arrastrando e non só da Corporación pasada, senón tamén da anterior; coido que é unha desas inversións nas que ten que colaborar de forma importante a nosa Comunidade Autónoma e tamén se pode sacar financiación seguramente dalgúns plans de drogodependencias do Estado, non ten porqué ser só investimento municipal.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Evidentemente este Goberno esta preocupado traballando neste tema e así, o 14 de maio eu mesmo coma presidente do plan de drogas, convoquei a xornada que foi por tanto de iniciativa deste goberno municipal. Das conclusións da xornada xa teñen coñecemento na Xunta de Goberno Local.

Ademais de traballar poñendo en marcha o referido seminario, dende a concellería tamén se traballa có obxectivo de poñer a disposición deste proxecto persoas que traballen nel e así solicitouse da Xunta de Galicia un incremento de aportación no plan de inclusión social con esa finalidade e parece que vai ser posible.

Tamen coa Deputación se estan a buscar acordos para poñer en marcha servizos como os que xa existen noutros concellos como o de Madrid co chamado Samur social. Trátase de buscar negociacións cunha institución para buscar un edificio para atender estas necesidades. A oferta desa institución é a consecuencia das xornadas que se celebraron o 14 de maio e aínda estamos en conversas e por tanto estase traballando no tema.

Ademáis, aínda ter o orzamento prorrogado, os convenios da anterior Corporación coas institucións coma os Misioneiros dos Enfermos Pobres, Comedor da Esperanza, San Vicente de Paul, mantivéronse incrementándose as cantidades dos convenios con Cáritas e Madro.

No que se refire á situación dos programas, educadores e traballadores da rúa mantivéronse a pesar da mesma dificultade para este mesmo ano. Ademáis incrementáronse nalgún caso as aportacións económicas para este fin. Mantivéronse o convenio coa asociación Alborada de educadores da rúa e o

programa Sereos do Casco Vello que neste ano xa ten recibido máis diñeiro que no ano 2003. Así no ano pasado a cantidade foi de dous mil cincocentos euros e no ano 2004 a cantidade xa vai en tres mil euros.

Ademais a concellería puxo en marcha este ano o curso de formación de voluntarios en hábitos saudables. Os participantes no curso están a traballar cos educadores da rúa do programa Creative asinado con Alborada e co programa Médicos do Mundo e serve de apoio nas súas actuacións. Estase a traballar tamen e xa se mantiveron conversas para incrementar a colaboración no programa de Sereos do Casco Vello.

É evidente a preocupación do noso Goberno e da señora alcaldesa que sendo conselleira de Asuntos Sociais puxo en marcha o programa de acompañamento ás persoas sen fogar enmarcado no primeiro plan galego de inclusión social que inicia unha liña de traballo destinada a coñecer as necesidades das persoas sen teito e os recursos existentes en Galicia.

Así, en colaboración coa Cruz Vermella en Vigo no último ano o equipo do proxecto atendeu a cento trinta persoas e actividades que está desenvolvendo son puntos de información e asesoramento ós usuarios en distintos recursos de atención deste colectivo na cidade de Vigo; desenvolveron itinerarios personalizados de apoio e acompañamento en función dos perfís presentados; tamén desenvolveron actividades formativas dentro dos itinerarios personalizados, actividades dirixidas á poboación xeral, campañas de información, sensibilización, cursos específicos, proxectos de coordinación con diversas entidades da cidade e un estudo permanente sobre a evolución do colectivo en Galicia.

Un froito dese traballo foi a elaboración da guía de recursos para as persoas sen fogar, unha guía bastante completa de todos os recursos das principais cidades de Galicia. Os datos deste traballo din que en Vigo existen un total de catrocentas sesenta e tres prazas en institucións de aloxamento; trescentas vinteunha nos propios centros e cento corenta e dous en pisos, ademáis doutras en pensións. Noutras cidades de Galicia o número é moi inferior, A Coruña dispón de duascentas trenta e catro prazas, Pontevedra trinta e dous, Santiago cento sesenta e tres, Lugo corenta e dous e Ferrol cincuenta e catro. É dicir, Vigo ten catrocentas sesenta e tres e as outras seis grandes cidades de Galicia, todas xuntas teñen cincocentas vintecinco prazas.

En Vigo ademáis existen tamén setecentas trinta e sete prazas de comedor ademáis de varios centros onde se ofrece comida para levar. A Xunta tamen

presta apoio a estas institucións a través do plan de inclusión social con preto de cento oitenta mil euros e para ó mantemento destas entidades preto de cento cincuenta mil euros.

Estamos a traballar, os recursos non son suficientes, pero existe a preocupación da mellora destas dotacións e nos meses que levamos ó fronte do Goberno e a pesar deste orzamento prorrogado, xa puxemos en marcha os primeiros pasos nese sentido. Por iso e porque a moción coincide co que ata o de agora se fixo por este Goberno, imos votar a favor.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila e Pérez Mariño).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Fernández Davila, sobre creación dun centro de emerxencia social municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (209).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE AVALIACIÓN DAS OBRAS NECESARIAS PARA A REPARACIÓN DO CONXUNTO DO PASEO DE BOUZAS.

ANTECEDENTES.- A concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xullo de 2004, formula a seguinte moción:

"Producto da colaboración entre o Concello e o Consorcio da Zona Franca nos anos pasados, ten renacido para toda a cidade de Vigo e particularmente para os residentes na Vila de Bouzas a recuperación do litoral, en forma dun fermoso paseo rematado ó longo do mandato anterior. Aquela magnífica área, noutro tempo ameazada por un recheo masivo, tense convertido coa colaboración dos dous entes nun exemplo de actuación que reivindica a conservación do noso litoral, a posta en valor do espazo do adro, a recuperación e comunicación polo borde litoral das praias e enfin, un lugar moi conourrido por innumerábeis veciños e veciñas

Nembargantes, no simple percorrido do paseo de D. Valentin Paz Andrade, así como do percorrido que arrodeando a propia Zona Franca conduce ó faro, aprécianse os problemas dun mantemento mal realizado e os efectos do propio

mar nas bases da escolleira que serve de parapeto, que dan lugar a deficiencias que, sen dúbida, afean o resultado e provocan incomodidades ós paseantes: fontes que non funcionan, alumado deteriorado, movemento de lousas...

Con ocasión do debate do programa "Vigo 2005" o noso Grupo Municipal fixo chegar a esa Alcaldía e ó resto dos grupos da Corporación unha proposta de programa de actuación que, para a boa realización de tal evento, definía algunhas accións que parecían necesarias no circuíto litoral de Vigo. En concreto na Área Bouzas-Alcabre no seu punto 2 expresaba: *Reparación completa do conxunto do paseo de Bouzas, incluíndo o tramo que arrodea á zona de almacenamento de automóviles, tramo agora moi deteriorado por efecto do mar.*

Como a situación de deterioro non se corrixe e non apreciamos que esta recomendación teña sido, aparentemente, tida en conta, propoñemos ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que polo Departamento de Vías e Obras, en colaboración cos demais departamentos municipais que se consideren precisos (Electromecánicos, Parques e Xardíns) se faga unha avaliación das obras de reparación necesarias no conxunto do Paseo de Bouzas e se proceda ó arranxo inmediato de dito Paseo dentro do programa "Vigo 2005" en colaboración co Consorcio da Zona Franca."

A comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Vai de paseos e sobre todo vai de arranxos de paseos porque como introducción quero dicir que eu creo que en Vigo facemos bastantes cousas pero teriamos que facer máis. Facemos cousas pero logo do que nos damos conta cando vemos estas cousas é de que falta o seu mantemento desas cousas. Por certo, non sei se saben que os pacentes chámalle o paseo de Bouzas do colesterol porque van alí pasear para baixar o colesterol. Precisamente é a través da xente e de pasear por alí como te vas enterando das circunstancias e da situación na que esta este paseo.

Xa entrando en materia, dicir que creo que foi o 5 de maio do ano pasado cando se asinou por fin o convenio entre a Zona Franca e o Concello para traspasar este paseo que formaba parte precisamente desa recuperación do bordo litoral. Así dábase por concluída, quedando pequenos flecos que aínda están aí, unha magnífica área, tanto para o disfrute dos cidadáns de Bouzas como para os cidadáns e cidadás de todo Vigo e dalgunha maneira se finalizaba a posta en valor da recuperación do adro e a comunicación do bordo litoral das praias. No momento que concluíu todo este paseo a xente acude masivamente a pasear por alí.

Producto do deterioro que sofre sobre todo unha cousa que está o carón do mar e supoño que tamen pola súa utilización, pouco a pouco este paseo, tanto o de Valentín Paz Andrade que para que nos entendamos queda ó carón das casas, como que o vai bordeando todo o litoral e que conduce ó faro polos terreos da Zona Franca, deteriorouse paulatinamente e temos noticias de que os veciños de Bouzas, representados neste caso pola Asociación Veciñal, veñen sistematicamente pedindo neste Concello que se arranxe o deterioro progresivo ó que se ve sometido este paseo.

Así vemos que as fontes que alí se instalaron non funcionan, parte dos xardíns que estaban por rematar no momento da súa entrega seguen sen se facer e eu preguntábame cando pasaba por alí qué serían unhas cousas de madeira alí colocadas e qué sentido terían. Entereime o outro día de que iso tiña un sentido: colocar unhas fermosas enredadeiras que nunca se puxeron. Se camiñamos pola zona onde estan aparcados os coches, vemos que aquilo é unha desfeita, hai unhas fochas terribles que hoxendía xa hai algunha reclamación dalgún veciño ou veciña de Vigo que fractura unha cadeira ou unha perna e ven reclamar a este Concello e con razón.

Con esta moción o que queremos pedir é que se resolva dalgunha maneira o deterioro ó que esta sometido. Xa cando intervimos con ocasión do debate do programa Vigo 2005, cando falabamos da área Bouzas-Alcabre pediamos que se reparase por completo o conxunto do paseo. Pero como as cousas seguen igual o que queremos con esta moción é que polos departamentos municipais que se consideran precisos, electromecánicos, parques xardíns etc, se faga unha avaliación das obras de reparación necesarias no conxunto do paseo de Bouzas e que se proceda ó arranxo inmediato do paseo dentro de programa de colaboración Vigo 2005.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Totalmente de acordo co final de todo. No período de exposición que fixo permítame recordarlle que hai varios temas.

Primeiramente aquí hai un apartado que di que o alumeado está deteriorado. Dende a ponte ó oeste nunca houbo nin hai e espero que tardara en haber. Onde pos que o paseo está entregado, está entregado pero da ponte para o leste, da ponte para o oeste non esta entregado, iso leva doce anos feito e que eu saiba a día de hoxe non esta entregado ó Concello.

Estou totalmente de acordo co final pero si che quero recordar que o deterioro non é que sexa de agora, é que hai doce anos que non se fixo. As fontes, as que van da ponte para o oeste non funcionan dende hai sete anos.

Unha maruxía que houbo e que rompeu todo e alí quedou porque ninguén o arranxou nunca. Funcionan todas as fontes que hai da ponte para dentro, e o alumeado funciona da ponte para dentro.

Alégrome moito de que presentaras esta moción que por suposto imos votala a favor, a ver se de unha vez por todas arranxamos o paseo porque eu aí son un gran prexudicado porque teño que ir todos os días porque teño o barco alí amarrado.

SR. BARROS PUENTE: Efectivamente se a señora Méndez ten razón e esta obra entregouse o cinco de maio de 2003, prodúcense efectos sobre a Facenda municipal que coñecemos todos sobradamente. Algunhas administracións parece que agasallan á cidadanía de Vigo con obras que despois teñen o detalle curioso do mantemento. Mantemento que polas deficiencias estruturais da propia obra economicamente e mesmo en aspectos técnicos substanciais, fan inasumible esta obriga por parte do Concello.

Da a sensación, polo que coñecemos daquela obra, que a escolleira é insuficiente ou, polas razóns que sexa, o mar traballa alí moi forte e polo tanto socava o que é todo o paramento de superficie. Eu dúbido que o departamento de Vías e Obras que dirixe tan acertadamente don Xosé Manuel poida dar conta desta encarga. O concelleiro que lles fala padeceu aquí unha idéntica moción por parte da concelleira dona Lucía e visitada aquela zona vese que os fallos son efectivamente de infraestrutura.

Para que as relacións coa Zona Franca sexan durables e sexan serias é moito máis sano que este tipo de obras, que en gran medida pensamos nós que Vigo fixo un consumo de bens non renovables extraordinariamente importantes e que gracias a iso a Zona Franca ten alí un auténtico portaavións para exportar a súa produción, que tanto valora Vigo e que por iso aceptamos ese sacrificio, xustificaría perfectamente que o gasto que en bens non renovables fixo este Concello estivese agora compensado non só pola obra senón tamen polo mantemento, dado que ese mantemento fronte ó mar, en augas vivas, vaille resultar ó Concello practicamente inasumible e aforrarianos ós cidadáns castigar a atención das súas señorías e tamen da propia cidadanía de Vigo con reiteradas peticións para que aquilo se amaíe porque eu son dos que penso que aquilo non esta nas mans do propio Concello.

O Concello podería alugar os servizos dunha gran empresa para facer alí as obras que son precisas, pero non cabe a menor dúbida de que o custo sería realmente brutal e eu estimo que non é xusto, non é equitativo, non é

rendible que este tipo de obras se fagan para que o Concello despois teña nas mans a solución de problemas que pola súa natureza son absolutamente inasumibles para a Facenda municipal.

Polo tanto neste longo proceso de encetar novas relacións coa Zona Franca que nós queremos como concelleiros e como grupo que sexan amables, rendibles, fructíferas para a cidade, máis que o ranxo de vías urbáns, e eu neste aspecto coincido con declaracións que ten feito tamén o propio delegado da Zona Franca aínda que obviamente non imos agora meter aquí o programa 2005, en que sería máis levadeiro para a Facenda municipal acudir a un crec para reparar a zona que agora parecía que era a central e urxentísima de adecentamento da propia cidade e non pechar coas gabelas, coas cargas que supoñen obras de esta magnitude, como tivemos a depuradora e agoratemos por exemplo este paseo.

Probablemente a capacidade argumentativa do propio Concello, dos seus técnicos, pode levar á Zona Franca a modificar tamen posturas sobre este tipo de obras cuxo mantemento queda a cargo da Facenda municipal. Non obstante, como a vontade de dona María é que isto se amañe e puidera incluírse no programa de Vigo 2005, ó mellor tratábase dunha fórmula indirecta de conseguir que a Zona Franca botase aquí unha man porque o Concello non vai poder.

SR. IGLESIAS CARRERA: Eu veño mantendo dende hai moito tempo, antes de estar aquí como concelleiro, que hai regalos envenenados. Estou plenamente de acordo co meu amigo o señor Barros porque esta cidade, que ten dous pilares máis, dous alcaldes máis, o do porto, o delegado da Zona Franca, manda moita xente. Entón hai moitos regalos envenenados, non soamente isos que se recibiron en crave política. Eu aínda non atopei ningunha sinatura dun técnico dicindo que aquilo estaba ben.

Máis alá diso as cousas deterióranse. Houbo vandalismo tamén nunha zona tan fermosa como é aquela, hai moita actividade vandálica e tamen hai moita omisión por non levar técnicos para ver se as cousas estaban como se entregaban porque ata había cousas que non se ven e que aínda é peor que poñer postes da luz sen cable.

Eu fun varias veces por alí cos técnicos, temos valorado todas estas cousas, eu creo que están por debaixo do que se pode facer e estan a disposición dos grupos. Isto é o mesmo que o mantemento do túnel, que a depuradora que naquel momento nadie avaliou para cantos litros se facía.

Esta cidade pode queimar no capítulo dous todo o que queira a base de regalos.

Había postes sen cables, a escolleira repisou. Eu estiven alí con don Emilio García e con don Arturo Conde e establecimos unhas conversas e se esta facendo un proxecto porque se podía meter alí un pouco de formigón pero non é iso, é arranxar a escolleira e despois facer un firme como Deus manda e poñer luces que non tiña.

Eu mando a mensaxe de que hai que ter coidado cos regalos que nos fan outros porque son moi perigosos. Finalmente o diñeiro hai que o buscar. É o mesmo que despois imos falar da Travesía de Vigo. A Travesía de Vigo eu penso que xa ía nos nosos orzamentos, é un acordo dun Pleno da Corporación e quedamos sen eles sen embamrgo o proxecto penso telo probablemente neste mes, o 28 ou 29 é posible que mo dean xa e a ver onde buscamos o diñeiro.

En canto ó paseo de Bouzas que eu creo que é moi importante, se puidera facerse a través da obra Vigo 2005 coas baixas que puidera haber, sería moi importante polo menos darlle un pulo a esta cousa.

SR. SOTO FERREIRO: Polas intervencións habidas eu non sei se as do Sr. Barros e do señor Concelleiro de Parques, Xardíns e Obras, entendese unha enmenda. Non sei se votamos metelo en Vigo 2005 ou se se acorda manter conversas coa Zona Franca Clarifiquen a votación.

SRA. ALCALDESA: Nós temos pensado traballar e está traballando o concelleiro de cara a que sexa a maiores porque ese financiamento xa esta comprometido despois de múltiples reunións que tivemos con todos vostedes. Nesas reunións acordaronse unha serie de actuacións. Polo tanto pensamos que non temos que restar nada, senón pedir diñeiro a maiores para facer outras actuacións. E así, nese espírito, pasamos a votala.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Castrillo).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, sobre avalilación das obras necesarias para a reparación do

conxunto do paseo de Bouzas co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

25.- (210).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ELABORACIÓN E EXECUCIÓN DUN PASEO LITORAL NA ILLA DE TORALLA.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, por escrito de data de entarda no Rexistro Xeral do 16 de xullo, formula a seguinte moción:

“No noso litoral, a illa de Toralla é un dos peores exemplos de a onde pode conducir o exceso de presión urbanística e a falla de sensibilidade cara a protección dos valores medioambientais e históricos.

Na década dos 90, conseguiuuse que a cidadanía tivera por fin acceso ós areas da Illa, reservados durante moitos anos ó exclusivo uso dos residentes.

Nembargantes, a propia aplicación da lei 22/1988 de Costas, como as propias demandas da sociedade, precisan da recuperación para toda a poboación dos espazos públicos definidos polo deslinde marítimo-terrestre.

Precisamente na Illa de Toralla a Universidade de Vigo, ten posto en marcha o proxecto de execución de Estación de Ciencias Mariñas, no dominio público, cunha definición de ocupación do territorio que contempla a realización dun parque de acceso público, reservando o espazo necesario para, asegurando o acceso ó litoral, permitir no futuro a execución dun paseo perimetral da Illa de Toralla que, continuando nos espazos hoxe xa definidos no deslinde marítimo-terrestre, pode permitir circundar a illa asegurando o libre acceso das persoas.

Baixo o noso punto de vista, é o momento de, en colaboración coa Dirección Xeral de Costas, elaborar e executar no seu momento, un proxecto de recuperación dese espazo público, por medio dun paseo que circunde a Illa permitindo ó conxunto da poboación o coñecemento desa parte do noso litoral.

En razón do anteriormente exposto, o Grupo Municipal do BNG, propon ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Corporación insta ó Goberno Municipal a acordar coa Dirección Xeral de Costas a elaboración e posterior execución dun paseo litoral que aproveitando o deslinde marítimo-terrestre, permita circundar a Illa de Toralla e abra ese espazo público ó conxunto da poboación.”

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Ainda que sexa custoso, a demanda dos nosos cidadáns está por riba e ademais en lembranza dun compañeiro que tivemos na Corporación fago esta moción porque coido que é necesario recuperar todo o espazo do bordo litoral de Vigo e os vigueses non podemos disfrutar da illa de Toralla no seu conxunto, conseguiuase poder ir ós areais pero non ó resto da praia.

Os que coñecemos aquilo porque tivemos oportunidades de poder facer este percorrido que non está ó uso público neste momento, sabemos que practicamente todo o bordo litoral de Vigo hoxe ten un deslinde feito definitivo como é cara a Nigrán, excepto a illa de Toralla, e cara Redondela, excepto os terreos da ETEA.

Dalgún xeito, se hai algún compromiso político que de nesta próxima legislatura todo o deslinde do Estado Español quedará definitivo, ten que quedar contemplado de forma clara que na única illa que temos, polo menos habitable de xeito permanente porque as Cíes si se usan pero non todo o ano, excepcionalmente faise só no verán, un paseo que a circunvale e deixe claro o que é o dominio público marítimo terrestre, faría un gran servicio non só ós que alí viven senón tamén ós restos dos cidadáns que non o poden disfrutar.

A nosa proposta é bastante clara: acordar coa Dirección Xeral de Costas á elaboración e posterior execución dun paseo litoral que aproveite o deslinde marítimo-terrestre, permita circular a illa de Toralla e abra un espazo público ó conxunto da poboación.

A illa de Toralla é un recinto privilexiado, coido que iso é de todos coñecido, pero os paseos van ser un carga que terá esta cidade e que teremos que asumir porque o servicio social que fan están por riba de calquera custo.

Digo isto porque hai pouco a Alcaldía tamén puido aprobar outro pequeno recinto de paseo como foi na zona do Vao, que uniu ó denominado areal das Barcas que é unha zona especial de gran concorrencia e que é de madeira. Sabemos que a madeira ten unha duración limitada e teremos que pensar que hai que a manter no futuro. No mesmo paseo que se fixo dende o Museo do Mar é moi agradable poder ver como a xente utiliza eses espazos polos que non era posible circular senón fora por estas obras que se fan.

Si haberá que buscar financiamento pero para iso estamos aquí, os políticos temos que nos poñer con ilusión e aportando o mellor de nós pero tamén

buscando alternativas para que as cousas que se fagan se manteñan. Coido que moitas delas se poden facer en colaboración con outras institucións e estou a falar da Dirección Xeral de Costas que ten moitos cartos e hai que lle esixir o que Vigo necesita.

Hai que dicir que, agás excepcións, actuacións complexas non as rematan case que nunca, ó mellor é por culpa nosa pero coido que cando unha Corporación ten a ilusión, as ganas e a coraxe política non hai ningún reto que non poida facer.

Falo da illa de Toralla porque foi custoso chegar a ela, foron moitos anos de loita dun excompañeiro noso pero é un orgullo poder ver ás noites á xente que está alí pescando, que non hai espazo físico para botar unha liña; imaxinemos se nos poñen todo ó redor, encheríamos aquela zona porque é unha zona dunha gran riqueza do mar, á parte da paisaxística, é unha zona moi batida cun auga moi boa que practicamente non está contaminada porque a nosa ría ten unhas correntes moi boas e dalgún xeito nos permitiría disfrutar dun paseo que todos poidamos acadar.

Por iso non fago ningún compromiso económico pero si un compromiso político de vontade. Hai que empezar aportar novas cousas e esta é a aportación que o BNG fai neste intre. O paseo da Guía e o de Alcabre están en fase moi avanzada e iste é un máis. Sabemos que as administracións son lentas e polo tanto hai que se adiantar no tempo.

SR. FIGUEROA VILA: Imos pedir ó Sr. Fernández que pasemos isto á comisión de Medio Ambiente. Estivemos falando coa Universidade que sabe que ten alí unha concesión de bastantes terreos e está a facer unha estación de Ciencias Mariñas e coido que sería conveniente tamén lles trasladar esta moción sen ánimo que no próximo Pleno, que será a primeiros de setembro o Pleno de agosto, poidamos tratar a moción pero facemos esa suxerencia sen entrar no fondo do tema por unha cuestión de forma exclusivamente.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Aceptamos a proposta.

SR. ALONSO VAZQUEZ: Estou totalmente de acordo con este tema pero quero dicir que os chalés pola cara oeste chegan mesmo ó mar e a min preocúpame se realmente se pode chegar facer.

SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Nesta moción do que se trata é de defender o dominio público e precisamente vai nesa liña.

De conformidade co falado no curso do debate, acórdase deixar pendente a anterior moción para que previamente se trate na Comisión informativa de Medio Ambiente e Patrimonio Histórico.

26.- (211).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG SOBRE ELABORACIÓN E REDACCIÓN DUN PROXECTO DE REMODELACIÓN E AMPLIACIÓN DAS BEIRARRÚAS DA TRAVESÍA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- O concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Toba Girón, por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 16 de xullo de 2004, formula a seguinte moción:

"Recentemente as obras do centro comercial no Troncal e do túnel aparelado á dita instalación tocaron ó seu fin. É sen dúbida motivo de satisfacción o remate das ditas obras, que en primeiro lugar reporta a necesaria tranquilidade na vida dos veciños e veciñas da Travesía de Vigo que, evidentemente, sufriron as inevitábeis molestias que obras de tal envergadura traen consigo.

Por outra banda con ocasión da definitiva, e desexada polo noso Grupo Municipal, entrega da Travesía de Vigo ó Concello por parte do Ministerio de Fomento é hora de axeitar a urbanización de dita rúa ó seu entorno urbano.

As obras, realizadas durante os anos pasados polo propio Ministerio de Fomento, non serviron máis que para iniciar un proceso de renovación urbana totalmente necesario e sentido polas persoas que alí habitan, que agora debemos completar.

Precisamente en razón da mellor resolución daquelas obras, ademais dos cambios realizados xa nese momento, tomouse acordo polo Pleno de rematar o dito proceso atendendo á renovación e ampliación de beirarrúas, sendo seguramente necesaria tamén a atención ó estado do pavimento.

Atendendo ó dito compromiso, no mes de agosto do ano 2003 no departamento de Vías e Obras, iniciouse a redacción dos pregos de condicións técnicas e administrativas para contratar a redacción do proxecto de novas beirarrúas para a Travesía de Vigo. O expediente quedou listo para trámite no final do mes de setembro do ano 2003, pero o procedemento, lamentablemente, non se continuou polos novos responsábeis políticos.

Independentemente do anterior, estaremos de acordo, con seguridade, que a remodelación e ampliación das ditas beirarrúas, ademais de ser un

compromiso da Corporación, é rotundamente necesaria e debería permitir unha mellora da calidade de vida das persoas que habitan na Travesía de Vigo.

Polo antedito, o Grupo Municipal do BNG, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Que por parte do Departamento de Vías e Obras, coa colaboración dos outros departamentos municipais que se consideren precisos, se leve a cabo a contratación da redacción do Proxecto de Remodelación e Ampliación das beirarrúas da Travesía de Vigo, ó obxecto de poder acudir á contratación da realización das obras no menor prazo posible."

A comisión informativa de Servicios Xerais, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. TOBA GIRÓN: Mentres eu estaba fóra me din que me respostou o Sr. Iglesias. Este é un compromiso xa da Corporación pasada de elaborar e executar o proxecto de remodelación e ampliación de beirarrúas da Travesía de Vigo que por sorte agora xa é municipal porque iso permite actuar directamente e non ter que estar permanentemente falando con outra administración.

O que pretendemos é que se redacte o proxecto do que no seu momento quedaron redactados os pregos de condicións técnicas e administrativas para a contratación correspondente.

Se efectivamente tal e como me expresa o meu voceiro xa está posta en marcha a redacción, retiro a moción.

SR. IGLESIAS CARRERA: Só pedir disculpas ó Sr. Toba porque saíu como consecuencia doutras cousas das que estabamos a falar. O proxecto penso vai estar redactado o día 28 deste mes, fíxoo Petra e elixiu unha das tres alternativas que se elaborara.

SR. SOTO FERREIRO: Xa que se está a falar o tema só facer unha petición porque, e non concordo coa afirmación do Sr. Toba, desgraciadamente é municipal porque se non fose municipal estaríamos a tempo a reclamar á Administración do Estado a que fixera estas obras e aí concordo máis coa intervención do Sr. Iglesias.

O que me pregunto xa que hai unha nova administración no Estado e non sei que posibilidades puidera haber, se se podería estudar unha colaboración -e diríxome á deputada Sra. Porteiro- sen pedir milagres nin a ela nin a ningún, pero ó mellor tentar de ver unha colaboración porque se ven de

facer unha aprobación dunha obra na que o Grupo Socialista e nós no seu día non estabamos de acordo e foi moi notorio. De chegar ó convencemento de que algunhas cousas non se fixeron ben (por exemplo o tema do saneamento, etc.) isto é pecata minuta.

Polo tanto mirar o tema dun xeito máis integral e se fose posible botar unha ollada cara atrás e a Administración do Estado puidera reinvertir algo para arranxar ese problema, mellor porque se falamos de saneamento falamos de centos de millóns de pesetas.

A PRESIDENCIA: Está retirada da orde do día e agradézolle a puntualización que ademais é moi oportuna.

Durante o curso do debate o poñente, Sr. Toba Girón, retira a anterior moción.

27.- (212).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE INSTAR Á
AUTORIDADE PORTUARIA DE VIGO A APROBACIÓN DO PLAN DE
UTILIZACIÓN DOS ESPACIOS PORTUARIOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xullo de 2004, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Pérez Mariño, formula a seguinte moción:

“Con data 2 de xullo de 2004 a Autoridade Portuaria de Vigo entregou ó Concello de Vigo o denominado “*Estudio da ocupación de superficie na zona de servizo do porto de Vigo*”, consistente nunha mera relación das posibles empresas e organismos que, tendo instalacións dentro da zona portuaria, poderían ser susceptibles de ser trasladadas fóra da mesma, debido a que a actividade que nelas se desenvolve, se ben está vinculada á explotación portuaria, non necesita estrictamente dunha ubicación cercana ós peiraos, cantiles e demais infraestrutura portuaria, nin dos servizos prestados no Porto de Vigo.

Por outra banda, en declaracións de data 2 de abril e 29 de maio de 2004 nos medios de comunicación, tanto o Conselleiro de Pesca e Asuntos Marítimos como o Presidente da Autoridade Portuaria de Vigo recoñeceron, respectivamente, que a maioría das empresas ubicadas no porto de Vigo poderían operar dende outro polígono industrial e que é evidente que no porto hai industrias mal ubicadas que se poderían e deberían trasladar a outros polígonos. Polo que a Consellería pediu á Autoridade Portuaria un Plan de Usos que determine como está o espazo do porto, se se poden retirar algunhas industrias e afrontar economicamente ese custo.

No mesmo senso, con ocasión das reunións dos voceiros dos grupos municipais co Presidente da Autoridade Portuaria, nas que se debateu acerca do "*Estudo do borde litoral*", evidenciouse a existencia dunha importante superficie de solo á beira do Porto en Guixar, ocupada por infraestrutura ferroviaria en desuso.

Conforme ó disposto no artigo 96 da Lei 48/2003, do 26 de novembro, de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral, "*a Autoridade portuaria elaborará o plan de utilización dos espazos portuarios que incluírá os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto, así como a xustificación da necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos*".

Dito plan deberá ser informado polas Administracións urbanísticas, Portos do Estado, Dirección Xeral de Costas, Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, Ministerio de Defensa, Ministerio do Interior e Ministerio de Facenda, correspondéndolle ó Ministerio de Fomento a súa aprobación.

Conforme ó disposto no apartado 7º do citado artigo 96: "*Con carácter previo á formulación pola Autoridade Portuaria do plan especial ou instrumento equivalente que ordene a súa zona de servizo deberá atoparse aprobado o plan de utilización dos espazos portuarios do porto*"; e a súa aprobación levará implícita a declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios dos bens de propiedade privada e de rescate das concesións que requira o desenvolvemento do plan (apartado 5º).

Por todo o anterior, propónse ó Pleno do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Autoridade Portuaria de Vigo a urxente elaboración do Plan de utilización dos espazos portuarios do porto de Vigo, no que se inclúan as seguintes determinacións:

- a) Os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto, xustificando a necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos.
- b) A declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios dos terreos sitos en Guixar ó bordo do porto ocupados por infraestrutura ferroviaria actualmente en desuso, sen prexuízo da preservación do uso ferroviario imprescindible para a conexión do porto de Vigo coa futura Plataforma Loxística de Salvaterra.
- c) O rescate das concesións que requira o desenvolvemento do plan e que non necesita estrictamente dunha ubicación próxima ós peiraos, cantiles e demais infraestrutura portuaria, nin dos servizos prestados no Porto de Vigo.

Segundo.- Instar á Autoridade Portuaria a tramitación do citado plan de utilización dos espazos portuarios, conforme o previsto na lexislación vixente."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. RUIZ CENICEROS: Repasando os acordos que adoptou este Pleno en relación ó centro comercial da Laxe, apréciase que dende que se aprobou o Plan Especial do Porto no ano 98 este Pleno, concretamente algúns grupos municipais, viñan esixindo á Autoridade Portuaria que redacte e entregue o Plan de Utilización de Espazos Portuarios. Ademais nese intre se polemizaba se ese Plan era requisito previo á aprobación do Plan Especial do Porto, cuestión que agora xa solventa a nova Lei do Porto en canto que determina que efectivamente ese Plan de Usos é requisito imprescindible e previo á futura aprobación ou modificación do Plan Especial do Porto.

En principio nas discusións, debates e na comisión do estudo do bordo litoral formulouse a posibilidade e así se transmitiu á opinión pública de que para levar a cabo ese estudo o Porto ía entregar o Plan de Usos, supoñemos que se estaba falando do Plan que tiñan que estar redactando, e que conforme a ese documento se reuniría a comisión para o debatir e mirar do encaixar no estudo que agora mesmo ten o Concello sobre a mesa.

O 2 de xullo pasado ese documento entregouse a esta Corporación e unha vez que nolo pasaron ós Grupos municipais coido que todos puidemos apreciar que non é un plan de usos senón que meramente é un estudo que describe a situación actual do Porto, describe minuciosamente e con todo luxo de detalle cada unha das actividades que ocupan espazo portuario, precisando os metros cadrados que ocupan, a actividade que desenvolven, quen é o titular desa ocupación, en qué réxime e o número de empregados que agora mesmo traballan nas naves ou instalacións. Non se achega para nada nin siquiera ó que sería un borrador ou un anteproxecto do Plan de Utilización de Espazos Portuarios.

Tal e como se debatíu anteriormente neste Pleno, cremos que ese plan de usos é imprescindible para continuar a debatir sobre a apertura ou non de espazos portuarios a uso público por canto, legalmente non cabe ningunha dúbida e así o di a Lei, nese plan de usos que ten que realizar a Autoridade Portuaria non ten que describir o que hai agora mesmo no porto, senón que ten que prever o que haberá, qué utilización se dará ó espazo portuario no futuro e non só ten que as enumerar, senón que ten que as xustificar expresamente, ten que dicir en qué é necesario ós servizos

portuarios esa actividade ou en qué se relaciona ou coordina coas actividades estratéxicas que o Porto calcula que desenvolverá no futuro.

A maiores e co que se debatíu tamén nesa comisión, ese Plan de Usos é fundamental porque se non se xustifican as actividades que agora mesmo se están a desenvolver, se non se xustifica que teñan que seguir instaladas no espazo portuario, sinxelamente con esa falta de xustificación suporía a declaración de utilidade pública a efectos de rescatar as concesións que agora mesmo existen, concesións que ata esta data concedeu e outorgou a Autoridade Portuaria.

Ó mesmo tempo ese Plan de Usos, o que é unha novidade da Lei de 2003, pode determinar a afección de solo que actualmente non pertence á Autoridade Portuaria. Cando falamos de afectar e ampliar ese solo estamos pensando nun espazo que unanimemente todos consideramos interesante a efectos de solucionar os problemas de ampliación do porto que é o solo ocupado actualmente por unha infraestrutura ferroviaria que está en desuso e valórase como infrautilizada e deberíase utilizar a efectos de cubrir as necesidades do Porto.

O Plan de Usos se considera que ese solo é necesario podería afectalo co fin da súa automática declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios. Iso á súa vez melloraría a posición que poida ter este Concello e en concreto a Sra. Alcaldesa a efectos de negociar con RENFE o posible aproveitamento dese solo, posto que non é o mesmo negociar cun titular que ten toda a capacidade e o libre dominio para dispoñer del, que negociar cun titular sobre o que pode caer a ameaza expropiatoria e a súa declaración de interese público.

Por iso consideramos que a presentación desta moción e, se é estimada favorablemente por este Pleno, o seu traslado á Autoridade Portuaria, este é o momento preciso, que non entorpece senón que abonda nas negociacións que agora mesmo ten a Alcaldía coa Autoridade Portuaria.

Hai que lembrar ademais que a tramitación do Plan de Usos, tal como recolle a Lei, é longa e complicada no sentido de que ten que o redactar a Autoridade Portuaria, ten que o informar a Consellería de Política Territorial, ten que informar este Concello, ten que se someter a exposición pública o que abre á opinión pública todo o debate da correcta ou non ordenación do espazo portuario en canto a que se poden presentar alegacións por calquera particular e finalmente ten tamén que ser informado

por Portos do Estado, Dirección Xeral de Costas e finalmente aprobado polo Ministerio de Fomento.

Por todo isto coidamos que esta moción é oportuna e solicitamos a súa aprobación ó Pleno.

SR. ALONSO VÁZQUEZ: Que eu saiba estamos en negociacións co Porto, que eu saiba non se lle respostou ó escrito que nos mandaron do Plan de utilización, e se estamos en negociacións co porto non entendo como imos instar á Autoridade Portuaria a que presente o Plan.

O que pasa é que se estamos en xuntanzas e non quitamos o tema para diante eu pediría que retirara a moción. Dende logo non vai ter o noso apoio. Se estamos a negociar co Porto non sei porqué se lle vai pedir agora isto, haberá que seguir negociando.

Se mandaron o plan de utilización e non nos reunimos que eu saiba, non se debatíu nada, dende logo o noso apoio non o van ter.

SR. TOBA GIRÓN: Nós tamén recibimos o documento datado en 5 de xullo que nos envía a Sra. Alcaldesa chamándolle Plan de usos do Porto de Vigo, para estudo e a máis nos comunica que a próxima semana (que tiña que ser a semana anterior) convocaríase a comisión do bordo litoral para discutir ese teórico plan de usos.

Estabamos agardando por iso en certa medida, independentemente de que nós xa espuxemos, sen presentar ningunha proposta en Pleno porque entendiamos que o foro do debate era a comisión do bordo litoral, que non temos inconveniente como xa temos manifestado en debater a cuestión en Pleno pero entendemos en primeiro lugar que o que nos envían, Sra. Presidenta, non é un plan de usos. Vostede xa o sabe e seguramente puxéronlle o papel diante para asinar e algún dos seus asesores non se tomou a molestia de mirar de qué eran as fotocopias que había dentro dos sobres que nos enviaban pero efectivamente, e nisto coincido co Sr. Ruiz Ceniceros, o que nos enviaron foi unha relación que presumimos veraz porque non está asinada por ninguén e que dende o primeiro folio se interpreta como un sinxelo levantamento de acta de que é o que está ocupado na superficie portuaria.

Por tanto entramos no debate pero expreso antes de nada que a nosa posición era que pensabamos que xa a semana anterior estaríamos convocados para esa comisión do bordo litoral. Falemos do Plan de Usos Portuarios xa que se precisa e así o propón o Grupo Socialista.

A primeira pregunta que hai que se facer é se precisamos da redacción dun Plan de Usos Portuarios. ¿Qué precisa o porto de Vigo? Baixo o noso punto de vista o que precisa é dunha programación estratéxica de actividades e vímollo repetindo dende hai xa anos. Hai moito tempo que o Porto de Vigo necesita formular un plan estratéxico e un plan director de infraestructuras e nisto o noso grupo ven insistindo dende hai xa moitos anos.

Lamentablemente, e a pesar de que sabemos que por parte da Autoridade Portuaria se redactaron eses documentos, nin esta Corporación nin a anterior ten coñecementos deses documentos. Pero o primeiro que temos que ter enriba da mesa son os documentos estratéxicos do porto. Igual que no seu momento a Autoridade Portuaria foi convidada, como non podía ser doutra maneira, a redactar xunto connosco o plan extratéxico desta cidade e o propio plan xeral. Precisamente a raíz da redacción deses dous documentos houbo sucesivas reunións entre o equipo redactor do plan xeral e os equipos técnicos que se encargaban da redacción deses dous documentos da Autoridade Portuaria. Pero por aquí non chegou nada. Baixo o noso punto de vista mentres non teñamos enriba da mesa o plan estratéxico e o plan do director de infraestructuras do porto, figuras que tamen contempla a lei de novembro de 2003, vai ser moi difícil que poidamos discutir un plan de usos portuarios que non sexa exclusivamente identificativo có que xa existe agora. E para iso non é preciso.

Pero é que ademáis nesta administración xa entrou un plan de usos portuarios. O 9 de febreiro do ano 2001 rexistrouse na Xerencia de Urbanismo un documento que respondía a esa denominación que constaba de 86 páxinas de memoria e de 10 planos. E o Consello da Xerencia naquel momento acordou propoñerlle á Autoridade Portuaria que o retirara, entre outras cousas porque nin falara coa Corporación para presentar esa documentación. Non nos presentara ningunha outra documentación, pero si que nos presentou un plan de usos portuario. O que si é necesario lembrar é que un mes máis tarde, o 9 de marzo de 2001, esta Corporación si que lle contestou á Autoridade Portuaria e indicabámoslles naquela contestación que era o que tiñan que facer para que a Corporación se puxera a discutir o plan de usos portuarios.

E dende aquela non tivemos ningunha comunicación da Autoridade Portuaria de Vigo. Esta é a realidade polo tanto non nos precipitemos a pedir un plan de usos portuarios porque xa o teñen. Apóstolles a que nos presentan o mesmo

documento que nos presentaron o 9 de febreiro de 2001 e mesmo sen ningunha das correccións que nós lles expresamos naquel acordo da Corporación do 9 de marzo.

Se discutimos realmente do porto e abrimos o debate no Pleno, entón a nosa posición vai a ser a que vimos repetindo tamén na comisión do bordo litoral. Nós non reclamamos o plan de usos portuarios. Nós reclamamos da Autoridade Portuaria o plan estratéxico e o plan director que son os baseamentos para que a cidade discuta a súa extratexia portuaria porque esta extratexia non é da Autoridade Portuaria, é unha parte da extratexia da cidade, senón non entenderemos nunca como debe funcionar a conexión entre o propio porto e a cidade, ou dito doutra maneira, seguiremos entendendo como boa a extratexia da Autoridade Portuaria que é seguer véndose a si mesmos como un territorio arredado da cidade e esa non é a nosa perspectiva.

Polo tanto, se seguimos co debate nós ímoslle propoñer ó partido socialista que presente unha moción, entendemos ben intencionada, na medida en que queira regularizar e demandar o que se nos promete na carta que nos envia a señora presidenta, enganada por suposto e reparar esa situación. Pero nós propoñemoslle tres emendas á súa moción.

En primeiro lugar, demandar a Autoridade Portuaria de Vigo a remisión do plan estratéxico e do plan director de infraestructuras do porto, que nolo remita xa, que non espere máis, podemos agardar ata setembro pero que o remita.

En segundo lugar, reclamar da Autoridade Portuaria de Vigo a efectiva contestación ó acordo do Pleno municipal de 9 de marzo de 2001 en relación co pretendido plan de usos portuarios presentado un mes antes nesta administración. E isto por sinxela educación, porque a Autoridade Portuaria ten que dunha vez darse conta de que o Pleno desta corporación xa lle contestou a aquela pretensión e non pode darnos o silencio por resposta. Aquel plan de usos portuarios cun par de modificacións era o plan especial do porto, non había moito máis. Un par de cousas que tiñan que ver cun par de recheos máis ó que xa nos ten acostumados a Autoridade Portuaria. Pero non é aceptable que a Autoridade Portuaria pase dende o mes de marzo de 2001 sen contestar a esta Corporación municipal, non é de recibo.

Teñamos un trato leal, un trato de acordos, pero respectemos os acordos. E recórdolles a aqueles e a aquelas que formaban parte desta Corporación naquel momento que aquel documento de reclamación de corrección foi

consensuado e mesmo asinado polo daquela Conselleiro Sr Cuiña, polo daquela Alcalde de Vigo señor Castrillo e o propio presidente da Autoridade Portuaria, que non nos contesta pero que asignou o acordo. ¿Quén incumpre os acordos?

E un terceiro aspecto que tamén recollendo a perspectiva do grupo socialista propoñemos que estudados o plan estratéxico e o plan director se reinicien os traballos, e digo que se reinicien porque os iniciaron da redacción do plan de usos portuarios. Ese é o acordo político que deberamos tirar se de verdade queremos avanzar nun entendemento de entorno estratéxico porque o resto son situacións parciais. Nós non imos entrar en discusión con respecto a se a zona adicada agora a instalacións ferroviarias é ou non é obsoleta ou ata onde é obsoleta, pero nós cremos que independentemente da obsolescencia que poida existir, se un plan director de infraestructuras da Autoridade Portuaria non estuda a conexión ferroviaria cós espazos que sexan necesarios, porque son máis importantes que nada, có futuro porto seco de Salvaterra, non estaremos arranxando nada. Todo o que estaremos facendo será preparar terreo para novos recheos porque sempre faran falla máis espazos, infinitos espazos, e os espazos están no porto de Salvaterra. Aí hai catro millóns e medio de metros cadrados e iso é o que hai que axilizar. Por iso dicimos no punto terceiro que estudados, e entendan estudados no sentido de reflexionar, de decidir, de comprender o plan extratexico e o plan director, se reinicien os traballos de redacción do plan de utilización de espazos portuarios. Esta é a posición do noso grupo.

SRA. ALCALDESA: Na reunión do Consello Económico e Social, quero recordar que estaba o señor Castrillo, se acordou pedir o plan de usos e se acordou tamen pedir, por parte precisamente do señor Castrillo, o plan estratéxico. Esa documentación é a que enviei e é a que se me remite. Polo tanto eu remito a documentación que se me envía. Sei que non é un plan de usos.

Temos pendente nestes momentos unha reunión con RENFE e tamen un informe coa Universidade de Vigo que dixeron que querían colaborar e facer propostas sobre todo o conxunto do informe do plan do litoral. Cremos que non cada vez que chegue un papel ou un informe se teña que convocar, senón que habería que esperar a ter máis datos enriba da mesa.

Pero quero informar a este Pleno que durante a semana pasada tiveron dúas reunións: unha reunión de traballo co porto e outra tamén de traballo có

Conselleiro, don Enrique Lopez Veiga. Na reunión de traballo co porto estivemos falando de todas estas cuestións e dime algo sensato o presidente do porto que é o seguinte: A nova Lei de portos, como todos vostedes saben, ultimamente por parte do actual goberno do Estado se dixo que probablemente habería que a modificar.

A nova lei de portos, que me parece que entrou en vigor no mes de marzo deste ano, fala de que dende logo é necesario voltar facer cun criterio único en todos os portos un plan estratéxico, un plan director e un plan de usos. Tiñan unha reunión o xoves no País Vasco precisamente todos os presidentes das Autoridades Portuarias e pediume o señor Pedrosa que pospuxeramos esa posibilidade de pedilo dependendo de que se modifique ou non a Lei, tema que é razoable. De todas maneiras, na reunión co conselleiro que se saiba que pedimos esa documentación do plan estratéxico e do plan director que hai. Esa documentación é para adiantar nunha comisión técnica onde debe establecerse a relación porto cidade. Iso é o que fixemos a semana pasada, no punto no que estamos e o Conselleiro confirmounos que o faría tamén dependendo desa reunión que van manter en Portos.

Ente outras cousas, á parte de establecer ese primeiro paso, eu creo que é inexcusable esa relación porto cidade sobre todo nun momento como é o da redacción do plan xeral e nestes momentos a posible aprobación do plan xeral, porque tamén é necesario para modificar o plan especial do porto se temos que o modificar, como creo que hai que o facer se realmente queremos adiantar en cesións á cidade por parte do Porto ou noutro tema transcendente que o Consello Económico e social no seu día tamén se pronunciou como é o peirao de cruceiros.

Polo tanto todos estes pasos van ser decisivos para o futuro da relación porto cidade, para o futuro das decisións que creo que en poucos días podemos ter. En toda esa documentación pódense establecer eses criterios para que dunha vez por todas se monte esa comisión técnica con todos os documentos enriba da mesa os documentos que non existen teran que facerse. Moitas grazas

SR. SOTO FERREIRO: O máis fácil de dicir é que estamos de acordo coa decisión do grupo socialista e a do señor Toba. O máis difícil é que se vostedes señores do grupo socialista coa súa iniciativa rachan o consenso que tiñamos establecido e teñen unha comisión bilateral onde estabamos a

traballar co tema do porto, consideramola rachada. Mire, somos os máis pequenos pero xa teremos razón algun día, que máis da, como se van os tres xuntos contra o do porto e non se fai nada no porto, ala vostedes. Dende logo esta política de belixerancia non vai favorecer en absoluto se hai algunha posibilidade de entendemento, que me parece dificilísima, actitudes como ista ráchana porque o primeiro que hai que saber en política, como en todo na vida, é que hai certas conductas que hai que observar.

Se temos abertas unhas negociacións bilaterais co porto, o porto contéstanos cun documento absolutamente insuficiente e mesmo que non responde o título có que nolo mandan, pero se estamos nese tipo de tratamento, iso é o que lle ten que dicir esa comisión e pedirlle estas cousas que queren vostedes facer. Se vostedes non se solidarizan no Pleno da Corporación, evidentemente non queren chegar a un acordo, queren chegar a unha confrontación co porto. A nós non nos metan nesa política. Por iso digo que consideramos roto o consenso porque entendemos que vostedes non deixan posibilidades para chegar a concorrir.

A liña que establecía a alcaldesa a min pareciame válida, pero tamén hai que ser consecuente ata o final, señora alcaldesa. Hai que ter unha actitude de consenso para solucionar problemas para ver onde cede o porto, onde cede a cidade, onde cedemos todos, para chegar a un acordo, se fose posible, do bordo litoral. Se non existe esa vontade non teñamos o espantallo aquí de enganar ós cidadáns. Nós non imos votar iso na vida. Como nós sabemos algunhas cousas que fan falla, se vostedes piden cousas coma ista, estan teoricamente imposibilitando todo, con ese tipo de peticións non conten con nós. A partir daí consideramos roto o consenso, cada un que defenda o que lle pete e o que na súa conciencia crea que é mellor para Vigo.

Nós imos manternos defendendo a posibilidade real e obxectiva de que o porto ceda espazos importantísimos para que a cidade se poda achegar ó mar ó mesmo tempo que a cidade entende que no seu beneficio ten que axudar a que o porto medre. A partir daí voten o que lles pete. Nós nesta moción se é que a levan para diante imos abstermos. Se queren seguir mantendo o consenso, se é posible que insisto que me parece moi difícil, previamente pedirialle que vaiamos á mesa que todos os partidos acordamos que todos acordaramos nun consenso para seguir traballando aí. Pedímosllo na Xunta de Voceiros, vostedes no seu dereito queren seguir levando isto para adiante, pois saiban as consecuencias como mínimo. Non son tantas, somos un partido

pequeno, simplemente temos razón anos despois de que amolen vostedes actuacións de todo tipo.

SR. RUIZ CENICEROS: Señor Soto, dende logo un consenso nin moito menos busca confrontación. Da mesma maneira que supoñemos que o porto, cando mantén conversas para abrir o espazo portuario ó público e cando sen previo aviso pecha por motivos de seguridade o peirao do trasatlánticos, non busca confrontación; cando outorga unha concesión a Petrovigo de subministro de combustible nese peirao sen previo aviso e sen contar con ninguén, tampouco esta buscando confrontación; nin cando a semana pasada pecha na praia da Lagoa o parque público que se usaba polos veciños sen avisar a ninguén tampouco cremos que busque confrontación nin que tampouco venda que vai abrir espazo ó público cando en realidade a súa única intención é todo o contrario.

Nesa mesma liña nós o único que lle pedimos ó porto é que cumpra os deberes e obrigas que lle marca a lei, independentemente das negociacións que poida haber, que como mínimo empece a traballar. O que tampouco queremos é dar lugar a sospeitas e que cando manda ese documento que é unha mera descrición, dicindo o que hai e que mesmo chega especificar o número de empregados que hai en cada nave, pretende que o Concello lle diga que concesións se teñen que ir, cando lle corresponde ó porto xustificar porqué otorgou esas concesións, se en principio está en relación coa actividade que vai desenvolver, que aínda que non coñecemos o plan estratéxico que en principio existe e está aprobado, diante de nós o presidente recoñeceu que as actividades estratéxicas de futuro son transporte de vehículos, transporte de contedores e o porto pesqueiro coas súas limitacións e en menor medida, porque a el dáballe igual porque consideraba que non era unha actividade especialmente lucrativa para o porto, o transporte de pasaxeiros.

Hai naves nese estudo que non esta claro que teñen que ver con esas catro liñas de actuación, que teñen que ver esas actividades fabriles que se estan desenvolvendo agora mesmo no porto con eses catro posibles negocios que é o que lle interesa á Autoridade Portuaria. Pois nese sentido é a Autoridade Portuaria a que ten que xustificar en qué se relacionan e se non ten nada que explicar, nada que xustificar terá que proceder ó rescate desas concesións, rescate que terá unhas consecuencias económicas que en principio terá que asumilas o porto porque é quen no seu momento deu esas

concesións relacionadas ou non coa actividade que a eles lles interesa e para a que agora mesmo reclaman terreos e ampliación.

Das emendas que propón o BNG en principio nós estamos totalmente de acordo. Cremos que non son incompatibles coa proposta senón que afectan ós terreos de RENFE porque na proposta que nós presentamos facemos alusión a que se reserve para o uso ferroviario imprescindible para a conexión do porto de Vigo coa futura plataforma loxística de Salvaterra. Estamos previndo que se acepte o solo que o porto como maior interesado considere necesario, pero sen incluír aquel que sexa necesario para eses trens lanzadeiros cara o porto seco.

Estamos totalmente conformes con que esa previsión é necesaria e que ten que ser o propio porto quen o diga porque é o porto quen vai dicir qué necesidades ferroviarias ten. Son eles os que teñen que calculalas, plasmaalas no correspondente documento e trasladalas ás administracións, entre elas ó Concello.

Dende logo estamos de acordo coas emendas do BNG e esta moción non presenta ningún tipo de confrontación nin é incoherente con que se manteñan as negociacións coa Autoridade Portuaria, nin supón para nada unha actitude belixerante. Si supón avanzar en algo realmente porque, alomenos dende que está esta Corporación, fálase moito do estudo do bordo litoral e do acceso. Ó final o único que quedou da Comisión de estudo do bordo litoral que eu recorde é o tema de ampliación do recheo, de todo o demáis, que á parte quedamos en reunirnos e que se ía a falar coa Dirección Xeral de Costas e demáis, o resto das propostas enumeráronse un día e nada máis e a Autoridade Portuaria confesou que o único que lle interesaba e vinculaba con todo e o seu posible acordo con aquel estudo, era o tema da ampliación na materia do recheo. É o que quedou dese estudo do bordo litoral.

Pois para avanzar se é necesaria ou non esa ampliación e se o espazo portuario está ben ou non ordenado, porque hai declaracións nos medios de comunicación do propio presidente da Autoridade Portuaria e do Conselleiro que recoñecen que hai actividades que poderían estar situadas noutros polígonos industriais do Concello de Vigo, para avanzar niso e para ir sobre seguro o que se lle pide é que redacte ese plan de usos, que o redacte e que o tramite. Nesa tramitación teremos parte todas as administracións interesadas, empezando polo Concello de Vigo.

SR. TOBA GIRÓN: Non lle vou ocultar que algunha alegría levo porque por primeira vez alguén recoñece explicitamente que o plan extratéxico e o plan director do porto existen e que nos van ser enviados, porque iso se desprende das súas palabras. Non se preocupe que eu teño mesmo o nome das empresas que se contratan para redactar os dous plans. Pero en todo caso seguimos pensando que é necesario, sen ningún enfrontamento gratuito coa Autoridade Portuaria, que esta entenda que non só nos interesa o debate técnico, tamén nos interesa o debate político porque no plan director de infraestructuras imos falar de política, tamen van falar os técnicos evidentemente, pero imos falar do desenvolvemento estratéxico da cidade, dunha parte moi importante da nosa economía que é a Autoridade Portuaria e imos falar de infraestructuras e das conexións de infraestructuras que o porto precisa de cara o seu futuro que é o noso tamen.

De acordo en que existe unha Comisión Técnica, moi de acordo a que en canto se remitan eses plans, dos que en todo caso fago mención nas emendas que lle presento á proposta do grupo socialista, deben ser remitidos inmediatamente ós grupos municipais porque aí hai unha parte moi importante do debate do desenvolvemento económico e social da nosa cidade para os próximos moitos anos e a Corporación non pode estar ausente dese debate, pecado que pretendeu cometer a Autoridade Portuaria e pecado ó cal non nos podemos plegar, sen ningún tipo de animadversión, sen búsqueda de enfrontamentos gratuitos pero coa decisión dos que temos a responsabilidade de discutir os eixos de futuro desta cidade, eixos dos que obviamente forma parte de forma moi substancial o propio desenvolvemento portuario, e das infraestructuras necesarias para que no seu momento o famoso parque, e digo famoso porque se está facendo famoso nos papeis, non na xestión que vai moi retrasada, e que vai ser obxecto dalgunha intervención miña nalgún próximo Pleno.

Independentemente diso, se o grupo Socialista acepta a introducción dese primeiro punto que di demandar da Autoridade Portuaria de Vigo a remisión do plan estratéxico e do plan director de infraestructuras do porto, que por outra parte nos anuncia a Sra. Presidenta como una documentación que nos será enviada, se ademáis acepta a emenda de reclamar que nos contesten e que estudados os ditos plans, non antes senón como di a propia formulación da Lei de portos, definidos os obxectivos estratéxicos, nese momento se reinicien os traballos de redacción do plan de utilización de espazos portuarios, pois encantados.

Unha última cuestión. A modificación da lei de portos non vai afectar para nada a estes extremos porque por sorte a lei de novembro de 2003 avanza moito con relación a aquela vella lei de portos da marina mercante do ano 92, se non me falla a memoria, que deixaba todo colgado dun único artigo, o famoso artigo 15 que daba para un plan especial, para un plan de usos e para o que todos quixeramos. Esta lei é moito máis eludida, dende o meu punto de vista e permite ademáis definir con toda precisión os elementos de cada un dos extremos do planeamento, ademáis debemos procurar que se cumpran sistematicamente.

Con esas emendas que lle paso agora ó señor Ruiz Ceniceros escritas a man porque se me estropeou o ordenador, nós votariamos a favor sempre tendo en conta eses dous planes que son claves para discutir que é obsoleto ou que non o é no recinto actual do espazo público portuario.

SR. FIGUEROA VILA: O tema sobre a relación cidade porto pode dar para moitos debates, xa nesta Corporación se fixeron debates intensos e longos con distintas posicións. Á hora de confeccionar un programa electoral, a Alcaldesa hoxe en día, candidata naquel intre, un dos obxectivos claros que sempre tivo e que sempre nos trasladou ó seu equipo é que había que confeccionar un proxecto de bordo litoral dende Redondela ata Nigrán.

Iso que moitos en momentos concretos mesmo manifestaron que era unha cortina de fume para o tema de ampliación do recheo do Areal, pois hoxendía nos estamos dando conta de que non é así. Que era unha realidade, que era unha vontade política e que era un punto concreto do noso programa electoral que queríamos levar a cabo. Sabiamos que había posicións encontradas dentro da cidade, que había un conflito social onde partes estaban a favor e partes en contra dun proxecto e dunha relación cidade-porto que viña e que ven de anos atrás.

Polo tanto cando nos fixemos cargo do Goberno, unha das primeiras actuacións e un dos primeiros feitos concretos que tomou a Alcaldía foi redactar un proxecto coa Zona Franca de bordo litoral no que se tivo a valentía de poñer enriba da mesa, facer público e poñer a debate de todos os grupos políticos. Para iso creouse unha comisión do bordo litoral, unha comisión específica onde estaban representados todos os grupos políticos. Fixéronse unha serie de invitacións a representantes do porto, levouse ó Consello Económico social..., e dicir, produxose un novo debate político na cidade de Vigo que nós entendemos que era necesario polo seguinte.

Temos que retomar o resultado das eleccións municipais. A cidadanía quixo que nesta cidade non houbera maiorías para tomar decisións sen contar cos demais grupos políticos. Nós entendémolo así despois de pasar o que pasou. Creo que unha das primeiras mensaxes que se transmitiu á cidadanía cando a alcaldesa se fixo cargo deste Goberno foi que tiñamos que intentar facer cesións, facer debates, consensuar os temas e levar os proxectos adiante. E así se fixo, en tres meses e medio aproximadamente tivemos un documento sobre o que poder facer valoracións políticas. Nos últimos meses produxéronse eses debates pero iso non quere dicir que eses debates sexan única e exclusivamente nesa comisión do bordo litoral.

A Alcaldesa entende como unha das accións de Goberno e un dos seus cometidos o día a día é tamen facer paralelamente xestións ós temas que se van tratando. Pasou coa depuradora, pasou co Pazo de Congressos, co saneamento e con moitas cuestións que están en marcha e que vostedes coñecen e que non vou explicar agora mesmo. En concreto, con este tema do bordo litoral, a última semana como aquí agora mesmo acaba de manifestar tivo reunións co señor Pedrosa e co Conselleiro de Pesca.

Temas que non se trasladaron á opinión pública porque se consideraba que era necesario manter discreción, como ás veces hai que traballar. Hai que ter dúas posturas: unha mediática que os cidadáns teñen que coñecer e outra de traballo interno que se ten que facer. A Alcaldesa traballou nesa liña e tanto co presidente da Autoridade Portuaria como co Conselleiro de Pesca responsable do Porto de Vigo, volveulle solicitar os documentos necesarios para seguir traballando nesa Comisión, documentos que dunha maneira ou doutra todos directa ou indirectamente solicitamos nesa Comisión e non só nela, senón que mesmo no Consello Económico Social que tamén os representantes se manifestaron nesa dirección.

Non só iso, senón que tamén acadando a colaboración da Universidade de Vigo por boca do seu rector onde tamen están facendo estudos que poden ser interesantes para facer unha avaliación de todo o proxecto do bordo litoral.

É certo que cando chegan todos estes documentos que se lle remiten a todos vostedes, son documentos que o único que se fai é que tal cal chegan remítilas para que exista a máxima transparencia. A nós non nos parece mal que os grupos políticos á marxe desa Comisión no Pleno poidan facer as iniciativas políticas que consideren oportunas, pero tamen é certo que esas xestións por parte da alcaldesa paralelamente estanse a facer.

Polo tanto, como hoxe acaba de explicar aquí, nós o que pretendemos é que exista a máxima documentación, a máxima información para que cada un dos grupos políticos se posicione. Tamen entendendo, e eu creo que é unha mensaxe que temos que transmitir todos, que as posicións de partida que poidamos ter nun momento determinado, temos que ser o suficientemente xenerosos para, se queremos acadar un acordo, que así se produza porque senón evidentemente os traballos que levamos feitos e os que se poidan facer nos próximos meses serían baleiros e sería unha mágoa que agora que temos centrado un debate político con todos eses documentos cando cheguen, non sexamos o suficientemente xenerosos e politicamente responsables como para cada un facer as súas cesións e chegar a acordos na relación cidade porto.

Polo tanto nós imos seguir traballando nesa mesma liña de transparencia, de máxima información e que cada grupo se posicione e despois que os cidadáns xulguen a uns ou a outros, pero mentres non teñamos toda a documentación eu penso que é interesante seguir traballando. É preferible que esta reunión se prolongue no tempo pero que cada un teña as posicións claras e poidamos acadar un acordo de mínimos que loxicamente sería beneficioso para o porto, para a cidade e para todos.

Esa é a liña na que imos seguir traballando e as directrices que nos marcou a Alcaldesa ós seus colaboradores. Polo tanto dicirlles que dende a Alcaldía vaise seguir insistindo para que eses documentos cheguen e no retorno no mes de setembro comezaremos a convocar esa Comisión cos documentos que xa temos e con aqueles que se vaian incorporando. Pero tamen é certo, polo menos a min pásame a nivel persoal, que moitos datos que non tiña, nesa Comisión do bordo litoral saen á luz pública informacións que moitos de nós que levamos aquí anos non coñecemos, ou poderíamos coñecer pero non pola vía oficial. Creo que só iso xa resulta positivo para o futuro.

SR. SOTO FERREIRO: En primeiro lugar, señor Ruíz, estou de acordo co noventa e nove por cento do que dixo e iso non é contradictorio en absoluto en que para chegar a un acordo coa Autoridade Portuaria ten que pasar por onde ten que pasar, ademáis llo digo a vostedes porque o Partido Socialista ten unha tradición que aquí están a rachar. O que eu coñecía do Partido Socialista era que cando se metía nun consenso se mantiña ata as últimas consecuencias e cando non se ían e dicían o porqué. Vostedes fanno cunha

moción chegánnos así ó Pleno e sorprendéndonos a todos cando temos un acordo para estarmos nunha comisión traballando todos xuntos e non é a primeira vez que o fan e é un estilo raro, non é ó uso, non é a deontoloxía política ó uso que a algúns de vostedes non lles debe gustar nada pero a algúns nos fai mantérmonos con posibilidades de diálogo serio.

Vostede que é un xurista sabe que non soamente os por qué da Lei son importantes, son tan importantes como os cómos e se vostedes lle mandan un torpedo á liña de flotación á Autoridade Portuaria con este tipo de acordos bilaterais, evidentemente vostedes están imposibilitando o acordo.

Volvo dicir que se houbera alguna posibilidade de chegar a un acordo, que non o creo porque non o hai nesta Corporación porque a postura do BNG co porto é a mesma que tivo coa autopista de Galiza: que era unha navallada, unha desgracia..., a desgracia foi parar anos aquela autopista por esa política. Resulta que esa política é a que manteñen agora con respecto ó porto, din que é unha desgracia, que amola á cidade. Claro que nalgúns aspectos medioambientais meter unha autoestrada pode producir prexuízos, nunca hai verdades absolutas pero a verdade absoluta é que esta cidade existe fundamentalisimamente no 99% gracias ó Porto e se pretende ser unha cidade importante no futuro non é nin siquiera gracias a Citroën, é gracias ó Porto tamén. Se iso non se sabe, non se sabe que é a esencia de Vigo.

O problema non é que o BNG poida estar trabucado nun tema como pode estar o meu grupo político noutro, o grave é que arrastren ós demais cando están trabucados nunha posición e arrastraron ó Grupo Socialista e empezo a ver que están arrastrando tamén ó Partido Popular porque a algúns xa lles empeza a parecer mal o recheo. Por iso dicía xa ó principio que semella que para gobernar hai que facer de todo pero para algúns non é así de ningunha das maneiras, coído que entroutras cousas manter as palabras para que, se é posible, haxa consenso. Se vostedes votan isto hoxe aquí coidaremos roto o consenso sobre este tema e a partir daí faremos o que nos pete, xa o veremos en todo caso na próxima Corporación a ver se somos quen de arrastrar ós outros tres grupos que deben estar para defender os intereses da cidade e non politiquiñas de partido. Que vergoña de Corporación.

SR. BARROS PUENTE: Por alusións, Sra. Alcaldesa, o responsable de DPG, o compañeiro e ex alcalde, Manuel Soto, coñece perfectamente ó Partido Socialista e sabe que entre as súas tradicións tamén conta facer honra ós seus compromisos e eu prégo lle a vostede respectuosamente, porque sei que o

fai polo ben da Corporación, que retire as palabras que aluden a escisións ou cambios de estratexia en función das simpatías persoais que poida haber no seo do Partido Socialista que son perfectamente lexítimas como en todo partido democrático.

Agora ben, teñan vostedes en toda modestia a afirmación que lles fai este concelleiro quen fará absolutamente todos os esforzos para non prexudicar non só á cidade, senón para encontrar entre as relacións do Porto cos interlocutores máis importantes, neste caso o Concello, todos os esforzos precisos para que sexan en ben do interese xeral. Non temos aquí intención ningunha, ningún dos concelleiros do Grupo municipal socialista de entorpecer esas relacións ou facelas aínda máis difíciles.

Señor Soto, vostede que é un político avezado e serio, fágalle o honra ó Partido Socialista de Vigo de retirar expresións que poidan ser interpretadas como unha invitación a unha bandería que de ningún modo ninguén dos que estamos aquí imos propiciar.

SR. SOTO FERREIRO: Non sei exactamente o que dixeron porque falei con moita paixón, en todo caso xamais estivo nin está na miña intención vituperar ó Partido Socialista. Outra cousa é que poida ter desacordos nun momento determinado ou en moitos para realmente non estar consonte coas directrices ou políticas de xentes ou grupos que nun momento determinado poidan estar na dirección circunstancial do partido porque esas son circunstancias é iso é importante e tamén o sabemos todos. Se nalgún momento dalgunha das miñas palabras pódese inferir unha ofensa ó Partido Socialista déanna por non dita porque xamais pola miña parte houbo intención ese tipo de intención.

SRA. ALCALDESA: Nós pensamos que todo o que estea recollido na moción estamos a facelo pero o que abonde non dana, polo tanto imos votar.

Emendas formuladas polo Sr. Toba Girón, do Grupo municipal do BNG, durante o curso do debate:

- 1.- Demandar da Autoridade Portuaria de Vigo a remisión do Plan Estratéxico e do Plan Director de Infraestruturas do Porto.
- 2.- Reclamar da Autoridade Portuaria de Vigo efectiva resposta ó acordo do Pleno municipal do 9 de marzo de 2001 en relación co pretendido Plan de utilización dos espazos portuarios presentado pola Autoridade Portuaria o 9 de febreiro de 2001.

3.- Estudados o Plan Estratéxico e Plan Director, reiníciense os traballos de redacción do Plan de utilización dos espazos portuarios.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintedous votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Davila, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido, Toba Girón e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Demandar da Autoridade Portuaria de Vigo a remisión do Plan Estratéxico e do Plan Director de Infraestructuras do Porto.

Segundo.- Reclamar da Autoridade Portuaria de Vigo efectiva resposta ó acordo do Pleno municipal do 9 de marzo de 2001 en relación co pretendido Plan de utilización dos espazos portuarios presentado pola Autoridade Portuaria o 9 de febreiro de 2001.

Terceiro.- Estudados o Plan Estratéxico e Plan Director, reiníciense os traballos de redacción do Plan de utilización dos espazos portuarios no que se inclúan as seguintes determinacións:

- a) Os usos previstos para cada unha das diferentes zonas do porto, xustificando a necesidade ou conveniencia de tales usos, segundo criterios transparentes, obxectivos, non discriminatorios e de fomento da libre competencia na prestación dos servizos.
- b) A declaración de utilidade pública a efectos expropiatorios dos terreos sitos en Guixar ó bordo do porto ocupados por infraestrutura ferroviaria actualmente en desuso, sen prexuízo da preservación do uso ferroviario imprescindible para a conexión do porto de Vigo coa futura Plataforma Loxística de Salvaterra.
- c) O rescate das concesións que requira o desenvolvemento do plan e que non necesita estrictamente dunha ubicación próxima ós peiraos, cantiles e demais infraestrutura portuaria, nin dos servizos prestados no Porto de Vigo.

28.- (213).-MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SISTEMA DE CONTRATACIÓN DAS ACTIVIDADES E ESPECTÁCULOS DAS "FESTAS DO CRISTO DA VICTORIA 2004".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 19 de xullo de 2004, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

"En Xunta de Goberno do 12 de xullo de 2004 adxudicouse o contrato da produción integral das actividades e espectáculos das "Festas do Cristo da Victoria 2004"

O procedemento de contratación utilizado para a selección e adxudicación de contratista foi o procedemento negociado sen publicidade.

Sen prexuízo de que se trate da práctica da contratación usada con certa habitualidade, non parece admisible para aqueles casos nos que as contratacións obedecen a necesidades de carácter periódico e habitual, como e a celebración das Festas do Cristo.

A contratación utilizando o sistema negociado e sen publicidade ten o seu sentido exclusivamente para aqueles casos nos que a urxencia non permita outra fórmula e sempre que se xustifique.

Polo todo o anterior, propónse ó Pleno o seguinte acordo:

Que non se utilice o procedemento negociado sen publicidade naquelas contratacións que revistan o carácter de habituais e periódicas."

A Comisión informativa de Xestión Municipal, na súa sesión do 19 de xullo de 2004, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Se ben se relaciona na moción presentada única e exclusivamente a adxudicación do contrato correspondente á produción integral das actividades e espectáculos das Festas do Cristo da Victoria do 2004 realmente a intencionalidade desta moción vai un pouco máis alá. Gustaríame que poideramos acadar entre todos unha certa reflexión sobre a utilización de determinados procedementos contractuais, en concreto o procedemento negociado e o negociado sen publicidade, dado que en determinadas situacións se remata convertindo no proceso de adxudicación habitual.

É certo que en cada un deses expedientes onde se empregou ese procedemento e neste exemplo en concreto tamen, a urxencia que é a base sobre a que se permite digamos que empregar eses procedementos extraordinarios e non o ordinario, está xustificada e sobre todo naquelas partes que afectan á publicidade ou á publicidade restrinxida que nos leva a pedir ofertas pero non a concursar, e a concursar a traves de anuncios en medios públicos, coido que hai unha pregunta que nos deberíamos facer todos e coido que nalgún momento, senón ó mellor dentro desta sala nos pasillos, entre nós facémonola e os funcionarios da Casa tamén, se realmente esas urxencias se

corresponden con auténticos feitos imprevisibles ou se a resposta a esa pregunta non é un feito imprevisible senón unha falla de planificación.

O procedemento habitual en contratacións sobre todo en materia de subministracións e asistencias debera ser o concurso e o concurso con publicidade, esa é a pauta que nos marca a norma. Evidentemente poden existir supostos de urxencia, a propia norma contempla aqueles supostos nos que a urxencia pode ser causa para acceder a procedementos extraordinarios. Agora ben, coido que debemos seguir mantendo esa pregunta e darlle resposta ¿realmente empregamos procedementos de urxencia en supostos que se corresponden a situacións imprevisibles ou realmente o que acaece é que a nosa falla de previsión en feitos certos e coñecidos con anterioridade, como pode ser a celebración das Festas do Cristo da Victoria, lévanos a empregar procedementos indebidamente? Coido que é algo onde única e exclusivamente un pequeno esforzo por parte de todos nós na planificación deses eventos que se traslade a eses procesos de contratación nos van evitar por unha parte incorrer en calquera momento en irregularidades, e en concreto mesmo atopei unha sentenza onde se anula un proceso de contratación precisamente por empregar un sistema destas características para o alumeamento nas Festas do Nadal. Coido que é outro exemplo onde todos os anos estamos levando a termo a mesma contratación.

Así mesmo estamos introducíndonos tamén nun perigoso camiño de falla de transparencia onde ó mellor non estamos dando a posibilidade de que todas as empresas deses sectores poidan participar, estámoslle impedindo ó Concello poder acceder mesmo a mellores supostos de contratación que os que acontecen ó estaren empregando procedementos moito máis restrinxidos na súa publicidade e nos seus prazos.

Polo tanto me gustaría que entre todos fixeramos unha reflexión sobre este tema, algo que coido que esta aí aínda que ó mellor non falemos en público diso e se inste para que non se volvan empregar estes procedementos agás naqueles supostos nos que efectivamente trala urxencia exista un auténtico feito imprevisible.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Graña, coido que entendo a súa intención e estou totalmente de acordo con ela pero como cita vostede as festas digo, para que outras terceiras persoas non se confundan, que a redacción do acordo é perfecta e non hai máis volta que lle dar, pero no parágrafo de motivos como se fala das festas hai dous temas que hai que separar por que son

actividades habituais e periódicas, como vostede ben cita no acordo, que aí si que se ten que producir, como vostede ben pide, a necesaria obxectividade, do mellor xeito posible, con publicidade, con tempo, facendo concursos, etc, e outra cousa é nas festas a contratación de artistas de atraccións concretas, que xa sei que non está na súa moción pero o digo para que quede claro, para que non se vaia confundir a xente que nos poida escoitar ou ler, e quero dicirlle que os que estivemos no Goberno ou podemos estar sabemos a quen se vai contratar e non é obxecto de ningún concurso, senón que realmente hai un interese cultural, social ou de distinto tipo nalgunhas contratacións que están á marxe disto que moi ben pide vostede, e dígoo coas súas palabras, que é nos aspectos que revistan carácter de habituais e periódicas, eses aspectos si que deben estar tratados como vostedes piden.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Vou estenderme un pouco en xustificar e explicar todo o tema da contratación desta produción integral. A produción integral das Festas de Vigo de verán é un dos aspectos máis importantes organizativamente falando e realízase a través da redacción dunhas bases técnicas complexas que deben incluír todo aquilo necesario para responder ás necesidades de infraestructuras, equipamentos, valados, escenarios, estruturas viarias, camerinos, equipos de son e luces, cadeiras de persoal auxiliar de organización, carga e descarga, seguridade, electricistas, persoal de mantemento, porteiros, catering e limpeza de instalacións en todas e cada unha das actividades e espectáculos que se programen. Trátase de cumprir coas obrigas contractuais asumidas polo Concello de Vigo nos contratos cos artistas que en caso de non se cumprir podería supoñer consecuencias legais negativas para a administración.

É certo que o programa de festas é algo periódico habitual porque festas hai todos os anos, pero tamen é certo que o que non é periódico e habitual son as necesidades xa que a programación non se repite e os seus contidos varían de ano en ano, isto leva a que as bases non se poidan redactar ata que a programación se peche definitivamente, cousa que non ocorre ata finais de maio ou principios de xuño. Por suposto sería ilegal que a programación estivera lista con anterioridade pero iso iría en contra dos propios intereses da administración xa que a xira dalgúns artistas máis importantes non se define ata ben entrado o mes de maio, sobre todo no referente a artistas internacionais polo que habería que renunciar a eles.

Ademáis debemos ter en conta que o programa de festas non só se financia a traves de recursos municipais, senón tamén a través de aportacións de empresas privadas que poden chegar a supoñer como nesta mesma edición perto de trescentos cincuenta mil euros. A importancia desta aportación privada condiciona as posibilidades de contratación e de definición da programación polo que, ata que non se peche as xestión con estas empresas, non se coñece a dispoñibilidade orzamentaria real coa que contamos.

Por este motivo a redacción das bases técnicas está supeditada á programación concreta que se realice xa que resulta imprescindible coñecer as necesidades específicas de cada un dos espectáculos e actividades. En caso das redactar antes entraríamos coa necesidade de realizar posteriormente numerosos expedientes de gasto maior incorrendo ademáis en división do expediente para atender a todas aquelas cuestións que non se incluíron nas bases porque se coñecen con posterioridade.

Debemos ter en conta que sobre todo os artistas internacionais adoitan tardar en enviar os detalles técnicos definitivos, pero non só iso vou poñer o exemplo dun artista que ven o día 7 de agosto, David Bisbal; supuxo que polas condicións físicas do auditorio de Castrelos se tivese que realizar unha adecuación técnica de todo o seu espectáculo único para toda a súa xira por España con múltiples variacións que levou dous meses acadar pechar cos seus responsables de montaxe.

En definitiva, cada actividade ou espectáculo ten unhas necesidades concretas que supoñen unha variación importante das bases técnicas que, como por exemplo, nos espectáculos programados no auditorio de Castrelos, difiren enormemente nas súas condicións técnicas. Obviamente o número de espectáculos a programar no auditorio é un dato vital para a redacción das bases técnicas, así como a súa extensión temporal, non é o mesmo dez concertos en quince días que separados ó longo dun mes xa que a presenza de persoal no recinto por bases é constante durante todo o período de programación.

A complexidade da montaxe que traia o artista require un número maior ou menor de persoal de carga e descarga e mantemento así como de horas de traballo. Se o espectáculo leva ou non cadeiras supón unha contratación ou non de tres mil cadeiras, así como a instalación dunha estrutura para persoas de mobilidade reducida en caso de que non as leve. O catering de cada artista é totalmente diferente, a tipoloxía de público que acudirá ó concerto supedita cuestións como o número de persoas de seguridade, de

porteiros, de instalación de valado antipánico ou non. O número de camerinos a empregar ou persoal que necesitan e a limpeza dos mesmos varía segundo o número de artistas que participe no espectáculo.

A programación que non é en Castrelos, senón noutras prazas da cidade está supeditada pola súa duración, situación temporal e polos seus contidos. O aluguer do escenario está supeditado a coñecer as semanas concretas de programación xa que a coincidencia ou non de diversos ciclos condiciona a necesidade de instalar un ou máis escenarios ó mesmo tempo. O mesmo ocorre respecto ós equipos de son e luces necesarios para o teatro, o teatro infantil e os espectáculos musicais. O aluguer de cadeiras é unha partida importante que depende da tipoloxía dos espectáculos. A programación en prazas precisa de camerinos eventuais e baños químicos que variarán segundo o número de días que se programe.

En resume, todo o exposto, a redacción de bases técnicas de contratación de produción integral das festas está supeditada imprescindiblemente ó coñecemento da programación concreta que se vai realizar e conleva unha relación complexa de necesidades de carácter técnico a diversos niveis: infraestructuras, persoal, catering, que variarán segundo a tipoloxía do espectáculo, do público, da súa duración, etc.

Unha programación como o programa de festas da cidade de Vigo con trinta e seis días continuados de actividades que inclúe teatro para adultos, infantil, parques de animación, ciclos de bandas, de corais, concertos musicais en prazas, exposicións e grandes concertos no auditorio de Castrelos supón unhas bases técnicas de elevada complexidade. O sistema de contratación empregado polo tanto nestes anos, non este último ano, senón todos os anos anteriores (dende o ano 92-93) é o negociado con invitación a empresas que é o único que ademais de estar xustificado legalmente dende o punto de vista técnico polo anteriormente exposto e de acordo coa Lei do Texto Refundido de contratación con administracións públicas poida respostar a todas as necesidades do programa e ós compromisos legais adquiridos polo Concello nos distintos contratos firmados cos artistas.

Por último gustaríame dicir que o Concello de Vigo é o único de Galiza e dos poucos de España que conta cunhas bases técnicas similares a estas e que realiza unha petición de ofertas a empresas para a produción dos espectáculos. O expediente ademais ten todos os informes favorables dos técnicos de Festas, do xefe de Réxime interior, do xefe de negociado de Contratación, do xefe de servizo de Secretaría Xeral e da interventora.

Cumpre os requisitos da Lei de contratos das administracións públicas e como esixen os dictámenes do Consello de Estado reiterados nesta materia xustifícase caso por caso.

Neste tema quero dicir que eu son sinxelamente un epígono que sigo os pasos de outros xa que dende hai moitos anos se segue este procedemento, non foron só concelleiros do PP, senón tamén do BNG e doo PSOE os que seguiron este procedemento negociado con publicidade; o ano pasado gobernando tamén o PSOE seguiuse tamén este procedemento.

A aprobación da moción pola urxencia coa que se xestiona este contrato impediría ou dificultaría a celebración das festas e por iso a propia lexislación contempla esta modalidade de contratación. Por iso teremos que votar en contra desta moción agás que desvinculemos a moción da contratación da produción integral de festas que polo que eu coido e que expliquei, xustifícase que se faga a través dun procedemento negociado sen publicidade.

SRA. GRAÑA BARCIA: Síntoo pero lamentablemente coido que quedan cousas por dicir. Non era dende logo a nosa intención entrar no desenvolvemento do proceso de adxudicación en concreto das Festas deste ano pero dada a exposición coido que é inevitable canto menos facer unhas pequenas precisións sobre todo por se valen para que as cousas poidan cambiar no sentido de mellorar.

O obxecto dese contrato, e nese sentido tamén como contestación ó que manifestou o compañeiro Soto, non é a contratación cos artistas que vaian intervir nos espectáculos, senón que digamos que é un pouco a base, a infraestrutura para a celebración deses eventos, en concreto dotazón de instalacións, prestación de servizos auxiliares, prestación de servizos de cátering, limpeza de instalacións e servizo de bares e kioscos. Dende a miña humilde opinión coifo que poden existir outras fórmulas de contratación que compatibilicen o feito de que necesites meses para contratar artistas con que este contrato se someta a un proceso de concurso como por exemplo en vez de empregar un prezo certo se poden empregar prezos unitarios por cada unha das actividades que se vaian desenvolver e por tanto logo, unha vez que se concrete quen vai ser o artista e qué servizos vai empregar, o único que se teña que facer é aplicar os prezos daquel co que se teña contratado.

Coido que poden existir outros sistemas e proba efectivamente de que este é un proceso que se veu empregando habitualmente é que nos últimos anos foi o procedemento negociado sen publicidade onde nos atopamos con situacións coido que tristes para o Concello porque ¿cántas ofertas se solicitan? Tres, ¿cántas se presentan? Unha. Seguente ano, ¿cántas se solicitan? Tres. ¿Cántas se presentan? Dúas. Último ano, onde efectivamente lle correspondía a responsabilidade ós que neste momento intervimos, ¿cántas se solicitan? Cinco (algunha máis), ¿cántas se presentan? Tres, posiblemente porque se solicitou algunha máis e, coincidencia, o adxudicatario sempre resulta a mesma empresa. Coido que este tipo de situacións se poden mellorar empregando outros procedementos.

Esa é a formulación da moción e non entrar en debater exactamente a adxudicación dese contrato, senón que única e exclusivamente se utilice ese procedemento naquelas situacións realmente urxentes e non que se correspondan con necesidades periódicas. Ó mellor é necesario estudar cómo podemos facer determinadas contratacións en supostos concretos, pois estudiémolo entre todos. Esa era a pretensión: que se reflexione e que se busquen alternativas.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Proponse aquí o tema dos prezos unitarios, pois é complicadísimo. Poño un exemplo: Facemos por cada actividade un prezo unitario de pianos e poñemos dez pianos, pero un artista quere outro piano como pasa agora mesmo cun pianista que veu e que hai que lle buscar o piano non sei onde porque senon non actúa, no seu contrato pon ademais ese piano e no prego de condicións non aparece ese piano, ¿qué facemos, un contrato menor?, outro instrumento que non se contempla en todos os prezos unitarios, ou unha modalidade dese instrumento que non apareza, teríamos que desglosar o obxecto do contrato infinitas veces. O tema do piano é un exemplo porque agás que poñamos todas as marcas do mundo, que ó mellor non as coñecemos, ou apareza un novo modelo. Non é fácil, sería o máis cómodo e ogallá se poidera facer así porque se repetía todos os anos e facíase, pero o máis complexo é facer isto. É bastante máis cómodo pero entón nos atoparíamos con que teríamos desglosado o obxecto do contrato e aparecerían en troques dun contrato cincuenta ou sesenta contratos menores.

No tema das adxudicacións destes últimos anos é certo que se adxudica á mesma empresa pero tamén o é que é a que presentou mellores ofertas e hai que ter en conta que o tema da infraestrutura que se require para estas

festas é moi importante, a infraestrutura nalgúns casos levouse hai algúns anos por algunha empresa que trouxo como seguridade contratada a Protección civil de Ourense. Hai que ter en conta que informan sempre os técnicos e que a empresa á que lle adxudicou isto é a mesma que nos últimos anos o realizou e non tivo practicamente queixas porque outras empresas que se presentaron nin lles daban garantías ós técnicos de que ían poder executar o contrato de acordo co que se lle requirira e nalgún caso houbo bastantes queixas mesmo o ano pasado dalgunha que levará a execución dun contrato.

SR. TOBA GIRON: Con brevidade para definir a posición de noso Grupo. Nós queremos entender a moción presentada pola señora Graña, polo Grupo socialista, en termos xeneralistas de que hai formas de contratación que deben ser as usuais, as habituais e que as outras teñen carácter de excepcionalidade. Entendemos esa redacción así deixando de lado a exposición de motivos, non moi acertada non só á vista das explicacións dadas polo concelleiro de Cultura, senón tamén á vista da nosa propia experiencia.

Agora ben, independentemente dese desacerto na exposición de motivos, coincidimos en que hai formas de contratación que por ir por fase concursal, pola necesaria publicidade externa a todas as empresas que se queiran presentar, reclaman con todo dereito para si aquela categoría de máis abertas, máis transparentes e polo tanto dende o noso punto de vista débese proceder nese sentido sempre evidentemente sen estigmatizar unha vía de contratación como é a vía negociada que nalguns casos se mostra, e por experiencia o digo, desesperadamente necesaria tal é este o caso. Pero queremos entender a parte resolutiva, non a expositiva da señora Graña como unha boa intención nas boas prácticas de contratación e nese sentido apoiarémola.

SRA. ALCALDESA: Quero clarexar que a moción é sobre as Festas do Cristo da Victoria.

SR. TOBA GIRÓN: Se me permíte, dame a impresión de que as Festas son o motivo inicial dunha proposta que ó noso Grupo lle semella máis xenérica e nese sentido nós si estamos de acordo con esa perspectiva.

SRA. GRAÑA BARCIA: O acordo que se solicita a través da moción é que non se empregue o procedemento negociado sen publicidade naquelas contratacións que revistan o carácter de habituais e periódicas, é unha solicitude xenérica e dende logo a miña primeira intervención foi nese sentido á marxe de que efectivamente se parta do suposto de que é o que acaeceu en concreto na contratación das festas deste ano.

Interpreto que a proposta é unha proposta de tipo xenérico, á marxe de que nos antecedentes se poña un exemplo sobre o que logo se chegue a esa proposta.

SR. FIGUEROA VILA: Dá a sensación de que os procedementos que estamos a facer non son correctos e entón nós coma Goberno rexeitamos calquera tipo de cuestión que se poida formular dende ese punto de vista, é máis, se vostedes analizan as adxudicacións das festas que se fan verán que ningún dos adxudicatarios estean próximos a nós, porque semella que dá esa sensación.

Nós rexeitamos politicamente calquera posicionamento que se poida entender baixo ese punto de vista e se queremos entrar no fondo do tema tamen entramos porque eu sei de que vai istom, ó mellor o señor López-Chaves menos, pero eu sei de que vai.

SRA. GRAÑA BARCIA: Non sei se me expliquei correctamente ó inicio e pode ser que non o fixera con suficiente claridade. Partín da base da validez do procedemento e de que a urxenza para a contratación estaba xustificada no mesmo. Outra cousa é solicitar de todos nós que reflexionemos e que busquemos fórmulas para evitar o ter que recorrer a procedementos de urxencia cando realmente nos atopamos ante acontecementos que se producen dunha maneira habitual. É máis, dende aquí e por parte do grupo municipal existe un ofrecemento, en concreto ó concelleiro de Festas ou no seu caso ó de Contratación aínda que hoxe non estea presente, para estudar calquera outro tipo de proceso que nos poida permitir utilizar outras vías onde poidan existir posibilidades de máis empresas e unha maior publicidade. Iso non quere dicir que o que se está facendo estea mal, sinxelamente que se pode facer doutra maneira que pode beneficiar ós intereses do Concello.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Eu soamente quero dicir que o procedemento sen publicidade se usará naqueles casos nos que se poida e nos demais non sei,

empregarase o procedemento de concurso, é dicir, non é que digamos que fagamos por concurso o que non se fai agora por concurso, só se fai polo procedemento negociado porque é necesario porque como dicía o Sr. Figueroa semella que non se están sacando a concurso os contratos, coido que se sacan a concurso e neste caso en concreto se ve ademáis, a propia concelleira recoñeceuno, que hai que o sacar a través dun procedemento negociado, eu non sei que máis procedementos se haberán sacado por procedemento negociado que haia que sacar. Se é habitual e periódico non se poderá sacar a través de procedemento negociado e neste caso aínda que é habitual e periódica a festa o que non é habitual e periódico é a actividade propia da festa, o contido e as obrigas que asuma o Concello por iso coido que dicir que saquemos a concurso o que legalmente haia que sacar coido que é unha mera recomendación e os propios técnicos e servizos xurídicos do Concello non admitirían outra posibilidade.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinte e catro membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, sobre sistema de contratación das actividades e espectáculos das Festas do Cristo da Victoria, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO, SOBRE A SITUACIÓN DO CENTRO "HOY POR MAÑANA".

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 26 de xullo de 2004, a concelleira do Grupo municipal do BNG Sra. Méndez Piñeiro, formula a seguinte moción:

"O centro "Hoy por mañana" inaugurouse no ano 2002 para cubrir as necesidades educativas, de rehabilitación e de integración dos nenos/as afectados por parálise cerebral ou patoloxías afíns, nun edificio cedido por este Concello no que tamén se instalou unha ludoteca que presta servizo ós nenos/as do Calvario e onde os afectados de parálise realizan a súa integración.

Ate agora os recursos materiais e humanos sostíñanse a través de subvencións recibidas da Xunta de Galicia, Deputación, Concello e varias entidades sociais privadas.

Recentemente tivemos noticia a través da "Asociación de pais de nenos afectados por parálise cerebral Hoy por Mañana", que por parte da Consellería de Educación se lle denegou a subvención para o concerto educativo de 2 unidades de educación especial plurideficiente, para nenos/as de entre 0 e 6 anos, alegando que "as necesidades de escolarización no Concello de Vigo estaban suficientemente cubertas, o que non xustificaría o incremento de gasto público".

Actualmente a nosa cidade conta con varios centros públicos que imparten educación especial en aulas adaptadas para tal fin e nos que polo xeral un/unha profesor de educación especial é a persoa encargada da aula, onde polo común os recursos materiais son insuficientes e a ratio profesor/alumno non se adecúa ós requirimentos dos nenos/as con discapacidades psíquicas, motrices e/ou sensoriais. As necesidades dos afectados por parálise cerebral difiren das doutras patoloxías, sendo maiores os requirimentos de material adaptado, fisioterapia, logopedia, psicomotricidade, etc.

Ate o de agora cremos que quedou de manifesto a necesidade dun centro destas características en Vigo e non tería sentido condealo ó peche perdéndose así a posibilidade de lle dar continuidade ó seu labor e ós recursos ate agora investidos.

Por isto propoñemos ó Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar á Xunta de Galiza a manter as subvencións e concertos necesarios para que poida seguir desenvolvendo o seu labor o centro "Hoy por mañana".

2.- Instar á Xunta de Galiza que se dote ós centros públicos desta cidade nos que se imparte educación especial, dos recursos materiais e humanos suficientes para atender ás necesidades dos nenos afectados de discapacidades físicas, psíquicas e sensoriais.

(No momento das votacións están ausentes o Sr. Comesaña Abalde e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime

xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: O centro "Hoy por mañana", como sabe toda a Corporación, inaugurouse no ano 2002 para cubrir as necesidades educativas de rehabilitación e de integración dos nenos e nenas afectados por parálise cerebral ou patoloxías afíns, nun edificio cedido por este Concello no que aproveitando a situación instalou unha ludoteca que presta servizo ós nenos do Calvario e onde os afectados de parálise realizan a súa integración. A ludoteca fíxose dende este Concello a través da Concellería de Xuventude daquela.

Ate agora, como todos saben e a Sra. Presidenta seguro que máis que moitos, os recursos materiais e humanos sostíñanse a través de subvencións recibidas da Xunta de Galiza, Deputación, Concello e varias entidades sociais privadas.

Recentemente tivemos novas a través da "Asociación de pais de nenos afectados por parálise cerebral Hoy por Mañana", que por parte da Consellería de Educación denegóuselle a subvención para o concerto educativo de 2 unidades de educación especial plurideficiente para nenos e nenas de entre 0 e 6 anos, alegando que "as necesidades de escolarización no Concello de Vigo estaban suficientemente cubertas o que non xustificaría o incremento de gasto público".

Actualmente a nosa cidade conta con varios centros públicos, tres en concreto que son o 6 do Nadal, Fontefría e outro colexio máis, nos que existen aulas adaptadas para tal fin e nos que polo xeral existe un profesor ou profesora de educación especial encargada da aula. O ratio profesor/alumno non se adecua xeralmente ós requirimentos dos nenos e nenas con discapacidades físicas, psíquicas ou sensoriais. As necesidades dos nenos e nenas afectados por parálise cerebral difiren doutras patoloxías sendo en moitísimos casos maiores os requirimentos tanto de material adaptado, como de fisioterapia, logopedia e psicomotricidade.

Ate o de agora cremos que quedou de manifesto a necesidade dun centro destas características en Vigo, e non tería sentido condenalo ó peche perdéndose así a posibilidade de lle dar continuidade ó seu labor e os recursos ate o de agora investidos.

Lembrar que dende o Presidente da Xunta, ata a Conselleira de Asuntos Sociais, actual Presidenta deste Concello, traballaron por este centro e non tería sentido que este centro agora de pechase.

Lembrar tamén que moitos centros privados que neste momento están concertados, están levándose os cartos da Consellería de Educación da Xunta de Galiza, ás veces con menos necesidade que este.

A seguir a Sra. Méndez Piñeiro procede a ler o texto da parte dispositiva da moción.

A PRESIDENCIA: Hai un rogo que penso que se pode assimilar a esta moción.

SR. SOTO FERREIRO: Efectivamente vou facer desaparecer o meu rogo porque era para pedir a mediación da Sra. Alcaldesa para solucionar o problema de "Hoy por mañana". Paréceme oportuna a moción aínda que a min pareceume que a cuestión podía ser vía petición da Alcaldesa, pero se o Pleno así o decide e na miña opinión debe, mellor.

En canto ás explicacións dadas pola Sra. Méndez en todo caso me permitiría suxerirlle, e se acepta ben e se non eu en todo caso vou votar a favor, incluír na petición de axudas á Deputación Provincial que tamén me parece que debe ter algo que dicir en temas coma este.

Se non o cre oportuno coido que como está vai ben e votaremos a favor.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Perfectamente, estou de acordo con vostede.

SRA. SÍO LOURIDO: Dende o Grupo municipal Socialista tamén queremos expresar o noso apoio a esta moción. En canto á cuestión da Deputación si pode facer aportacións, que de feito as fai, para este centro o que penso é que debería amplialas porque non só é un centro que está en Vigo, senón que é único en Galicia na idade infantil que cubre.

A PRESIDENCIA: Realmente coido que son dos temas distintos; estamos de acordo cos dous e si lembrar que me tocou a min facer esa cesión a "Hoy por mañana" e logo o seguimento da traxectoria dese centro dende a Dirección Xeral, dende a Consellería e tamén a mediación con outras administracións para que fose unha realidade.

Non pode correr ningún risco por iso tanto que se cumpra a Lei de Educación nos centros integrados que é o que ten que facer, como que este centro

require un convenio específico que é o que estou mediando neste intre coa Xunta de Galicia. Xa lembrou a concelleira que a Deputación está aportando unha cantidade importante de cartos a este centro.

Imos votar a favor e pensamos que é imprescindible para o traballo que se está a desenvolver na cidade.

Emenda formulada polo voceiro de DPG, Sr. Soto Ferreiro, durante o curso do debate:

Incluir na petición de axudas á Deputación Provincial de Pontevedra.

Vótase a moción xuntamente coa emenda proposta polo Sr. Soto Ferreiro.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galiza a manter as subvencións e concertos necesarios para que poida seguir desenvolvendo o seu labor o centro "Hoy por mañana".

Segundo.- Instar á Xunta de Galiza e á Deputación Provincial que se dote ós centros públicos desta cidade nos que se imparte educación especial, dos recursos materiais e humanos suficientes para atender ás necesidades dos nenos afectados de discapacidades físicas, psíquicas e sensoriais.

B.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE SOBRE A SITUACIÓN NA QUE SE ATOPAN OS EX TRABALLADORES DE ALVAREZ.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 26 de xullo de 2004, a concelleira do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Porteiro García, formula a seguinte moción:

"A situación na que quedaron os ex-traballadores do Grupo de Empresas Álvarez tras da liquidación do mesmo está a ser insostible para un colectivo de homes e mulleres que traballaron arreo pola que foi un referente da industria local na segunda metade do século pasado.

Nestes intres estáanse facendo xestións ante o Goberno Central para conseguir a xubilación anticipada daqueles ex-traballadores que teñen cotizado máis de 35 anos e a semana pasada o Goberno Central conseguiu

recuperar as axudas concedidas pola Unión Europea para constituir un fondo de pensións.

No entanto é preciso que se arbitren medidas paliativas por parte da administración que ten competencias para elo, é dicir, a Xunta de Galicia.

Xa que logo, proponse ós grupos políticos presentes na Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Que a Alcaldesa de Vigo, no nome de toda a Corporación Municipal, asuma o papel de mediación eficaz e imprescindible perante a Xunta de Galicia para procurar solucións que permitan ó colectivo de ex-traballadores de Álvarez transitar ata a solución definitiva dos seus problemas.

2º.- Que polos departamentos de Servizos Sociais deste Concello se faga un estudo sobre as posibilidades de intervención do Concello para axudar a este colectivo e que se arbitren as medidas precisas para levalo a cabo."

INTERVENCIÓN DO SR. PÉREZ MARIÑO: Para xustificar a urxencia. O pasado venres atopámonos en Castrelos ós traballadores de Álvarez no acto do día de Galiza, hoxe tamén aquí e coido que é un tema do que temos que falar, é difícil omitilo e xa nos podemos contentar con que se foran mediado o Pleno. Hai que tomar algunha postura, se é que se pode tomar, e iso é o que queremos presentar na moción. Daí a urxencia que cremos que ten.

(No momento da votación da urxencia está ausente o Sr. Comesaña Abalde).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SRA. PORTEIRO GARCÍA: Gracias por aceptar a urxencia desta iniciativa que de maneira moi sinxela o único que pretende é ter o apoio de toda a Corporación para as xestións que se están a facer e que se terán que seguir facendo en relación a resolver a situación crítica na que están a vivir algúns dos que foron traballadores do Grupo de Empresas Alvarez.

Na exposición de motivos cóntanse as xestións que se están a facer perante o Goberno central para acadar a xubilación anticipada das persoas que cotizaran máis de trinta e cinco anos e lembramos que, dentro deste esforzo que se está a facer, o Goberno Central conseguiu recuperar as axudas que concedera a Unión Europea e que logo retirara para constituir un fondo de pensións.

Malia todo, en tanto isto se normalice completamente hai algúnha situación de grave emerxencia social nalgún dos traballadores ou traballadores deste colectivo que requiriría a intervención da administración que ten competencias para isto que é a Xunta de Galiza, por iso propoñemos á Corporación que entre todos sumemos a nosa voz para que a Alcaldesa de Vigo, no nome de todos nós, asuma o papel de mediación eficaz e imprescindible perante a Xunta de Galicia para procurar solucións que lles permitan a esas persoas en situación de emerxencia social, transitar ata a solución definitiva deses problemas. Tamén suxerimos e pedimos que polos departamentos de Servicios Sociais deste Concello se faga un estudo sobre as posibilidades de intervención deste Concello para axudar a este colectivo e que se arbitren as medidas precisas para o levar a cabo.

SR. SOTO FERREIRO: Só me preocupa desta moción unha cousa que vou dicir moi clara e vou dicir tamén por qué non falei no tema da urxencia e é que se puidera entender, que me consta coñecendo á Sra. Porteiro que non é iso, que puidera ser causa-efecto polo feito de vir aquí a montar unha liorta e que iso puidera producir calquera tipo de acordo municipal, cousa que puidera ser presumiblemente perigosa no futuro sobre todo para os que non estamos de acordo con ningún tipo de liorta.

Dito isto, polo que eu teño entendido e escoitado, hai casos de auténtica emerxencia social e por tanto si que é procedente o tratamento da moción e por iso votamos a favor da urxencia.

Xa entrando no fondo do tema, pouco máis podo engadir para a xustificar. En todo caso lin que a propia Sra. Porteiro é quen está a facer xestións para que o Goberno de España axude na mellor maneira posible a resolver este problema e só merece felicitacións públicas por ese traballo.

Pero se ben é certo que nos debemos coma Corporación nos dirixir á Xunta de Galiza nos termos que ela expresa, non é menos certo, e malia as súas actividades e xestións que eu agradezo e o dixen publicamente, que en todo caso debера haber unha parte resolutiva na que se lle pida ó Goberno

Central o que vostede máis ou menos di no parágrafo segundo. Un dos temas claves que eses traballadores me comentaron é o das xubilacións anticipadas que é de competencia do Goberno Central que vostede comentou de pasada e que cita na moción.

Se non lle parece oportuno non o tratamos, pero se acepta podemos incluír un parágrafo no acordo de nos dirixir ó Goberno de España para que traballe nesa dirección pareceríame doado e oportuno.

SR. PÉREZ CASTRILLO: Antes de nada dicir que nós rexeitamos a interrupción do Pleno que houbo ó principio e, por se alguén non o sabe, este grupo que interrompeu o Pleno non é representativo da maioría do cadro de persoal de Alvarez. É un grupo que se chama GOC que sistematicamente e durante anos irrompenos Plenos para insultar ós corporativos sen pedir nada. Quero que quede patente que a posición do grupo municipal do BNG, que sempre foi de defensa dos traballadores de Alvarez, mesmo da continuidade da súa produción cando podía facelo, nada ten que ver con esta censura que non sabemos por qué razóns se dedica a vir curiosamente só ós Plenos do Concello insultar ós corporativos.

Dito isto celebramos a iniciativa do Grupo Socialista en canto a buscar que o Concello participe nas xestións para que as prexubilacións para aqueles traballadores e traballadoras de máis de 35 anos de servizos laborais poidan conseguirse; subscribimos tamén a proposta do Sr. Soto no sentido de que a Alcaldía, á parte de facer xestións diante da Xunta de Galiza, o lóxico tamén sería que tivera esa mesma iniciativa diante do Ministerio do Traballo.

Gustaríanos engadir un punto no que, precisamente polo que comentei ó principio, dixera algo semellante a isto: En calquera iniciativa ou xestión municipal o Concello manterá a interlocución e información con todas as organizacións sindicais representativas do cadro de persoal de GEA. Xa digo que moitas veces non son os que máis insultan os que máis representatividade teñen nos traballadores de GEA.

SR. FIGUEROA VILA: Por parte da Alcaldía fixéronse as xestións dende o primeiro mes da toma de posesión. A Alcaldesa tivo unha xuntanza con este colectivo e fixéronse xestións perante a Xunta de Galiza o que pasa é que hai impedimentos claramente legais e as peticións que eles fan son claramente imposibles, a Lei non o permite.

Coido que tamén teríamos que falar un pouco do fondo do tema. Este Concello deulles en xeral ós traballadores de Alvarez todo o que quixeron e aí están as probas, mesmo con críticas por parte dalgún sector da cidadanía. Coido que este é un colectivo específico moi concreto que non quere entrar dentro do acordo, mesmo nas conversas que tivemos cos propios sindicatos miramos que este grupo se desmarcou e non quere atender a ningún tipo de razonamento, nin a posturas concretas e coherentes.

Traballar así ante un grupo que reivindica unha serie de cuestións cando se podería ver favorecido pero non quere entrar evidentemente é moi difícil porque se nos pon en situación de pedir cousas que son totalmente imposibles de satisfacer por parte da administración, pónennos ante un imposible e traballar así xa se sabe cal é a conclusión.

Dende este Concello fixéronse exencións do lixo xa no anterior goberno, mesmo coido que se fixo un tratamento individual de cada unha das persoas deste colectivo e todos miramos para outro lado e coido que hai que o dicir. Se hai que volver facer outro esforzo por parte do Concello, farémolo pero que saibamos todos que este colectivo non quere entrar dentro das negociacións nin dentro dos acordos xerais e traballar así é difícil.

Á marxe diso temos que seguir traballando para tentar ver qué posibilidades lles podemos dar e tentar buscar un acordo pero que saibamos que cando se traballa con imposibles vai ser moi difícil e isto hai que o deixar claro para que non se malinterprete ou se pense que porque se toma este acordo se lles vai facilitar todo o que solicitan.

Hai un acordo cos sindicatos, o Concello fixo todo o que tiña que facer e máis co Grupo de Empresas Alvarez. Coido que se hai un precedente nesta cidade de colaboración cun colectivo e cuns traballadores é ese e demostrámolo todos. Moitas veces cando chegaban os papeis ós Plenos e tomabamos acordos, mirabamos para outro lado porque se tivesemos que actuar con coherencia moitos dos temas que hoxe están en marcha non sairían.

Paréceme ben como unha vontade política de tentar buscar unha solución pero saibamos que a situación é a que é e non vaíamos buscar interpretacións nin oportunismos políticos porque se poden volver contra todos nós e o que hoxe se fixo aquí levámolo sufrindo catro ou cinco anos e o curioso do tema é que o voceiro que hai tres anos estaba aquí hoxe non está e, Sr. Soto, eu sei moi ben o que digo porque o voceiro de hai tres anos nestes momentos chegou a un acordo e non está. Coido que hai persoas que se desmarcaron deste tema, pero é igual, sen entrar en cuestións puntuais a nós o que nos

interesa é o tema de fondo e este é que tentemos buscar vías no Concello a través dos Servizos Sociais, ver se algún ten unha situación complicada, se hai que voltar outra vez á exención de impostos. Valorémolo pero coidado porque nesta cidade hai moitos colectivos que nos poden poñer ante unha situación difícil.

Coido que a vontade política a temos todos pero por parte deles teñen que ser comprensivos e dentro deses acordos marcos que hai todos sabemos que hai un conflito que xurdiu entre os propios traballadores e que xerou a situación social que agora mesmo temos. Estas cousas hai que as dicir aínda que ó mellor non poidan ser politicamente correctas pero senón igual dentro de dous meses estamos outra vez coa mesma situación e que o que agora acordemos ou as decisións que tomemos non servan absolutamente para nada.

A PRESIDENCIA: Só puntualizar que o venres á noite en Castrelos se achegou a min un representante que me pediu que mediase cun director xeral da Xunta de Galiza e eu ofrecínme a facelo. Quero deixar claro que o que non se pode tolerar neste Pleno é o insulto e o berro e nesa liña nos imos manter.

Existe un Regulamento de Participación Cidadá que está a disposición de todos os colectivos e cidadáns e que se pode utilizar. De todos os xeitos coido que quedou clara a postura.

SR. SOTO FERREIRO: Eu pediríalle ó Sr. Pérez Castrillo que a última engádegala suprima porque non ten nada que ver co acordo e pódenos meter noutro tipo de discusións.

Déixenme dicirlles que os individuos, xa non digo os colectivos pequenos, teñen dereito a demandar cousas desta Corporación, por pequenos que sexan e aínda que non estean de acordo con algúns partidos ou sindicatos. Nese sentido deberamos ser fríos pero nalgún sentido.

Dixen sempre que nin estiven, nin estou, nin estarei de acordo en que se interrompan os Plenos, menos aínda que se insulte a ningún corporativo nin nada polo estilo. A desesperación dalgunhas persoas nunca xustifica as súas actuacións pero as explica e esa tamén é a comprensión que estamos a ter todos para tentar chegar a algún acordo.

Se hai esas desesperacións persoais que explican algunhas actitudes humanas, a nós paréceme que se nos pide que deamos “unha talla” por riba dese tipo de situacións e que sexamos quen de ir ó miolo do problema social que algúns individuos están a sufrir.

O Sr. Figueroa di con razón que mañá poden vir outros colectivos; pois xa anticipo que como haxa persoas que teñan problemas graves a nivel persoal a Lei tamén permite algunhas fórmulas de tratamento, de excepcionalidade, de moratorias, etc., unha serie de cousas que se poden e se deben utilizar a favor dos que realmente teñan problemas graves.

Paréceme que a moción da Sra. Porteiro é impecable e nese sentido deberemos votala sen buscar outro tipo de xuízos. Teñen razón todos vostedes en que fixemos esforzos pero non deixa de ser certo tamén que algunhas persoas están metidas nunha penuria económica e social dura como consecuencia dun proceso de GEA non moi encomiable e dígoo para todos os que teñan intervido na historia, refírome ós gobernos, etc.; non é como para botar foguetes.

Insisto coido que deberíamos adicarnos máis a tentar solucionarlle os problemas maila inxustiza dos seus insultos que existe e a min non me importa dicilo e ogallá que nunca máis suceda neste Pleno.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Soto, coa última parte da súa intervención coincidimos absolutamente todos. Ogallá puidesemos resolver a nivel persoal todas as situacións que teñen esas familias. A nivel humano ninguén o cuestiona absolutamente porque se non fose así esta moción tería que ser tratada doutro xeito distinto por tanto, recollendo as verbas do Sr. Soto penso que coincidimos os vinteseite membros da Corporación sen ningún tipo de dúbida.

Pero tamen hai que coñecer os antecedentes que tamén se formular e polo que sexa este grupo se desmarcou dos acordos con sindicatos e cos demais semella que o Concello amolou a este colectivo e non, o Concello deu todos os medios, puxo todas as facilidades enriba da mesa pero, por cuestións nas que non imos entrar, entre eles tiveron un conflito social ou laboral e este grupo desmarcouse.

Evidentemente coa segunda parte estamos de acordo e por iso imos votar a moción.

SR. PEREZ CASTRILLO: Para clarexar a nosa proposta de que calquera iniciativa municipal se informe a todos os representantes do cadro de persoal, é porque entendemos que en todo cadro de persoal haberá xente interesada por emerxencia social en recibir información das posibilidades que o Concello teña.

Por exemplo sería bo que cada quen remitira unha lista desas hipotéticas persoas que están en emerxencia social. Algo que por exemplo eu cando era Alcalde llo propuxen a unha das persoas que berraban hoxe no Pleno e nunca mo trouxeron. A estas alturas eu tamén estou disposto ó dicir. Os Servizos Sociais do Concello sempre estiveron a prol de resolver calquera situación de emerxencia na medida das súas posibilidades e coido que deben seguer estando e débese facilitar por parte da representación de todo o cadro de persoal de Álvarez a aquelas persoas que estean nesa emerxencia social e hai que procurar que esa representación efectivamente nos diga qué persoas son esas, así evitaremos desesperacións e situacións desagradables.

SRA. PORTEIRO GARCIA: Antes de nada gracias por ter claro todos os compañeiros da Corporación que non move esta moción ningún tipo de aprobación tácita ou explícita de disturbios nesta sala e a continuación propoñer coas engádegas suxeridas que o acordo, á parte dos dous puntos xa lidos, quedase cun terceiro punto que diría: "Dirixírmonos ó Goberno Central para que froitifiquen as xestións que se levan a cabo perante o Ministerio de Traballo a fin de procurar a xubilación anticipada daquelas persoas que reunan as condicións axeitadas".

E cuarto: "O Concello manterá a interlocución con todos os sindicatos e organizacións representativas dos extraballadores de GEA".

Entendemos que con estas dúas engádegas se recolle o aquí aportado e agradecemos o espírito de todos.

Emenda formulada polo Sr. Soto Ferreiro, de DPG, durante o curso do debate:

Dirixírmonos ó Goberno Central para que froitifiquen as xestións que se levan a cabo perante o Ministerio de Traballo a fin de procurar a xubilación anticipada daquelas persoas que reunan as condicións axeitadas.

Emenda formulada polo Sr. Pérez Castrillo, do BNG, durante o curso do debate:

O Concello manterá interlocución con todos os sindicatos e organizacións representativas dos extraballadores do Grupo de Empresas Álvarez.

Vótase a moción da Sra. Porteiro García xuntamente coas emendas formuladas polos Sres. Soto Ferreiro e Pérez Castrillo.

(No momento da votación están ausentes o Sr. Comosaña Abalde e a Sra. Méndez Piñeiro).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro. - Que a Alcaldesa de Vigo, no nome de toda a Corporación Municipal, asuma o papel de mediación eficaz e imprescindible perante a Xunta de Galicia para procurar solucións que permitan ó colectivo de extraballadores de Álvarez transitar ata a solución definitiva dos seus problemas.

Segundo. - Que polos departamentos de Servizos Sociais deste Concello se faga un estudo sobre as posibilidades de intervención do Concello para axudar a este colectivo e que se arbitren as medidas precisas para levalo a cabo.

Terceiro. - Dirixírmonos ó Goberno Central para que froitifiquen as xestións que se levan a cabo perante o Ministerio de Traballo a fin de procurar a xubilación anticipada daquelas persoas que reunan as condicións axeitadas.

Cuarto. - O Concello manterá interlocución con todos os sindicatos e organizacións representativas dos extraballadores do Grupo de Empresas Álvarez.

29.- (214).- ROGOS E PREGUNTAS.

- DO SR. PEREZ CASTRILLO SOBRE RESULTADO DAS XESTIÓNS DA ALCALDÍA NO MINISTERIO DE FOMENTO.

INTERVENCIÓN DO SR. PÉREZ CASTRILLO: Sra. Alcaldesa a min hai cousas que non me parecen de recibo. Non me parece de recibo que o Grupo Popular envíe ó Pleno da Corporación unha moción urxente para reclamar unha entrevista urxente co Ministerio de Fomento, pida o apoio da Corporación para esa entrevista e para todas aquelas infraestructuras que necesita a cidade; non me parece de recibo que o Consello Económico e Social sexa convocado para recibir o apoio explícito a Alcaldía-Presidencia e que unha vez realizada a

entrevista non se teña a mínima delicadeza política de informar ós voceiros ou de convocar ó Consello Económico e Social.

Remitínlle hai 18 días un escrito pedíndolle que logo da súa xuntanza co Secretario de Infraestructuras fixera unha convocatoria dun Pleno Extraordinario e a convocatoria do CES, podía vostede optar por xuntar á Xunta de Voceiros ou como quixera para nos informar.

A única información que ten este Grupo desa entrevista é o resultado dunha rolda de prensa que me parece moi pouco rigoroso cando se está a falar de hipotéticas conversas que se manteñen co Ministerio de Fomento sobre o futuro das infraestructuras da cidade.

Polo tanto rógoille que cando menos convoque ó Consello Económico e Social e informe dos resultados desa entrevista.

A PRESIDENCIA: Clarexar que o Consello Económico e Social ten que ser convocado pero estabamos pendentes de poñer unha data porque nun tema tan trascendente como é o AVE temos o compromiso de que van vir explicar cal pode ser a alternativa. Por iso non se convocou para que esa información fose con todos os datos, mesmo a posibilidade de que alguén dentro do seo do Consello Económico e Social o explique. Ese é o compromiso que existe.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás catorce horas e trinta minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.